


PRÓLOGO MANUEL MARÍA DE ARTAZA  
TRADUCCIÓN ISABEL GONZÁLEZ



NICOLÁS  
MAQUIAVELO  
O PRÍNCIPE

FUNDACIÓN BBVA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O PRÍNCIPE

CLÁSICOS DO  
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 1

---

Comité Científico

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ  
*Facultade de Filosofía*

LUIS CONCHEIRO CARRO  
*Facultade de Medicina*

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ  
*Facultade de Ciencias Políticas*

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ  
*Facultade de Filoloxía*

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ  
*Facultade de Farmacia*

PRÓLOGO MANUEL MARÍA DE ARTAZA  
TRADUCCIÓN ISABEL GONZÁLEZ

# NICOLÁS MAQUIAVELO O PRÍNCIPE

FUNDACIÓN BBVA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN  
Universidade de Santiago de Compostela, 2002  
Fundación BBVA, 2002

DISEÑO DA COLECCIÓN  
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN  
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA  
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2022.34>

# ÍNDICE

- 9      PRÓLOGO  
por Manuel M<sup>a</sup> de Artaza
- 9      Maquiavelo, o “mestre do mal”
- 12     Unha Italia fragmentada e asoballada
- 19     A paz de Lodi, un equilibrio inestable
- 22     O secretario Maquiavelo
- 25     Ó servicio da República (1498-1512)
- 28     O pensador político (1513-1527)
- 35     A mensaxe de *O Príncipe*
- 64     Conclusión: un realista utópico
- 
- 73     O PRÍNCIPE  
Traducción de Isabel González
- 75     Nota da traductora



## Maquiavelo, o “mestre do mal”

Se existe un autor maldito dentro da historia da Teoría Política, sen dúbida ese é Nicolás Maquiavelo. Non en van, as palabras maquiavélico, maquiavelista ou maquiavelismo son utilizadas a cotío polos falantes das principais linguas europeas para definir un comportamento humano perverso, xa que significan actuar con astucia, dobrez ou perfidia. Aínda máis, non hai maior descualificación moral cá de ser chamado Maquiavelo. De feito, trátase dun escritor condenado pola Igrexa católica, pero tamén polo protestantismo e por un sennúmero de moralistas, tratadistas políticos e gobernantes dende hai case cinco séculos. “Preceptor de tiranos”, “ministro de Satanás” ou “mestre do mal” son algúns dos títulos que ratifican a dureza do veredicto emitido contra o seu pensamento. Agora ben, se buscámo-la orixe de tanto desprezo, atoparémolos con que, basicamente, foi –e segue a ser– consecuencia da divulgación dunha soa obra: *O Príncipe*, un pequeno libro redactado en 1513 e publicado en 1532, trala súa morte (1527). Sen embargo, ese breve ensaio, logo de escandaliza-la maioría dos contemporáneos, suscitou unha serie de reflexións e debates sobre a súa mensaxe, a política e o modo dos gobernantes de chegar ó poder e de mantelo que aínda hoxe continúan. Deste xeito, examinado xeración tras xeración, *O Príncipe* converteuse nun clásico e nun dos títulos máis lidos ou, alomenos, coñecidos polo público medianamente instruído de cultura occidental.

Por outra banda, se ben a reprobación maioritaria que o considerou un manual de déspotas comezou antes da súa chegada



ó prelo —é dicir, xa na fase de difusión como copia manuscrita— e na mesma cidade do autor, Florencia, tamén na capital toscana xurdiu unha visión contraria e certamente maquiavélica: a dun Maquiavelo republicano, valedor da liberdade, que buscou amosa-los segredos do exercicio do poder principesco para levanta-la indignación popular e precipita-la caída do réxime tiránico dos Medici, os amos do goberno florentino por aquelas datas. Tal é o parecer transmitido polo cardeal inglés Pole (1500-1558), un dos máis firmes detractores do escritor florentino, logo dunha estadía na cidade do Arno, segundo o cal Maquiavelo declarara esa intención. Co paso do tempo, a devandita opinión foi mantida nos anos finais do *Cinquecento* polos autores italianos Giovanni Matteo Toscano (*Peplus Italiae*, 1578) e Alberico Gentili (*De legationibus libre tres*, 1585)<sup>1</sup>, mentres que nos seguintes séculos chegou o recoñecemento dese papel de campión da liberdade por parte doutros escritores europeos tan prestixiosos como Spinoza (*Tractatus politicus*, 1677), Pierre Bayle (*Dictionnaire historique et critique*, 1702), ou Diderot (*Encyclopédie*, 1765). Esta imaxe acadou unha sanción decisiva e unha ampla divulgación a través do célebre *Contrato social* de Rousseau (1762), onde é chamado “o libro dos republicanos”, pois, so pretexto de lles dar leccións ós reis, o tratadista florentino desenmascaraba o seu proceder despótico.

O veredicto da fala común parece amosar que tal interpretación non obtivo tanto éxito como a condenatoria, pero o certo é que a lectura positiva do tratado foi gañando adeptos dende finais do século XVIII. En consecuencia, non só se ten visto nel

<sup>1</sup> DONALDSON, Peter S., *Machiavelli and Mystery of State*, New York, 1988, p. 10; e p. 52. Sobre a interpretación de Maquiavelo como defensor da liberdade e a república, véxase tamén VIROLI, Maurizio, *Machiavelli*, Oxford, 1998, pp. 114-115. “En 1534 era corrente en la propia Florencia el rumor de que Maquiavelo decía haber escrito *El Príncipe* para engañar a los Médicis con unos consejos que los habrían arruinado, rumor que en su misma falsedad es un índice de la opinión”. BUTTERFIELD, Herbert, *Maquiavelo y el arte de gobernar*, Buenos Aires, 1965, p. 97.

un contido maléfico (belicista, anticristián ou protofascista). Algúns estudiosos descubriron un pioneiro das ciencias sociais; o fundador da Ciencia Política moderna, entendida como un saber do poder alleo á moral (opinión aínda moi estendida); o pai da Teoría do Estado, ou ben o primeiro sociólogo do coñecemento. Ademais, a partir do *Risorgimento*, Maquiavelo obtivo a honra de ser considerado un gran patriota, o profeta da unidade italiana rematada en 1870<sup>2</sup>.

En suma, como amosa unha considerable bibliografía que non para de medrar, a eséxese de *O Príncipe* non está cerrada. Este libro continúa a presentar problemas de indubidable interese para o home contemporáneo: o uso do mal para loitar contra o mal e acadar un ben (salva-la comunidade); os métodos dos gobernantes para conseguir e mante-lo poder; a soidade do home, forxador do seu destino en loita contra a fortuna; a necesidade de adaptarse ás circunstancias para conseguilo éxito; a maldade dos homes; a condena da tiranía... De aí as continuas reedicións do texto e a persistencia do seu estudio en universidades e centros de investigación. Precisamente, malia a dificultade da empresa, hai varias décadas que dende o ámbito académico se está a tentar unha aproximación máis obxectiva a través dos valores e dos problemas da súa época. Desta forma, situándoo no seu contexto histórico e lingüístico, podemos hoxe comprender mellor este “opúsculo” (así o chamaba Maquiavelo). Mais, sobre todo, xa que non é posible establecérmola interpretación definitiva, podemos evitar boa parte das contaminacións, interesadas ou inxenuas, que tanto teñen distorsionado a imaxe do pensador florentino e o sentido da súa obra. Tendo en conta, pois, esta perspectiva, tentaremos darlle ó lector as claves para aproximarse a un escrito redactado nunha realidade distinta e distante, coa cal, a pesar de

<sup>2</sup> Sobre a interpretación positiva da obra e o seu autor dende o ángulo do Estado nacional en Italia e Alemaña, véxase CONDE, Francisco Javier, *El saber político en Maquiavelo*, Madrid, 1978 (1948), pp. 18-20.

ompartirmos inquedanzas, non témo-la familiaridade que se ten apuntado con frecuencia. Lembrémo-lo vello proverbio árabe: “os fillos parécense máis ó seu tempo cá seus pais”. Consecuentemente, comezarémo-lo noso estudio preliminar achegándonos ó mundo do Renacemento italiano e ó home que escribiu o controvertido opúsculo. Despois entraremos na súa análise. Será máis doado.

## Unha Italia fragmentada e asoballada


Ai serva Italia, morada de dor,  
nave sen piloto en gran tempestade,  
*non señora de provincias, senón bordel*

Dante Alighieri, *A Divina Comedia*.

*Se Maquiavelo fose maquiavélico, no canto do seu infamado libro de O Príncipe escribiría un libro composto de sentencias conmovedoras sobre a bondade do home en xeral e a do Príncipe en particular. En realidade, Maquiavelo estaba á defensiva, do mesmo xeito que a súa patria, Italia, estaba entón exposta ás invasións de alemáns, franceses, españois e turcos.*

Carl Schmitt, *O concepto da política*

Nicolás Maquiavelo veu ó mundo o 3 de maio do ano 1469 na cidade de Florencia. Daquela, a capital toscana rexía unha das cinco potencias que controlaban a península italiana, cinco potencias que mantiñan unha tensa paz entre si despois dunha longa loita pola supremacía nun espacio fragmentado en multitude de pequenos estados. Así, o ducado de Milán, a república de Florencia, a república de Venecia, os Estados Pontificios e o reino de Nápoles, segundo se di no capítulo XI de *O Príncipe*, compartían por esas datas dúas preocupacións básicas: evita-la entrada dun poder estranxeiro en Italia e mante-lo *statu quo* entre elas. Parece, entón, oportuno coñecer estes actores centrais do libro de Maquiavelo antes de nos aproximar a eles a través da súa pluma.



A Italia do Renacemento: principais divisións políticas.

Pois ben, no norte, na zona máis rica, urbanizada e densamente poboada da península, as grandes cidades-estado de Florencia, Milán e Venecia foron ampliando dende o século XII os seus dominios a través da conquista doutras cidades e dos seus territorios dependentes (*contadi*) ata convertérense no XV en capitais de poderosos *estados rexionais*. Naturalmente, estes agregados territoriais constituídos pola forza eran inestables. Por exemplo, Pisa, a saída ó mar de Florencia, caeu nas mans da devandita potencia en 1406, pero protagonizou a fins do mesmo século XV (1494) unha prolongada rebelión que non rematou ata 1509. Sen embargo, a carón deses *estados rexionais* dirixidos por importantes centros bancarios, manufatureiros e comerciais –entre os cales non podemos esquecer a Xénova–, existían señores feudais laicos e eclesiásticos, como o duque de Savoia ou o bispo de Trento. Débese, así, ter en conta a presenza señorial e a súa influencia, moitas veces minusvalorada polos historiadores, abraiados polo mundo urbano e os seus dirixentes. De feito, Milán abrangía un bo número de pequenos estados feudais dotados dunha autonomía importante.

En segundo lugar, debemos lembra-la vinculación do norte de Italia co Sacro Imperio Romano-Xermánico, pois malia o fracaso dos emperadores Hohenstauffen na suxeición das comunas cidadás e da consecuente independencia da que gozaron na práctica dende mediados do século XIII, o Imperio seguiu condicionando a vida política italiana. *O Príncipe* tamén dá testemuño disto, pero antes, os títulos de duques e marqueses outorgados polos emperadores –case sempre xenerosamente pagados– serviron para consagra-la autoridade de certas familias sobre Milán (Visconti), Mantua (Gonzaga), Ferrara (Este) ou Verona (della Scala), e logo da morte de Maquiavelo, dos Medici en Florencia (duques dende 1532). Desta maneira, os señores deses estados (*signori*) convertíanse en príncipes e obtiñan formalmente a lexitimidade para exercer un poder usurpado ós

seus respectivos pobos. Así culminaba un longo proceso iniciado nos últimos anos do século XIII; un proceso polo cal os gobernos republicanos de moitas cidades-estado foron paulatinamente substituídos por outros de carácter persoal máis ou menos despótico. En canto ás orixes do fenómeno, atópanse nas divisións político-sociais das comunas, causa de loitas sangrentas entre os seus cidadáns. Para resolvelas e restablece-la paz nomeáronse figuras arbitrais –a miúdo foráneas– dotadas de plenos poderes (os *podestà*). Noutros casos, o conflito remataba coa chegada ó poder dun líder local apoiado por un sector da comunidade (o *capitano del popolo*). En definitiva, o pobo urbano aceptaba conferirlle provisionalmente o goberno a un só home co obxecto de solucionar unha crise. Pero, claro, a tentación dun mando absoluto levou a moitos dirixentes temporais a aproveita-la ocasión para racha-lo compromiso e converterse en *signori* e, máis tarde, trala obtención dun título do Imperio, en príncipes. Agora ben, a nova condición principesca non lle fixo esquecer á maioría dos cidadáns convertidos en súbditos o acceso espurio do señor ó poder. É isto –a falta de cohesión entre o dirixente e a comunidade– determinou a inestable situación política de boa parte dos estados italianos do norte<sup>3</sup>.

Por outra banda, as repúblicas de Venecia e Florencia devirán co paso do tempo en réximes oligárquicos sen un mínimo asomo de participación popular, se ben, mentres que a


<sup>3</sup> Como advertiu Jacob BURCKHARDT, o fundamento do poder era ilexítimo, seguiu a ser ilexítimo e “diríase que pesa sobre él una maldición que no es posible conjurar por ningún medio. Ni aprobaciones ni investiduras imperiales cambian este estado de cosas, pues el pueblo no da importancia ninguna al hecho de que sus monarcas se compren en lejanas tierras un pedazo de pergamino o se lo hagan ceder por un viajero de tierras extrañas. Si los emperadores hubieran servido para algo no habrían permitido que se entronizaran los déspotas... Así pensaba, con lógica elemental, el hombre de la calle. Desde la expedición de Carlos IV habían sancionado los emperadores el régimen de tiranía que, sin su intervención, había surgido en Italia, aunque no fueron capaces de garantizarlo con nada más que con documentos.” *La cultura del Renacimiento en Italia*, Barcelona, 1947, p. 20. Este problema da ilexitimidade do poder do príncipe novo e a consecuente inestabilidade do seu dominio será un dos problemas centrais que tratará de resolver Maquiavelo no seu “opúsculo”.

*Serenísima* se constituía nun réxime de ampla base aristocrática, en Florencia o nome de república agochaba dende 1434 a dirección política efectiva dunha familia de banqueiros: os Medici, que con Cosimo o Vello chegaban ó poder logo de imporse ós Albizzi. Con todo, nin Cosimo nin os seus herdeiros, segundo temos visto, tiveron ningún título nobiliario ata 1532, e limitáronse a manipular-lo sistema republicano dende a sombra no seu beneficio. Eran, pois, príncipes *de facto*.

No centro da península italiana achábase outra das cinco grandes potencias en discordia: o Estado ou, mellor dito, os Estados Pontificios, un conflictivo conxunto de cidades, feudos laicos e territorios eclesiásticos baixo a soberanía do Papa, quen dende Roma intentaba impo-la súa discutida autoridade, unha empresa levada a cabo con particular empeño a fins do século XV e comezos do XVI por Alexandre VI, o célebre Papa Borgia, aínda que en beneficio do seu fillo César. Por mor desta vontade de dominio temporal dos sucesores de san Pedro, como xa acontecera no pasado, os Estados Pontificios representaban o principal obstáculo para unha posible unidade da península itálica baixo un só poder (príncipe ou república). Nin Maquiavelo nin os máis avisados observadores políticos da época pasaron por alto o problema<sup>4</sup>.


Por último, no sur, situábase o grande reino de Nápoles (*il Regno*), o Reino por antonomasia, vinculado ó Papa por lazos de vasalaxe. Este amplo espacio territorial era o máis pobre, rural e menos densamente poboado da península, aínda que non debemos esquece-la importancia da capital que lle daba nome ó *Regno*, pois Nápoles era un dos grandes centros urbanos do Renacemento. De tódolos xeitos, no *Regno* o protagonismo político correspondíalles ós seus turbulentos baróns.

<sup>4</sup> *Discorsi sopra la Prima Deca di Tito Livio*, Lib. 1º, 12, "Di quanta importanza sia tenere conto della religione, e come la Italia, per esserne mancata mediante la Chiesa romana, è rovinata." MACHIAVELLI, N., *Opere* (ed. Corrado VIVANTI), Torino, 1997.



O Norte de Italia a mediados do século XV. Fonte: Denys Hay e John Law, *Italy in the Age of the Renaissance, 1380-1350*, New York, 1989, p. 355.





A expansão de Florencia. Fonte: Denys Hay e John Law, *Italy in the Age of the Renaissance, 1380-1350*. New York, 1989, p. 357.


No pasado, Nápoles e mais Sicilia integraron un só dominio, o chamado *Reino das Dúas Sicilias*, unidade que rematou a finais do século XIII, cando os sicilianos se alzaron en armas contra a tiranía do seu gobernante francés, Carlos de Anjou, e pasaron a converterse en súbditos da dinastía do rei de Aragón. Precisamente outro monarca aragonés, Afonso V o Magnánimo, terminou expulsando os Anjou de Nápoles en 1442 e a partir de 1443 reinou alí como Afonso I. Non obstante, napolitanos e sicilianos pronto deixaron de estar gobernados polo mesmo señor e dende 1494 reabriuse a disputa entre franceses e aragoneses –agora unidos ós casteláns– polo Reino. O conflito cerrouse en 1503 a favor de Fernando o Católico, logo das vitorias de Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán, en Ceriñola e Garellano. Como advertirá o lector, Fernando o Católico é un dos personaxes destacados de *O Príncipe*, posto que é considerado, malia a súa condición de lexítimo herdeiro do trono aragonés, un *príncipe novo* –segundo veremos, o tema central do “opúsculo”–, pois “pola súa fama e gloria” pasou de rei débil a “se-lo primeiro da Cristiandade” (cap. XXI).

### **A paz de Lodi, un equilibrio inestable**

En 1450, o capitán de mercenarios ou condottiero (*condottiere*) Francisco Sforza fíxose co goberno do ducado de Milán. Remataba así a desafortunada experiencia republicana que seguiu á morte do último duque Visconti, ó servizo do cal batallou Sforza e de quen recibiu a man da súa filla Bianca Maria. Neste caso, a fortuna, sumada a un comportamento astuto e á forza, levaron o caudillo mercenario ó trono ducal. Pero o éxito deste soldado de fortuna foi considerado por Venecia e por Afonso V de Nápoles como unha usurpación, como unha ofensa ós demais príncipes italianos, e iniciaron as hostilidades contra Francisco co apoio de Monferrato, de Savoia e do emperador. Nembargantes, polo que temos visto, en Italia a cuestión

da lexitimidade principesca era un tema delicado. Violencia ou engano, cando non ámbolos dous, foron os métodos máis comúns empregados polos *signori* para chegar ó poder. En consecuencia, finalmente considerouse mellor a orde imposta no milanesado polo condotiero cá situación anárquica previa da chamada república Ambrosiana. Por outra banda, o conflito ameazaba con propicia-la entrada na península dos franceses, un perigo certo engadido a outro máis próximo e temible: o dos turcos, que en 1453 tomaran Constantinopla. Así as cousas, os esforzos do Papa Nicolás V, xunto coa necesidade de paz para os venecianos –agora en primeira liña fronte ó imperio turco–, remataron nun acordo entre Venecia e Milán asinado o 9 de abril de 1454 en Lodi, tratado ó cal terminaron adheríndose as demais potencias. Deste xeito, máis aló dunha paz, Lodi significou a constitución dun sistema de equilibrio entre Milán, Venecia, Florencia, Roma e Nápoles; un equilibrio garantido coa creación dunha *Liga*, bendicida polo Papa, para afasta-lo rei de Francia da península e combate-lo perigo turco.

O equilibrio de Lodi mantívose mal que ben arredor duns vintecinco anos, pero as hostilidades terminaron estalando de forma xeneralizada a comezos dos anos oitenta, e xa a principios dos noventa a situación estaba madura para o éxito das ambicións do rei Carlos VIII de Francia: a conquista de Nápoles, onde unha rebelión baronial lles deu pulo ós seus anceios, fundados na condición de herdeiro dos Anjou. Sen embargo, daquela foi o señor de Milán, Ludovico Sforza, chamado *il Moro*, quen deu a ocasión para a entrada do monarca francés, pois Ludovico tiña usurpado o poder ducal do seu sobriño Giangaleazzo, e para combate-la ameaza deste e dos seus aliados napolitanos non dubidou en se dirixir a Carlos VIII. Desta maneira, en 1494, o novo Ciro profetizado polo prior dominico do convento florentino de San Marcos, frei Girolamo Savonarola, atravesaba os Alpes con 40.000 soldados para castiga-la impiedade dos italianos.



Savonarola predicando

Tras unha grandiosa acollida en Milán, a marcha dos exércitos do rei Cristianísimo para Nápoles foi un paseo militar que, logo dunha breve estada en Florencia, culminou coa súa entrada na capital do Reino no mes de febreiro de 1495. Mais o doado triunfo foi efémero, xa que ben cedo se constituíu unha Liga das potencias italianas, agás Florencia, na cal participaron os Reis Católicos, o emperador e mesmo Ludovico Sforza, para botar da península o invasor. Carlos tivo entón que abandonar a nova posesión napolitana, pero o seu sucesor, Luís XII, non tardou en voltar a Italia (1499) –esta vez da man dos venecianos– e a primeira vítima da súa campaña foi o imprudente e desleal Ludovico il Moro.

Por último, e para rematar esta apertada síntese sobre o marco político xeral no que comezaría a desenvolver Maquiavelo a súa actividade pública, podemos dicir que a partir de 1499 os vellos temores que tentou conxurar Lodi se verificaron, e coa toma de Milán abriuse un novo período de guerras no que españois e franceses se disputaron o dominio sobre

a península italiana. O resultado final foi a imposición da hexemonía española, aceptada en 1559 por Henrique II de Valois na paz do Cateau-Cambrésis.

## **O secretario Maquiavelo**

Polo que atinxe a Florencia, a invasión francesa de 1494 provocou a caída de Piero de Medici e a substitución do falso réxime republicano mediceo por unha auténtica república máis aberta á participación popular<sup>5</sup>. Unha república fortemente influída polo citado frei Girolamo Savonarola, quen viu entón recoñecida a súa calidade de profeta de Deus. Por outra banda este “profeta desarmado” –dicía Maquiavelo– do cambio clausurou un momento cultural de esplendor: o da chamada Ilustración florentina. En efecto, obsesionado coa purificación espiritual dos habitantes da cidade do Arno –segundo o freire, corrompidos polos Medici e a súa paixón polo humanismo e os goces terreaís– desatou unha febre de rigorismo relixioso que sumiu os florentinos nun clima de austeridade e fanatismo, cometéndose diversos excesos por parte dos seus seguidores, os “choróns” (*piagnoni*). Entre eles destacou a queima pública de obras de arte, libros, espellos, naipes, dados e cantos obxectos se tiñan por daniños para a salvación das almas. En pouco tempo os comerciantes de Florencia propagaron por toda Europa o nome de Savonarola e a súa mensaxe, na que a reforma da Igrexa ocupaba un lugar central. E precisamente esa inqueda purificadora, traducida en duras críticas cara ó comportamento impío do Papa Alexandre e da Curia, sumada ó prexuízo que para moitos homes de negocios florentinos significaba o

<sup>5</sup> Sobre o réxime político de Florencia e os seus cambios dende 1494, continúan a ser un bo resumo as páxinas dedicadas ó tema por Felix GILBERT en *Machiavelli e Guicciardini*, Torino, 1970 (Princeton, 1965), pp. 17 e ss. Unha máis breve síntese posta ó día sobre a evolución da república florentina ata 1530, en HAY, Denys e LAW, John, *Italy in the Age of the Renaissance*, London, 1996, pp. 248-260.

réxime de austeridade establecido, provocou a caída e a morte do profeta. Así, logo da excomuñón fulminada por Alexandre VI, os opositores internos lograron desmentir a súa conexión coa divindade, prendelo e enviálo ó patíbulo o 23 de maio de 1498. Despois de aforcado, o cadáver de Savonarola foi queimado publicamente na praza da Señoría e as súas cinzas aventadas polo río Arno. Uns días máis tarde (o 19 de xuño), un mozo sen experiencia política e contrario ó crego axustizado era nomeado secretario da república e xefe da segunda chancelería. Ese mozo era Nicolás Maquiavelo, *Niccolò Machiavelli* para os italianos.

O secretario, que chegaba a penas cumpridos os vintenove anos á chancelería, era un home de mediana estatura, delgado, “branco como a neve”, pero de cabeza pequena que semellaba “veludo negro”, e no seu osudo rostro, baixo unha fronte alta, brillaban dous ollos vivísimos que, xunto coa boca de finos beizos –“serrada”–, lle daban o aspecto de estar a rir con ironía. O célebre retrato pintado por Santi di Tito amósanos mellor que ningún outro esa inquietante mirada de intelixencia. E de feito, foi o enxeño do segundo chanceler o que compensou nos primeiros momentos a súa inexperiencia na administración pública. Os superiores recoñecérono de contado pola dilixencia coa que desenvolvía as súas funcións, e tampouco os seus subordinados tardaron en consideralo “sabio e prudente”. Ademais, tratábase dun xefe alegre e desenfadado, sempre disposto a face-lo comentario agudo ou a contar algunha anécdota picante para ledicia dos presentes.

Con todo, o Nicolás Maquiavelo que chegaba á segunda chancelería non era, como algúns historiadores pretenden, un cidadán escuro e sen unha titulación axeitada para o cargo. Segundo sabemos, os devanceiros de *Niccolò* (forma toscana do nome italiano Nicola) eran señores de Montespertoli, e dende o século XIII varios membros da *Maclavellorum familia* ocuparan altos cargos no goberno da república de Florencia. Non obstante, a rama do noso autor foi a menos, polo cal, aínda que non

pobre, nunca puido vivir con desaforo. *Austera* pode se-la mellor definición da vida de *Niccolò* e dos seus, pois, malia o prestixioso título de doutor en Dereito, o pai, Bernardo Machiavelli, non foi un avogado de éxito e os modestos bens fundiarios de Sant'Andrea in Percussina, a diminuta aldea onde Maquiavelo escribiría *O Príncipe*, non proporcionaban ingresos de importancia. En calquera caso, Bernardo era un humanista que participou na intensa vida cultural florentina e lle deu ó segundo dos seus catro fillos –dous varóns e dúas femias– unha educación que lle permitiu domina-lo latín e a retórica, a arte de falar e escribir ben, de argumentar correctamente e de persuadir, segundo terá o lector a oportunidade de comprobar cando chegue ás páxinas do texto que presentamos. Ademais, Maquiavelo coñeceu os historiadores e pensadores políticos clásicos (Platón, Aristóteles, Xenofonte, Tucídides, Polibio, Cicerón, Tácito...), leu os grandes da literatura italiana (Dante, Petrarca, Boccaccio) e beneficiouse dunha selecta biblioteca paterna, onde entrou a Historia de Roma de Tito Livio que daría lugar á súa obra de teoría política máis ambiciosa: os *Discursos sobre a segunda década de Tito Livio*. Por outra banda, se ben non pasou dun coñecemento rudimentario do grego, participou das vantaxes da difusión da cultura helénica en Florencia, un centro relevante daquela cultura cando gobernaba Lourenzo de Medici (1469-1492), coñecido como o Magnífico; e parece certo que completou a súa formación asistindo ás leccións de prestixiosos mestres do humanismo<sup>6</sup>.

<sup>6</sup> Se o pensamento de Maquiavelo aínda está suxeito a controversia, tamén acontece o propio coa súa biografía. Entre as diversas obras publicadas, considérase a máis completa e obxectiva a de Roberto RIDOLFI, titulada *Vita di Niccolò Machiavelli*, Firenze, Sansoni, 1978 (Roma, 1954). Baseada fundamentalmente nela, Maurizio Viroli, un estudioso da teoría política do secretario florentino, publicou hai pouco unha amena e áxil biografía titulada *La sonrisa de Maquiavelo* (Barcelona, 2000), aínda que ás veces amosa demasiada simpatía polo personaxe e a súa interpretación sitúao como alicerce dunha discutida tradición republicana de pensamento político. Véxase ó respecto “Norberto Bobbio – Maurizio Viroli. Diálogo sobre la República”, *Revista de libros*, núm. 40, pp. 40-47. Sobre o papel central de Maquiavelo no devandito pensamento republicano, véxase BÉJAR, Helena, *El corazón de la república*, Barcelona, 2000, pp. 37 e ss.

En suma, todo apunta a que os estudos do novo secretario florentino foron semellantes ós de boa parte da elite local, e como resultado desa educación humanista “fíxose consciente de si, do seu posto no mundo e na historia”<sup>7</sup>. Certamente non era, segundo a tradición da chancelería, un letrado, mais tampouco un burócrata atípico, xa que temos constancia da entrada doutros humanistas nesas dependencias administrativas<sup>8</sup>.

### **Ó servicio da república (1498-1512)**

A Chancelería era o departamento administrativo que se ocupaba da política exterior, dirixida pola Señoría –órgano Colexiado supremo do goberno da república– e polo poderoso Consello dos Dez, encargado das negociacións diplomáticas e das operacións militares. Teoricamente, o primeiro chanceler, o xefe da Chancelería, tiña que atender as relacións co estranxeiro, mentres que o segundo chanceler supervisaba os negocios dos dominios florentinos; pero esta división non funcionaba na práctica e as responsabilidades deses ministros solapábanse. En todo caso, o posterior nomeamento de Maquiavelo como secretario do Consello dos Dez o 14 de xullo, permitiulle saír axiña do *Palazzo Vecchio* (sede dos poderes de Florencia), e durante os quince anos que serviu o réxime republicano desenvolveu máis de corenta misións dentro e fóra do territorio florentino. Iso si, a tarefa engadida de traballar para dez señores máis non lle reportou maiores ingresos a Niccolò, moi “afeccionado a gastar” e, polo tanto, case sempre falto de diñeiro.

<sup>7</sup> Tal era o obxectivo do ensino das humanidades. Véxase GARIN, E., *La educación en Europa, 1400-1600*, Barcelona, 1987, p. 225. Sobre os *studia humanitatis* en Florencia, véxanse as páxinas 73 e ss.

<sup>8</sup> BLACK, Robert, “Machiavelli, servant of the Florentine republic”, en BOCK, G.; SKINNER, Q.; e VIROLI, M. (eds.), *Machiavelli and republicanism*, Cambridge, 1990, pp. 71-99.



Na intensa actividade diplomática de Maquiavelo debemos destaca-las estadías na corte de Luís XII de Francia (en especial as de 1500 e 1510), e as experiencias vividas con César Borgia (1502-1503) e co emperador Maximiliano (1508), aínda que as misións e legacións efectuadas perante outros dirixentes italianos menores, ou para acabar coas sublevacións dos dominios florentinos (Pistoia, 1501; Arezzo, 1502), deixaron a súa pegada nas páxinas de *O Príncipe*, onde tamén é analizado o éxito da impetuosa e audaz conducta de Xulio II, o Papa guerreiro que consolidou os dominios da Igrexa durante o seu pontificado (1503-1513).

Con todo, a primeira viaxe a Francia e os contactos con César Borgia, o ambicioso fillo do Papa Alexandre VI que logrou facerse co control da Romaña entre 1499 e 1503 e que dende 1502 ameazaba Florencia, foron, quizais, as leccións máis decisivas para o segundo chanceler. De feito, fixérono decatarse da débil situación da república florentina; unha república que vivía sen seguridade e subsistía gracias ó favor do monarca galo. De aí a súa insistencia na creación dun novo exército capaz de someter Pisa –alzada dende 1494– e afasta-lo perigo exterior. Non en van, os sucesivos fracasos das tropas mercenarias capitaneadas polo condotiero Paolo Vitelli (1499) e dos soldados suízos e gascóns de Luís XII (1500) na conquista da cidade rebelde, xunto cos problemas provocados por esas forzas (alto custo e rapinas), foron argumentos centrais do secretario para teimar no seu plan de constituír un exército non profesional de cidadáns e de súbditos.

O principal maxistrado de Floréncia dende 1502, o confaloniero vitalicio Pier Soderini, amigo e valedor de Maquiavelo, acolleu con interese o proxecto, pero topou coa desconfianza e mesmo coa oposición dos representantes das familias máis poderosas: os chamados *grandi* (grandes) ou *ottimati*, temerosos de ve-lo pobo florentino armado e dun posible uso da nova milicia por parte de Soderini para facerse co poder absoluto.

Precisamente, o descontento dos grandes foi un dos motivos da caída do maxistrado e do secretario. O confaloniero, home recto e moderado, desgustoulles porque non quixo establecer un goberno menos popular e intervido por eles, mentres que Maquiavelo, o seu leal servidor –chamábanlle despectivamente o *mannerino* (moneco) de Soderini– se amosou con frecuencia altivo e displicente con algúns daqueles patricios ós que tiña que servir na súa condición de secretario dos Dez<sup>9</sup>. Neste momento debemos advertir que Niccolò era un oficial secundario e que por iso, porque non tiña gran autoridade, foi encargado de varias negociacións delicadas. Dese xeito, o goberno florentino non quedaba comprometido a fondo e gañaba tempo coas súas xestións. As embaixadas –as misións diplomáticas de maior categoría– confiábenselles a aristócratas como Francisco Vettori ou Francisco Guicciardini, personaxes cos que o segundo chanceler chegou a trabar amizade.

Mais non perdámo-lo fío, e volvamos ó proxecto da milicia que, tras diversas vicisitudes, terminou materializándose en 1506 baixo a dirección do segundo chanceler. Sen embargo, estes milicianos –súbditos campesiños da república– loados polo seu papel na toma de Pisa en 1509, foron estrepitosamente derrotados na proba decisiva: cando en agosto de 1512 tiveron que defende-la cidade de Prato diante dos soldados do vicerrei español de Nápoles. Ademais, a toma e o saqueo desta poboación veciña a Florencia non supuxo só un desastre militar, senón tamén a fin do período republicano iniciado en 1494 e a restauración dos Medici. En verdade, o goberno florentino

<sup>9</sup> Maquiavelo quebrou a miúdo a norma da moderación e a neutralidade propia da chancelería nos seus informes ós maxistrados. Ás veces o ton vehemente das críticas ós políticos florentinos para movelos á acción desgustounos, así como o costume de non envia-los despachos coa rapidez e a regularidade requiridas, e a práctica de facer xuízos sobre os acontecementos no canto de limitarse a informar sobre eles. En suma, tratábase dun secretario demasiado independente e sospeitoso pola súa vinculación ó confaloniero Soderini. Cfr. o artigo de BLACK citado e mailo de John M. NAJEMY, “Machiavelli’s service to the republic”, tamén na mesma obra de Gisela BOCK, pp. 101-117.

non buscou a guerra con Fernando o Católico –membro dunha liga formada polo Papa Xulio II e mailos venecianos para botar a Luís XII de Italia–, pero a tradicional alianza con Francia arrastrouno ó conflito. Así pois, se en 1494 un rei francés facilitou o derrubamento dos Medici, dezaoito anos máis tarde outro facilitáballo-lle o regreso ó poder.

## **O pensador político (1513-1527)**


Trala saída de Soderini da Señoría, os días de Maquiavelo no *Palazzo Vecchio* estaban contados. Nin os partidarios dos Medici que a forzaron nin os patricios (*ottimati*) que desafiou esquecían o seu compromiso co confaloniero, e malia que tratou de gaña-lo favor dos novos señores advertíndoos do perigo dos grandes e da necesidade de converte-lo pobo en alicerce do seu réxime, en novembro foi afastado da chancelería, multado e confinado durante un ano en territorio florentino. Con todo, o peor aínda estaba por vir, pois en febreiro de 1513 sufriu o cárcere e a tortura a raíz das sospeitas de ter participado nunha conxura contra o goberno mediceo. Por fortuna, a privación de liberdade non foi longa, xa que a chegada ó solio pontificio do cardeal Giovanni de Medici –o Papa León X– no mes de marzo permitiulle saír á rúa. De contado dedicouse á procura dun emprego público que non puido obter e, por tanto, non tivo outra opción que retirarse á súa pequena granxa de Sant’Andrea in Percussina (o *Albergaccio*). Alí, tódalas noites escapáballes ós apuros económicos, á angustia do desterro e ó tedio da vida rural a través da lectura dos filósofos e dos historiadores clásicos que o puñan en contacto coa súa paixón: a arte de gobernar. Deste xeito, da meditación sobre os “antigos” e sobre as súas experiencias como chanceler, foi xurdindo un novo Maquiavelo: o pensador político.

Segundo parece, os *Discursos sobre a Primeira Década de Tito Livio*, chamados o libro das repúblicas, foron a primeira

obra iniciada polo noso autor no desterro (xa falaremos deles máis adiante). Nembargantes abandonou pronto ese proxecto para traballar no libro dos principados: *O Príncipe* (orixinalmente *De Principatibus*). A oportunidade e o desexo de lle escapar á pobreza aconsellábano. En efecto, na primavera-verán de 1513 a conxuntura política italiana sufriu un cambio inesperado despois da vitoria dos suízos sobre os franceses en Novara (6 de xuño). Luís XII tivo entón que abandonar a península e, como consecuencia, a posición do Papado fortaleceuse. Naturalmente, o feito non se lle escapou ó ex secretario, quen, coñecedor dos rumores sobre os plans de León X para crear un estado en beneficio dun membro da súa familia (Xián ou Lourenzo), advertiu a semellanza entre aquela situación e o sucedido cos Borgias a comezos de século. Isto é, cando César, axudado por seu pai –Alexandre VI–, se fixo duque da Romaña e ameazaba Florencia. Por outra banda, coa marcha dos exércitos do rei de Francia, a ocasión éralles máis favorable ós Medici. En suma, a xuízo de Maquiavelo non cabía mellor contexto para que un príncipe novo construíse o seu propio dominio e fíxese posible o soño do Papa Xulio II: a expulsión dos “bárbaros” de Italia. Con ese fin, e buscando tamén congraciarse cos Medici e saír da pobreza a través do retorno á vida pública, escribiu os vinteseis capítulos que o fixeron pasar á inmortalidade<sup>10</sup>.


Dadas as circunstancias, o breve tratado tiña que lles chegar ós familiares do Papa co apoio dun valedor ben visto por eles.

<sup>10</sup> Ademais de apelar a Lourenzo para saír do seu infortunio na dedicatoria, Maquiavelo trata de gañar a confianza dos Medici no capítulo XX, onde lembra a tradicional práctica principesca de lles confía-lo goberno ós ministros leais ós inimigos vencidos. O consello de outorgar postos de responsabilidade a quen serviu o inimigo, ou mesmo de gañar eses inimigos unha vez vencidos mantendo o seu poder –pois mostrarían máis celo e amor para proba-la súa fidelidade–, era coñecido dende a antigüidade. O noso autor puido atopalo xa na *Ciropedia*, de Xenofonte (Ed. de Ana VEGA SANSALVADOR, Madrid, 2000, L. III, pp. 136-137), unha das obras que mellor coñecía. A persistencia desta norma dentro do xénero chamado “espello de príncipes” pódese comprobar no libro do xesuíta español Juan de MARIANA, *La dignidad real y la educación del rey*, Ed. de Luis SÁNCHEZ AGESTA, Madrid, 1981 (1599), p. 395.



Tumbas de Lourenzo e Xián de Medici por Miguel Anxo. Capela Medici. Florencia.

Aínda que Xián e Lourenzo de Medici aparecen nos seus sepulcros caracterizados como heroes da Antigüidade, ningún deles conseguiu a gloria redimindo



Italia, como desexaba Maquiavelo, senón a través de *O Príncipe* e do maximalista cibel de Miguel Anxo, outro florentino partidario da república que tamén serviu ós Medici.

De aí a escolla de Francisco Vettori, diplomático amigo que ocupaba a embaixada de Florencia en Roma. Sen embargo, Vettori non lle quixo presenta-lo libro a Xián, o candidato mellor capacitado para entender e levar a cabo a proposta contida nas súas páxinas. Este irmán do Papa era, segundo Maquiavelo, un “príncipe civil”, non un déspota sanguinario; ademais chegou a pensar nel como futuro señor de Parma, Piacenza, Modena e Reggio. Pero as esperanzas depositadas no que foi duque de Nemours non se viron satisfeitas. Xián morreu en 1516 e as cousas tampouco melloraron para o antigo chanceler despois de dedicarlle *O Príncipe* a Lourenzo, o xove sobriño de León X que manexaba o goberno florentino e obtivera do pontífice o título de duque de Urbino trala conquista dese estado (1516). Non en van, a tradición di que o “Magnífico Lourenzo” lle fixo máis caso a unha parella de cans de caza que lle regalara un súbdito có compendio de sabedoría política ofrecido polo ministro cesante. Sexa como for, o certo é que o novo duque Medici demostrou na chamada guerra de Urbino (1517) ser un líder incapaz de realiza-lo ambicioso plan maquiaveliano e a morte púxolle fin ó seu mandato en 1519. Así as cousas, o cardeal Xulio pasou a se-lo membro da familia Medici que supervisaría os destinos da república florentina. A partir de entón a sorte comezou a favorecer algo a Maquiavelo, quen recibiu do devandito eclesiástico –mesmo despois de acceder ó Papado como Clemente VII en 1523– diversos encargos de asesor político, axente de negocios, historiador e comisario militar. De tódolos xeitos, a reconciliación cos Medici a penas lle permitiu saír de apuros e mante-los seus con decoro (daquela tiña muller e cinco fillos: catro varóns e unha femia), pois inicialmente os emolumentos outorgados polos seus servicios foron inferiores ó anterior soldo de burócrata e só medraron de maneira apreciable a partir de 1525, ano da presentación ó Papa dos oito primeiros libros da *Historia de Florencia*. En definitiva, as aspiracións de recobra-lo vello emprego ou de obter un posto

público destacado nunca se viron satisfeitas; mais, para a súa desgracia, a mala fama acadada por *O Príncipe*, sumada ós servizos prestados ó réxime mediceo, identificárono con el. Polo tanto, cando en 1527 os ventos da guerra trouxeron de volta a república, Maquiavelo estaba, como quince anos antes, no bando perdedor.

Velaí como dende 1526 colaborou activamente nos preparativos da Liga constituída polo Papa Clemente, o rei de Francia, Florencia e os venecianos para loitar contra o emperador Carlos V, convertido en amo de Milán logo de vencer a Francisco I de Valois en Pavía (1525). Daquela, o apaixonado ex chanceler xulgou que a alianza brindaba unha nova ocasión para bota-los bárbaros de Italia e que mesmo se contaba cun Medici apto para desenvolve-la empresa: o afamado condotiero Giovanni “das cintas negras”. Con todo, a fortuna volveulle ser adversa, pois fracasou no intento de levantar unha milicia non profesional como a que dirixira, os seus consellos de toma-la iniciativa contra as tropas imperiais non se escoitaron e Giovanni, que non obtivo o mando supremo dos exércitos da liga, morreu en novembro de 1526 en combate. Logo disto, o daquela chanceler dos procuradores das fortificacións de Florencia non puido máis que asistir impotente ó triunfo final do poder estranxeiro; un triunfo marcado polo dramático *Sacco di Roma* (maio de 1527) e a rendición do Papa diante das tropas españolas e alemanas do emperador. Como acontecera no pasado, o saqueo de Roma volveu ser un fito que marcaba a fin dunha época.

Retornado a Florencia trala derrota do exército da Liga, Maquiavelo topouse cunha cidadanía hostil. Agás os vellos amigos, ninguén semellaba lembra-lo seu pasado no goberno de Soderini nin o libro das repúblicas, os *Discursos sobre a Primeira Década de Tito Livio* (1519), dedicados non a un príncipe, senón a dous particulares a quen lles manifestaba como nesas páxinas expuña todo o seu saber: Cosimo Rucellai e



Zanobi Buondelmonti<sup>11</sup>. Precisamente, Buondelmonti sufriu desterro por participar en 1522 nun fracasado complot contra o cardeal de Medici, e o devandito complot foi levado a cabo por unha parte dos asistentes ós chamados *Orti Oricellari*, unhas tertulias de carácter académico celebradas nos xardíns da quinta do xove aristócrata Cosimo Rucellai ás que asistía o ex secretario. De feito, alí foi onde deu a coñece-los *Discursos* e onde xurdiu a idea dun novo tratado: *A arte da guerra*, o único que viu publicado en vida (Florencia, 1521). Así mesmo, tampouco ninguén parecía estar informado dos proxectos constitucionais enviados por Niccolò ós Medici para face-lo réxime máis participativo, máis popular, e dar, finalmente, paso á república (“Discurso sobre os asuntos de Florencia despois da morte de Lourenzo de Medici o Xove”, 1520; e “Minuta de disposicións para a reforma do estado de Florencia”, 1522)<sup>12</sup>. En fin, a república que tanto amaba non quixo contar con el e outros cidadáns ocuparon os seus antigos cargos.

Maquiavelo, vello, canso polos últimos traballos e desilusionado co novo fracaso non tardou en contraer unha enfermidade, a derradeira enfermidade. Sen embargo, tal e como evidencia a célebre anécdota do soño que lles contou ós achegados antes de morrer, mantivo a paixón pola política e o seu carácter irónico ata o último momento. Ó parecer, díxolles que vira unha turba de pobres silenciosos, escualidos e macilentos e preguntou quen eran. Unha voz respondeu que se trataba dos beatos do paraíso, ós que a Sagrada Escritura lles atribúe o reino dos ceos. Desaparecidos estes, viu unha multitude de personaxes de aspecto nobre, en vestidos reais e curiais, que conversaban animadamente sobre asuntos de goberno. Entre eles recoñeceu a Platón, Plutarco, Tácito e outros homes famosos da

<sup>11</sup> *Discorsi sopra la Prima Deca di Tito Livio* cit., 1, pp. 193-525, p. 195.

<sup>12</sup> Véxanse os *Escritos políticos breves*, Ed. de María Teresa NAVARRO SALAZAR, Madrid, 1991, pp. 142 e ss.

Antigüidade. Preguntou quen eran e a mesma voz díxolle que os condenados ó inferno, pois estaba escrito que a sabedoría do mundo era inimiga de Deus. Unha vez desaparecidos preguntóuselle con cal dos grupos prefería estar e, claro, o ex secretario non tivo dúbida: desexaba ir ó inferno a razoar sobre política. Uns días máis tarde, o 21 de xuño de 1527, morreu e o 22 foi enterrado xunto cos seus devanceiros na igrexa florentina de Santa Croce. Alí, nun monumento erixido a finais do século XVIII, cando a súa obra volveu ser apreciada polos seus conciudadáns, hai gravada unha inscrición que di: *Tanto nomini nullum par elogium* (“Ningún eloxio se axusta a tan gran nome”).

## A mensaxe de *O Príncipe*

¿Son político? ¿Son sutil? ¿Son un Maquiavelo?

William Shakespeare. *As alegres comadres de Windsor*

### *De libro bendito a libro maldito*

Como vimos, *O Príncipe* contribuíu a facer de Maquiavelo un home odiado entre a maior parte dos seus compatriotas florentinos. Sen embargo, esa animadversión tardou aínda en estenderse á cristiandade. Así, mentres que en Florencia houbo tamén quen non dubidou en cualificalo de mentor dos responsables da caída definitiva da república (1530) –o Papa e o emperador– e o culpou do retorno dos Medici, en Roma, o sumo pontífice impulsou a difusión da obra. En efecto, o Papa Clemente VII e o emperador Carlos V, os dous grandes líderes enfrontados da cristiandade dos que falabamos hai un instante, terminaron asinando a paz e aliándose; por iso foron tropas imperiais as que

remataron co réxime republicano da cidade do Arno e trouxeron de novo o goberno mediceo. Un ano despois, en 1531, o impresor Papal, Antonio Blado d'Asola, conseguía un privilexio de Clemente VII para publica-los *Discursos sobre a Primeira Década de Tito Livio*, xunto coa *Historia de Florencia (Istorie Fiorentine)* e *O Príncipe*. Ademais, tal e como apunta o mesmo documento, algúns importantes prelados interviron na edición destes libros<sup>13</sup>. Por tanto, aínda que hoxe nos sorprenda, a máxima autoridade do catolicismo favoreceu a divulgación dos tratados políticos de Niccolò Machiavelli (en realidade, despois falaremos disto, a *Historia de Florencia* tamén era un pretexto para falar de política). Uns tratados onde o defunto colaborador de Clemente VII presentaba unha imaxe do Papado moi afastada da prescrita polo Evanxeo, pero onde, sobre todo, se criticaba abertamente a súa política verbo de Italia e mesmo dos valores da relixión cristiá, os cales fixeran do home unha vítima doada para os malvados e un ser débil e incapaz de defende-la patria<sup>14</sup>.

Nesta liña tan pouco evanxélica e provocadora, logo de ironizar sobre o xeito co que os príncipes da Igrexa mantiñan o poder nos seus estados, *O Príncipe* fala dos Papas que engrandeceron o dominio temporal do Vaticano polas armas: Alexandre VI e Xulio II. Deles –di no capítulo XI– recibía

<sup>13</sup> Segundo Helena PUIG DOMÉNECH, o cardeal Ridolfi e monseñor Giovanni Gaddi tiveron un papel importante na edición destes textos. Véxase *Maquiavelo en España*, Madrid, 1988, pp. 26-27.

<sup>14</sup> Mesmo na *Historia de Florencia*, que lle gostou particularmente ó papa Clemente, a crítica contra Roma é contundente:

Los pontifices han sido la causa principal de cuantas guerras se dieron en Italia; y fueron también ellos quienes llamaron a los bárbaros invasores la mayor parte de las veces. Ese modo de proceder persiste aún hoy día, siendo esto lo que ha tenido y continúa teniendo desunida y débil a Italia. (*Historia de Florencia*, edición de Félix FERNÁNDEZ MURGA, Madrid, Alfaguara, 1979, Libro I, p. 41.

En canto ós *Discursos*, alén da crítica contra a humildade (libro II, 12), fálase da debilidade á que “conduciu a presente relixión” xa no *proemio* do libro I. Non obstante, despois de loa-la “relixión antiga” (a dos deuses do mundo clásico), o secretario florentino matiza o xuízo adverso sobre o cristianismo botándolle a culpa a unha mala interpretación desta relixión, pois, en realidade, “permite a exaltación e a defensa da patria”. Véxase libro II, 2. Lémbrese tamén a dura crítica contra a Igrexa romana do libro I, 12, citada na nota 4.

León X, o primeiro Medici en leva-la tiara, un “poderosísimo pontificado” que debería facer “aínda máis grande e venerable coa súa bondade e as súas infinitas virtudes”. En verdade, como puxo de manifesto o gran humanista da época, o célebre Erasmo de Rotterdam, non cabía exemplo máis escandaloso para os crentes que o daqueles dous sucesores de san Pedro<sup>15</sup>. Por outra banda —e isto era o peor para os homes de fe—, a relixión chega a ser presentada no opúsculo como outro recurso do príncipe para gañar e mante-lo *stato*, o señorío, o goberno dun territorio (sobre o significado deste termo falaremos polo miúdo nas vindeiras páxinas). Convenlle, entón, ó dirixente parecer un bo cristián e mesmo selo, pero coa predisposición para transformarse en todo o contrario cando conveña (capítulo XVIII). Este consello é fundamental para calquera monarca, mais, en especial, para o príncipe novo, o protagonista do tratado. Nun momento imos ocuparnos del, pero antes rematémo-la historia da condena do pensamento de Maquiavelo.

Pois ben, segundo estes textos políticos eran lidos polo clero católico e protestante, os ataques contra o escritor florentino ían gañando forza. Velaquí outra das claves para entende-la condena de *O Príncipe*, porque esta obra, unha vez en marcha a Reforma protestante iniciada por Lutero (1521) e a chamada Contrarreforma católica, impulsada polo concilio de Trento (1545-1563), converteuse en pedra de escándalo para ámbolos dous bandos. Non en van, tanto un como outro utilizaróna para proba-la iniquidade do adversario. Sen embargo, foi a censura do catolicismo a que determinou a súa fama de manual satánico con máis rotundidade, por iso nos centraremos nela. E aquí topamos outra vez co xa mencionado cardeal Pole, un dos protagonistas do concilio tridentino, para quen o libriño era o responsable da política perversa de Henrique VIII de Inglaterra

<sup>15</sup> Erasmo de ROTTERDAM, *Eloxio da loucura*, edición do Dr. Oliveri NORTES VALLS, Barcelona, 1982 (1509), capítulo LIX, pp. 134-137.

e do seu ministro Thomas Cromwell, o conselleiro que alentou a ruptura con Roma protagonizada por ese monarca, cabeza da Igrexa anglicana dende 1534. Con todo, foron os xesuítas –daquela os principais defensores da autoridade Papal– e mais, paradoxalmente, outro pontífice enfrontado ó poderío español en Italia –Paulo IV (1555-1559)– os que tiveron un papel decisivo en Trento e na condena fulminada contra Maquiavelo. Así, en 1559 os xesuítas queimábano *in effigie* en Ingolstadt, e no mesmo ano aparecía entre os *auctores prima classis* do Índice de libros prohibidos de Paulo IV; polo tanto, quen lera ou tivese unha das súas obras sería excomungado. É dicir, afastado da comunidade dos crentes e condenado ós infernos.

En definitiva, en menos de 30 anos Niccolò Machiavelli pasou a ser un autor maldito para o Vaticano, que, como era lóxico, tentou rematar cedo co éxito editorial que conseguiran os seus escritos (mesmo os denominados “ocios” literarios)<sup>16</sup>; en particular, claro, buscaba rematar coa difusión dos considerados máis polémicos e menos edificantes para un fiel católico: os *Discursos* e *O Príncipe*, publicados na patria do autor pouco despois de saí-las primeiras edicións romanas (Florenxia, Giunta, 1531-1532) e reimpresos máis dunha decena de veces na cidade de Venecia en 20 anos. Nembargantes, o propósito da Contrarreforma de elimina-lo influxo maquiaveliano –dicir maquiavélico xa é condenalo– non era doado e, sen dúbida, non podemos achegar mellor exemplo cá opinión de quen fora o maior dos monarcas cristiáns do século, o emperador Carlos V, o católico rei das Españas, morto en 1558:

<sup>16</sup> De feito, a estrea na corte pontificia de León X dunha comedia de Maquiavelo titulada *A mandrágora* (Roma, 1520), marcou a reconciliación definitiva cos Medici; e outra peza do mesmo xénero, *A Clizia* (1525) tamén chegou a ser representada na Cidade Eterna dentro do palacio do cardeal Farnese (1541). Nembargantes, o secretario florentino non obtivo recoñecemento como poeta. Véxase RIDOLFI, ob. cit., cap. XVI e XX. Unha visión recente da obra literaria do secretario florentino en Mario MARTELLI e Francesco BAUSI, “Politica, Storia e Letteratura: Machiavelli e Guicciardini”, en Enrico MALATO (dir.), *Storia della letteratura italiana*, Roma, 1996, Vol. IV., pp. 251 e ss.

Nos para nuestra recreación leemos algunas veces en un libro intitulado los discursos de Nicolao Machiavelli (...) por ser muy útil y provechoso para cualquier príncipe.

Estas palabras aparecían no privilexio que autorizaba a primeira edición en castelán dos *Discursos* (1552), dedicada polo traductor ó príncipe Filipe. Tres anos máis tarde, en 1555, saía publicada a segunda edición, tamén dirixida a Filipe, daquela “Rey de Inglaterra y Nápoles y príncipe de España” e, precisamente, un súbdito inglés, o bispo John Gardiner, facíalle ver nun *Ragionamento* o axeitado das propostas contidas en *O Príncipe* e nos *Discursos* para asenta-lo seu poder e restaura-lo catolicismo en Inglaterra<sup>17</sup>.

Así as cousas, a balanza só terminou por inclinarse a favor do veredicto condenatorio de Roma trala reprobación dos máis destacados tratadistas políticos laicos. En efecto, durante as Guerras de Relixión en Francia (1562-1594), os escritores hugonotes (calvinistas) culparon *O Príncipe* de induci-la Matanza de San Bartolomeu (1572), masacre ordenada contra os protestantes por unha raíña italiana católica: Catarina de Medici, nada menos que a filla do duque de Urbino, o “Magnífico Lourenzo”, a quen, como xa sabemos, foi dedicado o libro. Por outra banda, e nese mesmo escenario, un publicista favorable ó reforzamento da autoridade real para lle pór fin ó conflito, Jean Bodin, volvía maldici-lo opúsculo nun texto capital da historia do pensamento político: *Os seis libros da república* (1576). Mentres, cara ó sur, os vasallos dos Austrias españois (en especial italianos e casteláns) manifestaron ós seus soberanos que só podían gobernar atendendo os principios

<sup>17</sup> Filipe II converteuse en rei de Inglaterra cando casou con María Tudor (1554), filla de Henrique VIII. Durante o reinado de María (1553-58) reprimiuse de forma violenta a resistencia protestante contra os intentos de reinstaura-lo catolicismo. Trala morte desta raíña chegou ó trono Isabel I e a reforma consolidouse. Sobre o bispo Gardiner e os seus consellos a Filipe II, véxase “Bishop Gardiner, Machiavellian”, en Donaldson, ob.cit., pp. 36-85.

contidos nas Sagradas Escrituras e a defensa do catolicismo, pois “yerra torpemente aquel que [quere facelo] con reglillas de hombres ajenos al Cielo”<sup>18</sup>.

Con todo, no medio deste ambiente hostil, e á marxe dos autores que defenderon o ensino de Maquiavelo (os chamados “maquiavelistas” e mailos intérpretes republicanos da súa obra), o secretario tivo un número apreciable de lectores, máis ou menos ocultos (as edicións clandestinas e as expurgadas dan testemuño disto); aínda que, como dixemos, ata a segunda metade do século XVIII non comezou a obter de novo, e dependendo dos países, un certo recoñecemento público. Loxicamente, en España, un dos grandes focos do antimachiavelismo, o florentino tardou máis en recupera-lo crédito, e a data de publicación de *O Príncipe* en castelán é significativa: 1854, o primeiro ano do chamado Bienio Progresista. En calquera caso –insistimos–, aínda hoxe a incompreensión e o desprezo da obra están moi estendidos. De feito, poucos políticos declaran abertamente a favor do secretario florentino, aínda que, con frecuencia, o loan en privado. Outra cousa é a opinión popular, que os considera a todos homes astutos, dobres, pérfidos e só interesados no poder. Nunha palabra: maquiavélicos.

Por último, a Igrexa católica xa non excomunga os lectores de Maquiavelo, pero a comezos deste terceiro milenio deixa ver claramente a súa actitude facendo patrón dos políticos a un mártir contemporáneo do secretario: santo Tomé Moro (1478-1535), o chanceler de Henrique VIII que morreu no cadafalso por non

<sup>18</sup> A frase é de Francisco ENRÍQUEZ (1648). Citado por Julián VIEJO YHARRASSARRY, “Ausencia de política. Ordenación interna y proyecto europeo en la Monarquía Católica de mediados del siglo XVIII”, en Pablo FERNÁNDEZ ALBALADEJO (ed.), *Monarquía, imperio y pueblos en la España Moderna*, Alicante, 1997, p. 627. Con anterioridade, pensadores como Tomás Cerdán de Tallada (*Verdadero Gobierno desta Monarquía*, Valencia, 1581), ou don Francisco de Quevedo y Villegas (*Política de Dios y Gobierno de Cristo*, Zaragoza, 1626), dan testemuño deste principio. A tentativa de conxuga-la relixión coa política tamén está presente no célebre libro do diplomático Diego de Saaavedra y Fajardo, *Idea de un príncipe político cristiano refrendada en cien empresas*, edición de Francisco Javier Díez de Revenga, Madrid, 1988 (Milán, 1643).

acepta-lo cisma anglicano; o pensador que pasou á historia por se-lo creador dun termo tan popular como alleo á política: *Utopía* (“en ningures”), título dun libro sobre unha comunidade ideal publicado en 1516, tres anos despois da redacción de *O Príncipe*<sup>19</sup>. Non podía ser doutro modo, como xa nolo advertiu Niccolò co seu famoso soño: o lugar dos grandes gobernantes e dos teóricos da política é o inferno. Vexamos agora o porqué.

### *Un notario do seu tempo*

Estamos moi en débeda con Maquiavelo e outros por dici-lo  
que os homes fan e non o que deben facer.

Sir Francis Bacon

... se se lese a miña obra, veráse que os quince anos que  
pasei entregado á arte do estado non os teño nin durmido  
nin xogado, e todo o mundo debería valora-lo servirse de  
alguén cargado de experiencia a conta doutros.

Nicolás Maquiavelo a Francesco Vettori falándolle de *O Príncipe*

Nas primeiras liñas da dedicatoria, Maquiavelo resume o contido de *O Príncipe*: os seus “coñecementos das accións dos grandes homes”. Polo que dixemos, xa sabemos que estes grandes homes son grandes gobernantes e, máis concretamente, grandes príncipes; isto é, individuos que concentraron nas súas mans a soberanía ou o poder supremo e, así, dirixiron a comunidade como monarcas. Por outra banda, eses coñecementos foron “adquiridos a través dunha longa experiencia dos feitos modernos e dunha continua lectura dos antigos”. En consecuencia, achámonos non só diante dun estudio do pasado, senón

<sup>19</sup> Tomé Moro foi proclamado patrón dos políticos en outubro de 2000 por Xoán Paulo II. A petición partiu, curiosamente, de varios ex presidentes da República italiana e doutros homes da vida pública de diferentes países.





Maquiavelo, por Santi di Tito. O sorriso pícaro do secretario florentino dirixido ó espectador nos sitúa diante dun home irónico e terreal.



Santo Tomé Moro, por Holbein o Novo.  
A expresión melancólica e ausente do chanceler de Henrique VIII  
fálanos dun idealista.

tamén diante do traballo dunha testemuña directa dos sucesos da súa época. Velaquí o motivo central de interese deste pequeno libro, pois é comparando as experiencias da antigüidade clásica cos sucesos vividos por el mesmo, como Maquiavelo chega a propor unha serie de consellos e regras para que un particular convertido de súpeto en príncipe –nun príncipe novo– poida dispor en pouco tempo de todo o saber preciso para consolidalo seu poder e para engrandecelo de contado. Só entón poderá liberar Italia dos “bárbaros”, a proposta coa que remata o texto.

*O Príncipe*, pois, ten un propósito práctico, fala “da realidade das cousas” e racha coa longa tradición iniciada con Platón de imaxinar repúblicas e principados que nunca existiron<sup>20</sup>. Por isto, considérase o pensador florentino un notario do seu tempo e o pai do realismo político. Nembargantes, denuncia-lo divorcio entre a teoría clásica do goberno, suxeita ás normas da moral cristiá, e a realidade, onde se prescinde da ética e só se xulga o resultado final (éxito ou fracaso) (cap. XVIII), foi unha causa fundamental da condena do libro por moitos eclesiásticos, moralistas e filósofos políticos. Teñamos en conta as palabras de santo Tomé de Aquino (1224-1274), o creador do aristotelismo cristián:

Así como a fundación dunha cidade ou dun reino se compara coa formación do mundo, tamén a orde do goberno debe tomarse de acordo co goberno divino.

As páxinas do opúsculo son, pois, un desafío a esta máxima e á misión do dirixente cristián da que fala o mesmo doutor da Igrexa: “procurar que a sociedade viva rectamente, de modo

<sup>20</sup> ... sendo a miña intención escribir algo útil para quen o comprenda, péreceme máis conveniente ir directamente á realidade das cousas cá simple imaxinación das mesmas. Son moitos os que imaxinaron repúblicas e principados que nunca existiron na realidade. Tanta é a distancia entre como se vive e como se debería vivir, que quen non se preocupe do que se fai senón do que se debería facer, aprende antes a fracasar que a sobrevivir, porque o home que quere ser bo entre tantos que non o son, necesariamente ha fracasar (cap. XV).

adecuado para conseguí-la felicidade celestial”<sup>21</sup>. De feito, Maquiavelo diríxese a un príncipe novo, un home que conquista e organiza o seu estado a través da astucia e a forza. Este personaxe tan común na Italia renacentista, era, como vimos, odiado polos republicanos, pero tamén polos partidarios da monarquía e, sobre todo, polos partidarios da monarquía dinástica hereditaria, que daquela triunfaba na Europa occidental. Así, por citar un exemplo próximo, dende o século XIII as leis da Coroa de Castela calificaban os individuos chegados ó trono mediante a forza, o engano ou a traizón, de tiranos; e do mesmo xeito, seguindo a tradición clásica, esas leis incluían nesta categoría a tódolos príncipes que lle antepuñan o ben propio ó ben xeral ou común<sup>22</sup>. En definitiva, tanto para republicanos como para monárquicos o príncipe novo era un usurpador que merecía a morte. De aí que para lexitimalo futuro redentor de Italia e alentalo a aproveita-la ocasión, Maquiavelo bote man da historia e presente como príncipes novos a Moisés –o liberador de Israel–; a Ciro –o creador do imperio persa, que rematou co poder dos medos sobre o seu pobo–; a Teseo –o mítico reorganizador de Atenas– ou a Rómulo –o lendario fundador de Roma–. Ademais, todos eses “innovadores” foron “profetas armados”, pois tiveron éxito gracias á forza (cap. VI). De igual maneira, o artífice dun principado novo só podería manter e engrandece-lo seu dominio actuando como un caudillo militar dotado de “armas propias”; é dicir, dun exército integrado por súbditos, cidadáns ou servos e non por tropas mercenarias (estranxeiras e a soldo), auxiliares (formadas por soldados doutros gobernantes) ou mixtas (formadas por mercenarios e mais

<sup>21</sup> Santo TOMÉ DE AQUINO, *La Monarquía*, edición de Laureano ROBLES CHUECA, Madrid, 1989, pp. 69 e 76.

<sup>22</sup> Véxase a voz *tirano* do “Vocabulario político-ideolóxico castellano del poder real”, incluído como apéndice na monografía de José Manuel NIETO SORIA, *Fundamentos ideolóxicos del poder real en Castilla (siglos XIII-XVI)*, Madrid, 1988, pp. 250-251. Sobre a clasificación aristotélica dos réximes políticos véxase o cadro 1.

por soldados nativos), consideradas, á vista da experiencia da Italia renacentista e dos exemplos da Antigüidade, inútiles ou perigosas (caps. XII-XIV). Así mesmo, os devanditos personaxes servían para convince-lo candidato a liberador do apoio da divindade ó seu propósito. Ademais, non podemos esquecer un dato capital para entender esta defensa do príncipe novo: o desterrado de Sant'Andrea non podía dirixirse a ningún príncipe dinástico para que botase os bárbaros de Italia. En efecto, á marxe do seu desprezo polas monarquías hereditarias<sup>23</sup>, nesas datas o reino de Nápoles levaba tempo gobernado por un soberano considerado estranxeiro –Fernando o Católico–, mentres que os demais estados dinásticos da península eran moi débiles ou vasalos de señores foráneos (o rei de Francia, o emperador). Finalmente, pero non en último lugar, dada a tradicional hostilidade do papado contra a constitución dun gran poder italiano, só cabía espera-lo entendemento entre o pontífice e un caudillo guerreiro para culmina-la empresa liberadora. Non esquezamos que os Borgia amosaran dez anos antes as posibilidades de triunfo dun príncipe novo axudado polo Papa (cap. VII). En consecuencia, é lóxico o apaixonado chamamento feito no capítulo XXVI á casa de Medici para encabeza-la iniciativa redentora.


De tódolos xeitos, malia toda esta hábil argumentación, a proposta de Maquiavelo e mailos medios para implementala seguían a ser escandalosos para os defensores da realeza e dos principios de goberno cristián. Sen embargo, un político experimentado como o Papa Clemente VII, señor dos Estados Pontificios, ex cativo dun monarca estranxeiro invasor e membro da familia que gobernaba Florencia e diversos dominios conquistados recentemente, ben podía aplaudi-lo audaz

<sup>23</sup> O desprezo dos reis hereditarios aparece claramente no primeiro libro dos *Discursos sobre a primeira década de Tito Livio*, escrito antes de redactar *O Príncipe*. Véxase na edición de Corrado VIVANTI citada, Lib. I, 2, p. 204, e 10, p. 227.

opúsculo. Outra cousa eran os pontífices reformadores da Igrexa católica que o sucederon. Todos eles e a maior parte dos moralistas e pensadores políticos non o podían admitir, pois *O Príncipe* non era só antievaxélico, senón tamén unha ameaza para a orde socio-política vixente fundada na relixión católica, a única e verdadeira, en loita contra o protestantismo. Por iso, e a pesar do seu enfrontamento armado co rei de España, o Papa Caraffa (Paulo IV) non dubidou en incluílo no primeiro Índice de libros prohibidos. Ningún monarca, e menos un súbdito, podía ter formalmente como modelo de príncipe a un home cruel e sen temor de Deus como César Borgia, ou a Lucio Septimio Severo (193-211), o xeneral que se fixo co Imperio romano a través da violencia e da astucia (cap. XIX).

Con todo, a descrición e a análise da práctica dos grandes gobernantes italianos e europeos do momento –incluído o sultán turco–, así como a súa comparación coa práctica dos grandes dirixentes da Antigüidade, facía do ensaio un magnífico compendio da chamada “arte do estado”, é dicir, da arte do dominio, da conservación e do aumento do poder do príncipe, e da seguridade da comunidade que rexía. Unha “materia” secreta e vedada ó pobo, pero esencial “para gobernar con acierto el timón de esta nave de la Monarquía, tan dificultosa de ser bien gobernada”, como dicía Filipe IV de España cen anos máis tarde<sup>24</sup>. Por outra banda, este polémico tratado é claro, áxil e directo, e lese en pouco tempo, vantaxes importantes verbo dos demais libros do xénero dedicado a instruí-los monarcas: os “espellos de príncipes”, a miúdo obras longas e tediosas. En suma, polo tema, pola forma e pola lingua escollida

<sup>24</sup> *Historia de Italia* de Francisco GUICCIARDINI, traducida a la lengua castellana por Felipe IV, Madrid, Librería Viuda de Hernando y Cía, 1899, *Epilogo* de Felipe IV, p. xii. Sobre Maquiavelo e a arte do estado (*arte dello stato*) como arte de dominio, véxanse VIROLI, M., *From politics to reason of state*, Cambridge, 1992, pp. 129 e ss., e mailo seu máis recente traballo, *Machiavelli*, Oxford, 1998, cap. 2.



Aristóteles, en *A Política* (ca. 330 a. C.) estableceu unha clasificación dos réximes políticos ou tipos de goberno chamada a exercer un gran influxo sobre o pensamento político occidental. Esta clasificación construíuse en función dun dobre criterio: 1. A titularidade da soberanía ou poder supremo, e 2. Os beneficiarios do exercicio do goberno do soberano. Tendo en conta que “cando un ou a minoría ou a maioría gobernan atendendo o interese xeral, eses réximes serán forzosamente correctos, mentres que serán desviacións os que atenden o interese particular do individuo ou da minoría ou da maioría” (Lib. III, cap. VII). En consecuencia, o réxime do príncipe novo italiano era un tipo de goberno “desviado”, mesmo no caso do príncipe civil –elevado ó poder por unha parte da comunidade sen violencia– do que fala Maquiavelo no capítulo IX de *O Príncipe*. Aristóteles defendeu como mellor goberno un réxime mixto e moderado –síntese do goberno dos ricos (minoría) e dos pobres (maioría)– que chamou *politeia* (*república*, na tradución latina). A república romana (síntese de monarquía, aristocracia e goberno popular) loada por Maquiavelo nos *Discursos*, foi, no Renacemento italiano, o modelo de réxime de goberno mixto que beneficiaba a tódolos cidadáns.

para a súa redacción (o italiano –toscano– no canto do latín), o secretario florentino deu coa fórmula dun *best-seller* da política. De feito, é difícil ofrecerlle ó lector máis información, provocación e motivos de reflexión en tan breve espacio. Probablemente por iso foi pronto célebre e maldito, e por iso o seu éxito persiste nestes tempos de *stress* e de présas. Non en van, as críticas contra a relixión, a Igrexa e os monarcas hereditarios son máis contundentes nos *Discursos*, ensaio considerado pola maioría dos estudiosos contemporáneos, malia as súas diferencias, como complementario de *O Príncipe*. Así, nos dous libros aparecen como temas centrais a maldade humana; a necesidade de concentra-lo poder nun líder guerreiro sagaz e valoroso para funda-lo estado e salva-la comunidade; o protagonismo do pobo, que debe ser armado; o home como forxador do seu destino en loita contra a fortuna; a busca da gloria; a persecución do engrandecemento do poder; a oposición á crueldade dos tiranos; ou a política desvinculada da moral e da intervención divina. Pero, sen entrarmos agora na polémica acerca das supostas contradicións do pensamento político de Maquiavelo que presentan estas obras –o preceptor de tiranos ou da excepcionalidade *versus* o teórico do republicanismo e da liberdade– é claro que, pola súa gran extensión, o impacto dos *Discursos* foi menor. Tampouco o título e o obxectivo eran tan provocadores.



## *Estado, goberno e política*

Se en tódalas ciencias e artes o fin é un ben, o maior, e nun grao especial, serao o da suprema entre todas, e esta é a disciplina política: o ben político é a xustiza, é dicir, o conveniente para a comunidade.

Aristóteles, *A Política*.

Y lo que dice este malo y perverso maestro no es otra cosa, sino ó negar que hay Dios, ó que no tiene providencia de los reinos, y echarle de los consejos que se juntan y toman para la conservación del Estado, como si no tuviese parte en el Estado Dios. Que esto quiere decir que el príncipe muchas veces está obligado á hacer contra la fe, contra la caridad y contra la religión; pues no se puede hacer contra estas virtudes, sin hacer contra el mismo Dios y sin echarle primero de tal consejo.

Pedro de Rivadeneyra, *Tratado de la religión y virtudes que debe tener el príncipe cristiano*.

Como xa dixeramos nas primeiras liñas deste estudio preliminar, aínda hoxe goza de boa saúde a idea de que Maquiavelo co seu *Príncipe* fundou a Ciencia política moderna, caracterizada por ser un saber do poder alleo á moral. De feito, segundo apuntamos, o libro quere centrarse na realidade, e a realidade amósanos que, fronte ós preceptos clásicos e cristiáns da política –o ben común, a paz e a felicidade celestial–, os grandes príncipes da Antigüidade e do Renacemento, paganos ou cristiáns (incluído o Papa), centaban os seus esforzos en acadar, manter e aumenta-lo poder. Tamén hoxe os partidos políticos parecen face-lo mesmo, se ben, para un bo número de estudiosos contemporáneos, restrinxi-la política a unha loita polo poder é moi reduccionista, e algúns teóricos postulan a necesidade dun compromiso entre Ciencia política e defensa da democracia, considerada o mellor sistema de goberno da comunidade<sup>25</sup>;

<sup>25</sup> Os termos *política* e *Ciencia política* foron e son termos controvertidos que teñen variado co paso do tempo. O problema é abordado polos diversos manuais e historias da Ciencia política. Véxase, por exemplo, David MARSH e Gerry STOKER (eds.) *Teoría y métodos de la ciencia política*, Madrid, 1997, pp. 15 e ss.; SOLA, Giorgio, *Storia della scienza politica*, Roma, 1997, introducción; ou, por citar un texto recente e moi didáctico, Josep. M. VALLÉS, *Ciencia política. Una introducción*, Barcelona, 2000, caps. 1 e 2.

recuperan, pois, a vella idea moral da política. En calquera caso, como veremos máis adiante, o publicista florentino non pode ser considerado o pai da Ciencia política moderna, posto que o método que empregou era moi tradicional e non permite chegar a un coñecemento científico da política.

Por outra banda, esa asociación da política co poder vinculouna dende o século XIX ó estudio do Estado. En efecto, anticipándonos ó próximo punto, onde falaremos do tema polo miúdo, podemos dicir que o estudio deste ente abstracto, impersonal e monopolizador do poder político que xurdiu coas revolucións liberais en Europa e América a finais do século XVIII, pasou a se-lo obxecto da Ciencia política ata ben entrado o XX. Velaquí outra das supostas conexións de *O Príncipe* coa modernidade, xa que nel atoparíamos por vez primeira a voz *Estado* na “literatura científica” e mailo seu primeiro teórico. As palabras do famoso académico alemán Georg Jellinek (1851-1911), son un bo exemplo deste parecer, aínda bastante popular:

Coa aparición da idea moderna do Estado nace igualmente a voz que lle corresponde. Así nolo ensina con toda claridade a frase coa que comeza Machiavelli *Il Principe*: “Tutti li stati, tutti e’ domini che hanno avuto ed, hanno impeio sopra li uomini, sono stati e sono o reppubliche o principati”<sup>26</sup>.

Afortunadamente, a concepción da historia europea como unha biografía do Estado vai perdendo pulo, pero, a pesar da vontade de contextualiza-la obra do secretario florentino no seu tempo, a súa interpretación dende as categorías do presente segue a ser un problema<sup>27</sup>. De aí, por exemplo, as críticas

<sup>26</sup> Georg JELLINEK, *Allgemeine Staatslehre*, Darmstadt, 1960, p. 132. Existe unha versión en castelán, *Teoría General del Estado*, Buenos Aires, Albatros, 1978.

<sup>27</sup> Ramón MÁIZ dá conta destes problemas nun exhaustivo artigo titulado “Nicolás Maquiavelo: la política en las ciudades del silencio”, *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, núm. 52 (julio-agosto 1986), pp. 47-89.

contra o “machismo” e a exaltación dun “líder supermasculino” de Hanna Fenichel Pitkin (*Fortune is a Woman*, Berkeley, 1984).

Tampouco a interpretación presentista dos *Discursos* deixa de influír sobre *O Príncipe*, pois para diversos autores os *Discursos* xustifican un posto de honra do secretario florentino dentro do republicanismo, un pensamento político baseado no amor á patria –a república de cidadáns unidos ó redor dos ideais de xustiza, igualdade e liberdade– que comezaría a súa andaina no mundo grecorromano e que entroncaría, diferencias á parte, co proxecto do comunitarismo contemporáneo (orientado ó ben público fronte ó liberalismo, centrado no individuo). Dende esa óptica republicana dos *Discursos*, supostamente reflectida tamén noutros escritos, como a *Historia de Florencia*, Maurizio Viroli aprecia a existencia dunha concepción política maquiaveliana en sintonía coa teoría clásica fixada por Aristóteles, mentres que *O Príncipe* só sería un tratado desa arte do estado da que falabamos antes. De feito, Maquiavelo conta no seu opúsculo que, cando o cardeal de Rouen lle dixo que “os italianos non entendían de guerras”, lle replicou que “os franceses non entendían das cuestións de estado, porque, de non ser así, non consentirían que a Igrexa chegase a ser tan poderosa” (cap. III). Ó mesmo tempo, Viroli sostén que a “Exhortación a que alguén se poña á fronte de Italia, a libere e a vingue dos bárbaros” (cap. XXVI) delata o patriotismo cívico do secretario<sup>28</sup>. Sen embargo, para nós, esta visión do pensamento maquiaveliano non é convincente. A maior parte dos contemporáneos e dos innumerables críticos e estudiosos de Maquiavelo tampouco apreciaron esa división entre política e estado (ou arte de estado). Vexamos por que.

Pois ben, no opúsculo non aparece a palabra *política* –teoricamente asociada á xustiza, ó benestar e á seguridade da

<sup>28</sup> Véxanse notas 1 e 6. Outra obra de interese para esta liña de pensamento vinculada a Maquiavelo é a do citado VIROLI, *For love of country*, New York, 1995. Nesta monografía fálanos de como a súa concepción patriótica queda patente no capítulo XXVI de *O Príncipe*.

comunidade–, senon *estado e goberno*, pero o certo é que esas “artes” eran consideradas parte dela, posto que se referían á acción, ó fin da política, segundo outro escritor e político florentino célebre, Dante Alighieri (1265-1321)<sup>29</sup>. En consecuencia, Maquiavelo rachaba de novo coa tradición aristotélico-cristiá na que a acción –os medios– formaba parte do fin perseguido, pois o ben final que busca o seu opúsculo –a seguridade e a liberdade para os italianos– só chegaría da man dun gobernante que, aparentando ser relixioso e te-las virtudes tradicionais (prudencia, xustiza, fortaleza e temperanza unidas á lealdade e á honradez), obtén, conserva e aumenta o poder a través da astucia e a forza aproveitando a ocasión. As liñas finais do capítulo XVIII deixánnos ben clara a fenda co proposto por santo Tomé liñas arriba:

... nas accións de tódolos homes, especialmente nas dos príncipes, contra os que non hai tribunal ó que recorrer, aténdese só o resultado. Trate, polo tanto, o príncipe de gañar e conserva-lo poder; entón os medios serán sempre vulgados honrosos e gabados por todos, xa que o vulgo se deixa cativar polas aparencias e polo éxito da acción e no mundo non hai máis ca vulgo e as minorías non contan cando a maioría ten onde apoiarse.


Nun mundo de monarquías cristiás, era inadmisíble non ter en conta que o primeiro que tiña que lle aprender un mestre ó príncipe era o temor de Deus –principio da sabedoría e da virtude– e o respecto á súa lei. Por conseguinte, as apelacións do pensador florentino ó libre albedrío non xustificaban para os críticos católicos a provocadora ausencia da Divindade no texto. Neste senso, *O Príncipe* vai un paso máis aló do antropocentrismo

<sup>29</sup> Dante ALIGHIERI, *Monarquía*, edición de Laureano ROBLES CARCEDO e Luis FRAYLE DELGADO, Madrid, 1992 (ca. 1329), pp. 5-6. Dante segue, pois, a través do pensamento tomista, o chamado modelo de acción teleolóxica aristotélica, que define a acción como o que conduce e forma parte do fin perseguido.

renacentista italiano ó falar dun home que está só e constrúe o seu propio destino en loita contra unha vella deidade pagana: a fortuna, forza cega asimilada a unha muller voluble, moitas veces devastadora, pero que nos deixa controlar, máis ou menos, a metade dos nosos actos e, xeralmente, como tódalas mulleres, é vencida a través da forza e da audacia (cap. XXV). Desta maneira, a virtude do príncipe maquiaveliano afástase de todo o establecido polo aristotelismo cristián. Agora ser virtuoso é ser un individuo animoso, con capacidade de mando e creatividade para dobre-la fortuna e triunfar nun propósito: mante-lo estado (*mantenere lo stato*) e engrandecelo, o mesmo obxectivo do monarca lexítimo na práctica, pero non a través das regras ríxidas da moral cristiá, senón a través dos medios máis apropiados ás circunstancias. Entón, se é preciso, deberá “obrar contra a fe, contra a caridade, contra a humanidade e contra a relixión” entrando no mal, porque quen “quere ser bo entre tantos que non o son, necesariamente ha fracasar” (cap. XV). Este pesimismo antropolóxico, tamén presente nos *Discursos*, plásmase noutro consello contrario ós principios de goberno bendicidos pola Igrexa: é moito máis seguro ser temido que ser amado (cap. XVII). Sen embargo, para conserva-lo seu dominio, o príncipe debe evita-lo odio e o desprezo dos súbditos, norma repetida varias veces ó longo do texto. Con todo, para Maquiavelo os dous piares básicos do poder principesco son, primeiro, o apoio do pobo, e, segundo, a posesión dun exército propio; se ben a insistencia no apoio popular non significa inimizarse cos “grandes” –a parte minoritaria da comunidade–, pois, para permanecer no poder e lexitimarse, o príncipe novo debe segui-la fórmula proposta por Aristóteles ó tirano: mante-la paz e a seguridade de todos como faría un rei<sup>30</sup>.

<sup>30</sup> ARISTÓTELES, *A Política*, edición de Carlos GARCÍA GUAL e Aurelio PÉREZ GIMÉNEZ, Madrid, 1977, lib. V, cap. XII, pp. 248-49. Desta maneira, o dirixente non só conseguirá gobernar sobre mellores cidadáns, senón que, como evitará o odio e o temor, manterá un poder duradeiro.

Concluindo: malia manterem a concepción clásica do goberno político como o goberno xusto de iguais, para os contemporáneos do secretario tamén estaba claro que, conforme á teoría aristotélico-tomista, a monarquía, como tódolos réximes de goberno que procuraban o ben da comunidade, era un réxime de goberno “correcto”. En segundo termo, para esa mesma teoría o gobernante debía dirixi-la comunidade con “perfecta virtude ética” e “rectitude” (xustiza) cara a un fin transcendente: “a felicidade última que se espera alcanzar coa visión de Deus despois da morte” (santo Tomé). En consecuencia, o fin non se podía separar dos medios. Esta era a política correcta e por iso non se tardou en asociar política e goberno na linguaxe común, cousa que aínda podemos comprobar nos dicionarios das



Rede semántico-conceptual de oposicións e asociacións da *política* en Maquiavelo, segundo Ramón Maíz.

Fonte: Ramón Maíz, “Nicolás Maquiavelo: la política en las ciudades del silencio”, *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, núm. 52, pp. 47-89, p. 86.

distinas linguas europeas. Se temos en conta estes criterios, é lóxico, pois, que aínda que Maquiavelo non falase de política, senón de “regras de goberno” e de estado, *O Príncipe* fose visto como unha transgresión da política, como unha “mala política”, allea á moral cristiá e ó fin divino.

### *Estado, política e razón de Estado*

...el buen Príncipe es aquel que entiende bien i perfectamente su profesión, i la pone por obra agudamente i con prudencia; que es, que sepa i pueda con su prudente industria conservarse con sus vassallos de tal modo que no solamente se mantenga honradamente en su estado i lo establezca para los suios, sino que (siendo menester) lo amplifique, i gane vitoria de sus enemigos cada i quando que quisiere o el tiempo pidiere.

Fadrique Furió Ceriol, *El concejo y consejeros del príncipe*.

... os estados non se manteñen co rosario na man.

Maquiavelo, *Historia de Florencia*.

Entre os diferentes títulos que Maquiavelo obtivo polo seu *Príncipe*, un deles chama poderosamente a nosa atención: o de pai da razón de Estado. De novo, trátase dun termo que tampouco aparece no opúsculo, pero que moitos consideran formulado nel por primeira vez. Sen embargo, como o lector xa pode intuír despois de todo o dito, a razón de Estado do secretario florentino non é a razón de Estado contemporánea, pois daquela o Estado non existía<sup>31</sup>. Aínda máis, unha rápida ollada ás

<sup>31</sup> En concreto, a introducción do termo na literatura política atribúeselle ó diplomático, historiador e amigo de Maquiavelo, Francesco Guicciardini (*Dialogo del reggimento di Firenze*, 1521-1524). A bibliografía sobre este tema é moi abundante, de modo que remitímo-lo lector á recente obra de Rafael DEL ÁGUILA, *La senda del mal*, Madrid, 2000, onde atopará unha exhaustiva bibliografía e un interesante percorrido histórico que remata na actualidade coa polémica sobre o emprego da razón de Estado polos gobernos democráticos contemporáneos.

páxinas de *O Príncipe* amósanos-la abundancia desa palabra (*stato*), e se nos fixamos un pouco comprobaremos que o seu significado non sempre é o mesmo. De feito, moitos tradutores evitan a súa repetición substituíndoa pola palabra que consideran máis apropiada para o caso (goberno, dominio, provincia, poder,...). Non debe sorprendernos, nós tamén usámo-lo vocábulo para dicir varias cousas. *Estado* era, como hoxe, unha palabra polisémica, e a súa longa traxectoria histórica é a responsable desa pluralidade de significados<sup>32</sup>.

En efecto, *estado* é unha palabra de orixe latina, *status*, procedente do verbo *stare* = permanecer, que empregamos diariamente co mesmo senso de situación estable, de permanencia, pero sobre todo, co significado de condición ou situación dunha persoa ou cousa. Cicerón (106-43 a.C.) tamén o entendía así, mais politicamente asociaba o termo ó réxime romano republicano. Xa na Idade Media, *estado* asociouse ó conxunto de características sociais, materiais e políticas dun territorio, pero ó mesmo tempo facía referencia a un sistema de categorías ou estados persoais con certos dereitos e obrigas: no cumio o estado real, integrado por un só membro dotado dun poder e dun prestixio singulares en virtude da súa función (a defensa da comunidade e o mantemento da paz a través da xustiza); despois estaba o estado eclesiástico (os que rezaban), o estado nobiliario (os guerreiros, defensores) e, finalmente, o estado chan ou terceiro estado, composto polo pobo (campesíño e urbano), que traballaba coas mans. Ó redor do ano 1500, moitas veces equivalía a forma ou réxime de goberno, mentres que se mantiñan outras acepcións medievais como riqueza, potencia, poder político e dominio ou señorío (capacidade de mando sobre un

<sup>32</sup> Véxase MÁIZ, ob. cit.; Alberto TENENTI, *Stato: un'idea, una logica*, Bolonia, 1987; e as obras citadas de Maurizio Viroli. Unha amena e completa exposición da evolución do significado da palabra *estado* con referencia a Maquiavelo e *O Príncipe* en Andrew VINCENT, *Theories of the State*, Oxford, 1987, pp. 17-19.



determinado espacio territorial e os seus habitantes). Pero, en calquera caso, *estado* non tiña a significación que ten para nós cando aparece precedido do artigo determinado ou escrito con maiúscula. Entón identificámolo cunha determinada forma de organización política, cun ente abstracto e impersoal que monopoliza o poder político da comunidade dun territorio determinado<sup>33</sup>. Un Estado que se lles manifesta ós cidadáns a través dun conxunto de institucións públicas dotadas de distintas funcións que controlan e protexen as súas vidas: o goberno, encargado de dirixi-lo país; o parlamento que fai as leis e vixía o goberno; a burocracia ou administración, encargada de executar as decisións gobernamentais; o exército, disposto para evitar as agresións armadas externas; ou a administración de xustiza, encargada de velar pola equidade. Ningunha destas institucións en particular personaliza o Estado ou se identifica con el, nin concentra tódolos seus poderes. Impídeo a Constitución, a norma suprema que regula-lo Estado dende o seu nacemento. Deste xeito, rachouse coa aspiración dos monarcas europeos por concentra-lo poder nas súas mans. “O Estado son eu”, disque afirmou Luís XIV de Francia, considerado rei absoluto entre 1661 e 1715<sup>34</sup>. Verdadeira ou falsa, a frase pon de manifesto a diferenza entre o significado do termo antes da caída das chamadas monarquías absolutas e na época estatal iniciada no último tercio do século XVIII coas revolucións liberais.

<sup>33</sup> O concepto de Estado é aínda hoxe moi controvertido. Non en van existe un elevado número de definicións (algún autor reuniu ata 145), pero hai acordo en consideralo unha forma de asociación ou organización política histórica europea, cuns elementos esenciais que son o *territorio*, a *poboación* e o poder supremo ou *soberanía*. Esta última é a súa característica máis distintiva e implica que está por riba de calquera outro grupo ou asociación e que as súas leis esixen obediencia por igual a tódolos habitantes dun determinado territorio.

<sup>34</sup> Luís XIV (1638-1715) foi proclamado rei cando tiña cinco anos (1643), mais ata 1661, ano da morte do cardeal Mazarino, o seu primeiro ministro, non comezou a reinar persoalmente.

Polo tanto, sen afondarmos máis no tema, podemos concluír que o Estado non existiu sempre e que é unha forma de organización ou asociación política europea bastante recente. Maquiavelo non a coñeceu e menos aínda como un ente monopolizador da violencia lexítima, característica central do Estado para moitos autores dende que a propuxera a comezos do século XX o economista e sociólogo xermano Max Weber. De feito, *O Príncipe* fala dun mundo onde existía unha pluralidade de centros de poder, non un só como sería preceptivo na realidade estatal. No opúsculo, o Papa, os príncipes e as repúblicas, malia que non o desexen, comparten a súa autoridade con nobres, grandes ou baróns. Ademais, se non a comparten, polo menos deben ter en conta as cidades, os gremios e barrios nos que se dividen e, como non, os condotieros, eses ameazantes xefes de exércitos privados ó servizo do mellor ofertante (príncipe ou república), moitas veces pequenos señores territoriais. Por outra banda, o estado, entendido como señorío, dominio, poder político ou goberno –os significados máis comúns en *O Príncipe*– identifícase, segundo vimos para Luís XIV, coa figura do dirixente. De aí que o pronome posesivo *seu* ou a preposición *de* case sempre acompañen o termo. Xusto, pois, o contrario do Estado despersonalizado e teoricamente neutral xurdido co liberalismo. Noutros casos a palabra non só implica dominio, senón que tamén se fai sinónimo de provincia segundo a terminoloxía romana (isto, por exemplo, sucede con Asia no capítulo. IV). Por último, pódese adverti-la equivalencia entre estado, cidade –a comunidade política no senso clásico– e provincia (caps. V e XXVI).

En definitiva, insistimos, non estamos ante a realidade do Estado, senón dos estados dos príncipes laicos ou eclesiásticos, dos estados dos baróns e das repúblicas. Afortunadamente, hoxe temos unha ampla bibliografía que demostra a diferenza entre o contido moderno do termo e o empregado por Maquiavelo, tanto no opúsculo como no conxunto da súa obra.

Só aqueles que, como algúns políticos e académicos liberais decimonónicos, persisten no intento de lexitima-la orde estatal a través dun pasado remoto, ou aqueles que inconscientemente interpretan a realidade doutras épocas e espacios socioculturais dende as categorías contemporáneas, topan co Estado azteca, o Estado babilónico, o Estado visigodo, o Estado khmer, etc. Naturalmente, o aplicar un concepto propio dun tempo e dun espacio histórico concretos para describir outras realidades só crea confusión<sup>35</sup>. Agora ben, o Estado non naceu de súpeto, é froito dunha evolución, e tanto en Italia como nas grandes monarquías do Renacemento estaban a desenvolverse unha serie de institucións –o exército permanente, a burocracia, a fiscalidade, a diplomacia– e de prácticas –a concentración e a centralización do poder nas mans dos gobernantes– que serían co tempo elementos esenciais desta forma de organización política. Por iso, algúns autores, ó decatárense do fenómeno, pero tamén da súa diferencia respecto do Estado propiamente dito, teñen falado dun Estado renacentista, ou ben, para abarca-la enteira Idade Moderna (1492-1789), do Estado moderno.

Así as cousas, cómpre dicir que non podemos considerar a Maquiavelo como o pai da Ciencia política moderna ou da Teoría do Estado, pois, como tódolos pensadores ata Thomas Hobbes (*Leviatán*, 1651), tampouco se preocupou polo problema do método ou da técnica que se debe utilizar para obter un coñecemento científico da política. A experiencia persoal e a historia son os fundamentos das teses maquiavelianas, corroboradas, a maiores, por unha acumulación de exemplos históricos. Fronte a isto, Hobbes define por primeira vez esa todopoderosa “persoa artificial” que é o Estado e, ademais, establece unha

<sup>35</sup> Véxase MÁIZ, ob. cit., pp. 57 e ss. O historiador do Dereito Bartolomé CLAVERO é un dos académicos máis sobranceiros da corrente contraria ó emprego indiscriminado do termo *estado*. Unha síntese clara do seu parecer en “Debates historiográficos en la Historia de las Instituciones Políticas”, en M. MONTANARI e outros, *Problemas actuales de la Historia*, Salamanca, 1994, pp. 199-209.

metodoloxía racional na que o método de investigación se distingue do método de demostración. En suma, con Hobbes nace a Teoría do Estado, unha ciencia suxeita ás regras da matemática e ben diferente desa arte do estado creativa e baseada na experiencia que aparece en *O Príncipe*<sup>36</sup>.

Chegados a este punto, xa podemos entende-la controvertida razón de Estado aparecida en *O Príncipe*. Pois ben, se o estado é un dominio do príncipe composto por territorio e súbditos e o seu obxectivo é conservalo e aumentalo, este deberá facer uso dunha medida crueldade cando as desordes poñan en perigo a paz ou a existencia da comunidade que dirixe e o seu propio poder. Desta maneira, Maquiavelo conectaba as vellas máximas procedentes de Roma que primaban o ben público –*salus populi suprema lex e necessitas legem non habet*– co seu fin: asenta-lo goberno do príncipe novo que liberaría Italia. Por outra parte, tódolos fundadores de grandes imperios (Ciro, Rómulo..., príncipes novos para o secretario) empregaron unha certa dose de crueldade (algunhas mortes exemplificantes) ó comezo das súas empresas, e tamén César Borgia amosou a súa utilidade para pacifica-la Romaña e consolidarse como duque desa rexión centroitaliana a principios do século XVI (cap. VII). O ben da comunidade –a liberación de Italia– parece, así, primar sobre os desexos dominadores do príncipe, quen debe medir moito a crueldade para non rematar sendo un tirano sanguento como Agatocles de Siracusa (369-289 a. C.), porque entón conseguiría poder, pero non gloria –a vella inmortalidade

<sup>36</sup> A habilidade de establecer e manter Estados radica en certas regras, o mesmo que a aritmética e a xeometría, e non, como no caso do xogo do tenis, na práctica soamente. E estas son regras que nin os homes pobres que non teñen tempo libre, nin os ricos que dispoñen dese tempo, tiveron ata agora a curiosidade ou o método para descubriren (*Leviatán*, segunda parte, final do capítulo 20).

Sobre esta cuestión, na que non podemos estendernos nestas páxinas, remitimos ós traballos de Javier PÉREZ ROYO onde se compara a Maquiavelo e a outros teóricos preestatais con Hobbes: *Introducción a la teoría del estado*, Barcelona, 1980, pp. 55-116; e "Aproximación al método de la Teoría del Estado", *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, 11, pp. 85-130.

pagá que, xunto co diñeiro, buscan tódolos homes segundo o secretario<sup>37</sup>.


No primeiro parágrafo do capítulo XVII lemos claramente esta razón de Estado maquiaveliana que botaba por terra os principios clásicos e cristiáns contrarios a fundar un ben (salvación da comunidade) no mal; e de feito Maquiavelo non nega que o mal é o mal –“se é lícito falar ben do mal”, cap. VIII– pero acepta a traxedia de sacrificarse por un ben supremo: pola patria, pola comunidade; e acepta tamén, se é preciso, ir ó inferno, onde seguro que estarían os grandes políticos que compartiran ese obxectivo patriótico<sup>38</sup>.

Como cabía esperar, a reacción dos cristiáns –católicos e protestantes–, dos defensores da monarquía dinástica e de tódolos seguidores dunha política asociada á moral foi inmediata. Quizais Francisco de Quevedo (1580-1645) foi quen mellor argumentou a condena da proposta maquiaveliana: Cristo fora enviado á morte por Caifás para salva-lo pobo xudeu, mentres que Poncio Pilato o condenou para mante-lo seu poder e mante-la paz da comunidade que gobernaba<sup>39</sup>. En todo caso, foron os xesuítas os que a finais do século XVI terminaron impoñendo o termo e creando unha teoría da razón do Estado. Unha teoría distinta da “mala” ou “falsa” razón de Maquiavelo, unha “verdadeira” razón de Estado que finalmente lles permitiu ós reis

<sup>37</sup> Unha aproximación sinxela ó “mito da gloria” no Renacemento italiano en Ruggiero ROMANO e Alberto TENENTI, “Los fundamentos del mundo moderno”, *Historia universal Siglo XXI*, Madrid, 1989, 12, pp. 110-114.

<sup>38</sup> O sacrificio pola patria libre, pola comunidade, estivo especialmente presente no pensamento da Grecia clásica e da Roma republicana. O exemplo por antonomasia é o discurso de Pericles ós atenienses co gallo da Guerra do Peloponeso contra Esparta e os seus aliados (431-404 a C.). TUCÍDIDES, *Historia de la Guerra del Peloponeso*, edición de Juan José TORRES ESBARRANCH, Barcelona, Gredos, 2000, Lib. II, pp. 378-385. Cicerón na súa *República* (“soño de Escipión”) tamén o sostén, pero nunca a través do mal. Sobre Maquiavelo e a súa revolución verbo da virtude clásica, véxase Quentin SKINNER, *Maquiavelo*, Madrid, 1995, pp. 44 e ss.

<sup>39</sup> Francisco de QUEVEDO Y VILLEGAS, *Política de Dios y gobierno de Cristo sacada de la Sagrada Escritura para acierto de rey y reino en sus acciones*, Madrid, Imprenta La Rafa, 1930, cap. VI, pp. 105-109, e cap. XV, pp. 158-59.



Polisemia do termo *stato* en Maquiavelo, segundo Ramón Máiz, "Nicolás Maquiavelo: la política en las ciudades del silencio", *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, núm. 52, pp. 47-89, p. 76.

cometer crimes e penetrar na “senda do mal” afastándose do Evanxeo; pero, paradoxalmente, o seu fin xustificáboo: a defensa da fe católica e, por tanto, da salvación dos súbditos. Só deste xeito, defendendo en primeiro lugar a relixión, o rei mantería o estado<sup>40</sup>.

### **Conclusión: un realista utópico**

Aínda que Maquiavelo describiu a realidade do goberno monárquico do seu tempo, atopamos tamén en *O Príncipe* un elevado grao de utopismo e de incompreensión dos problemas políticos da época renacentista. Para empezar, o obxectivo final da obra, liberar Italia dos estranxeiros a través dun príncipe novo da familia Medici, xa é rechamante. Así, os argumentos para aproveitar unha ocasión supostamente moi propicia –a saída do rei de Francia da península– esquecen a realidade que acababa de describir nas páxinas anteriores: a do continuo recurso dos mesmos estados italianos –repúblicas e principados– ós “bárbaros” para impórense ós seus inimigos. De feito, como vimos, a Florencia republicana mantívose independente gracias a Francia e caeu vítima desa alianza. Pola súa banda, o papa Xulio non só tivo éxito no engrandecemento dos Estados Pontificios pola súa audacia, senón tamén pola axuda de Fernando o Católico. En calquera caso, dada a fragmentación política da península e a mesma falta de cohesión dos estados italianos –lembros, por exemplo, as revoltas de Pisa e outros territorios contrarios ó dominio da república de Florencia–, a tarefa do redentor tería que ser longa. A posición de partida do novo Ciro distaba, pois, da do fundador do Imperio persa, quen xa tiña tras de si un pobo unido cando comezou a conquistar

<sup>40</sup> Véxase sobre o particular o artigo de VIEJO YHARRASSARRY citado e o máis recente de Xavier GIL PUJOL, “La Razón de Estado en la España de la Contrarreforma. Usos y razones de la política”, en Salvador RUS RUFINO e outros, *La Razón de Estado en la España Moderna*, Valencia, 2000, pp. 39-58.

Asia; e tampouco Moisés era un bo exemplo, polo menos porque precisou de 40 anos para culmina-la súa empresa. Non obstante, se falamos de tempo, o exemplo da Roma fundada por Rómulo que uniu a península itálica (753 – s.II a.C.) era, se cadra, aínda máis desalentador. En definitiva, o argumento do inimigo común non parecía ser unha base sólida para o príncipe liberador. Quizais, como apuntan algúns autores, a proposta tan só era un soño, a nostalxia dun humanista polo esplendor da república romana, ou ben un calculado final adulator para terminar de convence-los Medici da oportunidade de contar cun ministro experimentado no seu proxecto estatal, moito máis modesto có da suposta unificación lida no opúsculo polos nacionalistas italianos: a fundación dunha señoría centroitaliana dirixida por Florencia. Conseguírono cando Carlos V someteu a cidade do Arno ó poder mediceo e lles concedeu o título ducal (1532).

Por outra banda, se o fin de *O Príncipe* non se achegaba á realidade, os medios tampouco. Maquiavelo non se decatou da necesidade de que o redentor conseguise en primeiro termo unha poderosa facenda propia para levar a cabo o seu propósito. O feito é significativo porque o secretario participou na reconquista de Pisa (1499-1509), unha típica guerra de desgaste como as que comezaron a estilarse no Renacemento, a época da chamada Revolución militar, onde as armas de fogo e as fortificacións encareceron enormemente o custo dos conflitos, a miúdo centrados en prolongadas accións de asedio<sup>41</sup>. Ademais non tivo en conta a importancia da artillería e, a pesar da catástrofe da milicia florentina en Prato, creu na efectividade dun exército composto por soldados non profesionais. Por conseguinte, se ben coincidiu cos monarcas dinásticos renacentistas

<sup>41</sup> Sobre os cambios no armamento, a organización militar, o aumento do custo das guerras e nas súas consecuencias, temos unha boa síntese en Michael MANN, *Las fuentes del poder social*, Madrid, 1991, t. I, pp. 636 e ss.; e Paul KENNEDY, *Auge y caída de las grandes potencias*, Barcelona, 1995, pp. 127-131.



na importancia de que o príncipe novo fora un líder guerreiro dotado dun exército poderoso para defende-la comunidade e mante-lo seu goberno (cap. XII), non estaba de acordo no que atinxe a composición da forza militar. Así, mentres que o secretario propón exércitos tan só integrados “por súbditos, cidadáns ou por servos”, os grandes soberanos europeos do Renacemento optaron polo emprego de tropas mercenarias e de soldados profesionais. En todo caso, non gustaron de arma-los súbditos plebeos dentro das fronteiras dos seus reinos, cousa que tamén temían os nobres, que gozaban dun *status* social baseado na función guerreira. A revolta das Comunidades de Castela (1520), protagonizada polas milicias urbanas contra o xove Carlos I, o novo emperador Carlos V, foi unha proba do perigo dunha forza popular. Por outro lado, os mercenarios solucionaban as dificultades de recrutar en pouco tempo homes dispostos a loitar fóra do seu país. Este foi o caso de Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán, quen contratou un número apreciable de infantes alemáns e de cabalería italiana para conquistar Nápoles (1502-1504). Ademais, e isto era o fundamental, o emprego de soldados profesionais, estranxeiros ou nativos, permitiulles ós monarcas contar con auténticas “armas propias” para impo-la súa autoridade sobre unha serie de forzas que aínda tiñan poder e autonomía para desafialos: os grandes nobres, as cidades e as provincias<sup>42</sup>. Non en van, como ben advertiu Maquiavelo, os aristócratas –*que posúen estados e súbditos propios*– eran o principal apoio dos reis hereditarios, pero, á vez, a súa principal ameaza (cap. IV). A bolsa do rei pagaba, pois, a homes só leais á súa persoa capaces de actuar contra calquera ameaza interna ou externa.

Finalmente, Maquiavelo confundiu os mercenarios co sistema dos condotieros, capitáns independentes que lles ofrecían ós

<sup>42</sup> Aínda segue a ser moi esclarecedor para este tema do mercenarismo o artigo de V. G. KIERNAN, “Mercenarios extranjeros y monarquía absoluta”, recollido na compilación de Trevor ASTON, *Crisis en Europa, 1560-1660*, Madrid, 1983, pp. 130-154.

príncipes e ás repúblicas os servicios dos seus exércitos privados. Este fenómeno do Renacemento italiano non tiña parangón cos exércitos permanentes de profesionais estranxeiros e nativos dos reis europeos, organizados e dirixidos por eles mesmos. En resumo, tal e como proba o seu libro *Da arte da guerra*, publicado en 1521, o secretario non entendeu o alcance das estratexias e tácticas militares da época, mantívose cegado polo pasado romano e, na práctica, os seus consellos sempre fracasaron<sup>43</sup>.

Agora ben, o erro de apreciación máis evidente do secretario foi o de non decatarse da gran fortaleza dos inimigos estranxeiros que o príncipe novo, un gobernante débil dende o punto de vista teórico e práctico, debería bater. Non o esquezamos: o redentor maquiaveliano que chegaba ó poder polo seu propio esforzo, con violencia ou astucia, era considerado un tirano e só podía confiar en manter e engrandece-lo seu estado se se comportaba como un rei. É dicir, se daba boas leis (cap. XII) e seguridade a todos (grandes e pobo, aínda que apoiándose especialmente neste último), unha empresa difícil para quen necesariamente subía ó trono cometendo agravios e pretendía, como Francesco Sforza ou César Borgia, actuar sen outro límite cá súa capacidade e enerxía. Pola contra, o rei feudal hereditario estaba limitado polo compromiso de mante-los dereitos e liberdades dos estamentos e provincias do seu reino, pero, a cambio, obtiña lealdade e cooperación para o goberno. Ademais, nun mundo cimentado nos valores do cristianismo, a figura rexia estaba apoiada pola Igrexa, da cal era protector. De feito, unha serie de rituais (consagración, coroación) e títulos, como o de maxestade, inicialmente reservado para Deus, sancionaban o carácter divino do poder real. Así mesmo, o principio hereditario e a idea da permanencia da monarquía foron consolidados a través

<sup>43</sup> Sobre o fenómeno dos condotieros, remitimos ó estudio de Geoffrey TREASE, *Los condotieros, soldados de fortuna*, Barcelona, 1985. Unha síntese sobre Maquiavelo e a súa concepción militar en Manuel DÍAZ CARRERA, "estudio preliminar" a *Del Arte de la Guerra*, Madrid, 1995.

de rituais funerarios que trataban de facer ve-la inexistencia de interregnos; isto é, a inexistencia dun lapso de tempo sen soberano. Deste xeito, en Francia sostíñase o principio de que *o rei nunca morre*, e os xuristas da Inglaterra Tudor falaban dos *dous corpos do rei*, un humano, perecedoiro, e outro inmortal, a *dignitas regia*<sup>44</sup>. Non era, pois, como dicía o secretario, a antigüidade da dinastía o único que ligaba o príncipe hereditario cos seus vasallos. Por último, Maquiavelo tampouco captou a gran capacidade dos monarcas europeos para sumar novos territorios e aumentala súa potencia, pois a través do matrimonio e da herdanza conseguiron engrandecer os seus dominios de forma notable. O exemplo de Fernando o Católico é moi claro. Gracias a casar con Isabel de Castela dispuxo dos recursos necesarios para conquistar Nápoles. Unha vez sometido este estado, Fernando non precisou –como cría o pensador florentino– “ter moita fortuna e habilidade” para mantelo (cap. III). Certamente, tratábase dun estado “con lingua, costumes e leis diferentes”, pero o rei Católico non pretendía que formase coas súas outras posesións “un único corpo”; é dicir, Fernando, como os seus sucesores, non perseguiu fins nacionais, senón de engrandecemento dinástico e, polo tanto, non alterou as leis, os impostos e os costumes napolitanos. Máis claramente: unha vez no trono pretendeu ser rei de Nápoles, non rei de Aragón. Así tamén o farían os seus descendentes da casa Austria, e por iso Filipe II de Castela era Filipe I en Aragón, en Nápoles e Portugal, un novo estado da súa monarquía a partir de 1580. Concluindo: a figura dun mesmo rei lexítimo era practicamente o único que tiñan en común os habitantes destas chamadas “monarquías compostas”, que, ás veces, só eran un agregado de territorios dispersos, distintos e distantes como, por exemplo, o imperio de Carlos V, ou a Monarquía do seu fillo Filipe II e dos restantes

<sup>44</sup> Ernst H. KANTOROWICZ, *Los dos cuerpos del rey*, Madrid, 1985, pp. 19 e ss.; e 297 e ss.

Austrias españois. Tamén ó longo dos séculos XVI e XVII o rei de Inglaterra se converteu en rei de Irlanda e de Escocia, mentres que o de Dinamarca chegou a selo de Suecia e Noruega e posuía o título de duque de Finlandia. Polo tanto, o habitual era que o enfrontamento só se producise cando estes monarcas intentaban rachar co seu compromiso de mante-los dereitos e as liberdades dos distintos estados que rexían e de homoxeneizalo conxunto. O paradoxal é que esa política foi consecuencia dos mesmos intereses dinásticos, os cales impuñan custosas guerras para conservar ou engrandece-lo patrimonio da casa reinante. Tal foi a orixe do problema de Filipe IV de Castela cos cataláns, quen dende 1640 protagonizaron unha longa rebelión fundada no seu descontento polas cargas militares e fiscais impostas para defende-la monarquía, e polos medios de forza empregados para conseguilas.

Sen embargo, o caso que é obxecto de análise en *O Príncipe* non é o da monarquía de Fernando o Católico, senón o da monarquía francesa, coñecida polo secretario a causa das súas misións diplomáticas, e que compara, provocadoramente, co “reino do Turco”, o gran inimigo da cristiandade (caps. III e IV). Pois ben, Maquiavelo decatouse de que o rei francés, como todos aqueles monarcas que baseaban o éxito do seu goberno no compromiso e a cooperación cos nobres –posuidores de estados propios–, tiña problemas con eles pola súa proclividade ó descontento (sentimento de agravio pola vulneración dalgún privilexio, polo reparto da gracia real –diñeiro, cargos e honras– e, sobre todo –isto dicímolo nós–, pola ameaza do crecemento da autoridade rexía, característica central das monarquías renacentistas). En concreto, a inimizade dun nobre podía facilita-la invasión e a conquista do reino por un inimigo. O caso do condestable de Borbón (morto no Saco de Roma, 1527), que en 1525 axudou a Carlos V no seu enfrontamento con Francisco I de Valois, parecería darlle a razón ó diplomático florentino e, certamente, os monarcas franceses viron varias veces cuestionada a súa

autoridade por grandes nobres ata a segunda metade do século XVII. Pero a rebelión dun nobre contra o monarca lexítimo era difícil de soste dende un punto de vista teórico e, sobre todo, moi arriscada, xa que unha derrota podía supo-la perda do dominio e maila morte. Ademais, o rei era o señor máis poderoso de Francia<sup>45</sup>. En efecto, como consecuencia da Guerra dos Cen Anos, os reis da casa de Valois tiveron unha serie de importantes ingresos económicos que lles permitiron soste un exército ben equipado. Con él someteron no último tercio do século XV o ducado de Bretaña, que, xunto con Borgoña, terminou anexionado á coroa francesa<sup>46</sup>.

Así pois, á vista da insegura posición de partida do príncipe novo e da gran superioridade dos recursos humanos e materiais das monarquías que invadiran Italia, ningún observador imparcial podía crer nas posibilidades dun príncipe Medici “virtuoso” para bota-los bárbaros da península.

Con todo, aínda que non puido convencer a León X e o seu sobriño Lourenzo, Maquiavelo seguiu teimando na validez do seu ideal do príncipe novo, ben patente na biografía que fixo de Castruccio Castracani (1520), un condotiero que chegou a gobernar Lucca. Mais, despois de todo o dito, isto xa non nos pode sorprender. En realidade, o pensador florentino nunca estivo preocupado pola fidelidade ós feitos históricos, pois era,

<sup>45</sup> Emmanuel LE ROY LADURIE expón a fortaleza do rei francés a finais do século XV e comezos do XVI en *The Royal French State, 1460-1610*, Oxford, 1994, pp. 34 e ss. O condestable –xefe supremo dos exércitos reais– Carlos de Borbón era, despois do rei Francisco, o home máis rico e poderoso de Francia. Este gran señor feudal era duque de Borbón, de Auvernia e Chatelerault, conde de Clermont, de Montpensier, de Forez, da Marca, de Gien, vizconde de Carlat, Murat e señor doutros lugares. Probablemente, a causa do conflito estivo no desexo de Francisco de mingua-lo poderío dun vasallo tan forte.

<sup>46</sup> É importante advertir que, fronte ó sistema da monarquía composta española –unha especie de confederación–, a monarquía francesa creceu a través da anexión, non da agregación. É dicir, absorbeu unha serie de territorios –que antes pertenceran a grandes príncipes– e pouco a pouco púxoos baixo o control directo da administración real. Véxase LE ROY LADURIE, ob. cit., p. 34. A suxeición *de iure* da Bretaña ó trono de Francia produciuse polo tratado de unión de 1532. Sobre Francia e as outras Francias, véxase Charles TILLY, *Las revoluciones europeas, 1492-1992*, Barcelona, 2000, pp. 180-183.

en primeiro lugar, un apaixonado da política, e o seu obxectivo –como o de moitos políticos de onte e de hoxe que escriben historia– era influír sobre o seu presente; en consecuencia, non dubidou en manipular os acontecementos para dar leccións e provoca-la polémica, como o demostra a súa famosa *Historia de Florencia*<sup>47</sup>. En fin, se existe ese outro mundo onde viven eternamente os estudiosos da política e os grandes gobernantes, seguro que Maquiavelo terá atopado a felicidade.

<sup>47</sup> Sobre Maquiavelo como historiador, véxase o artigo de Gisela BOCK, "Civil discord in Machiavelli's *Istorie Fiorentine*", en ob. cit., pp. 181-201; e Félix GILBERT, *Machiavelli e Guicciardini. Pensiero politico e storiografia a Firenze nel Cinquecento*, Torino, 1970, p. 204.

O PRÍNCIPE

## NOTA DA TRADUCTORA

Na medida do posible, procuramos respecta-lo estilo de Maquiavelo, ás veces, repetitivo, un tanto monótono e dunha gran dureza, e outras, moi conciso e lacónico. Só en certas ocasións fixemos unha paráfrase para aclarar ou alixeira-los puntos máis complexos ou densos.

As nosas notas a pé de páxina refírense fundamentalmente a aspectos léxicos, para facer máis alcanzable o pensamento do grande autor renacentista italiano, ou a cuestións históricas, coa finalidade de dar a coñecer algúns aspectos biográficos do autor que, sen dúbida, contribúen a comprender mellor esta obra. Por outra parte, Maquiavelo diríxese ó lector de xeito impersoal e, ó mesmo tempo, interpela ó príncipe utilizando a segunda persoa. Cando nos parecía que o texto gañaba forza, deixámo-la segunda persoa, nos outros casos, evitámo-las alusións directas ó príncipe e usámo-la forma impersoal, coa finalidade de achegar o texto ós lectores de hoxe, recollendo o espírito da obra e procurando mante-la proximidade entre o autor e os seus lectores.

Despois da correspondente traducción, pareceunos oportuno conserva-los títulos dos capítulos en latín por ser esta unha referencia universal.

Polo que se refire á traducción dos topónimos e dos antropónimos, recollémo-las voces de uso consolidado como Alexandre, Xulio, Lourenzo, Nicolás, Maquiavelo, Milán, Nápoles ou Florencia. No resto dos casos, respectámo-la grafía italiana: Medici, Borgia, Sforza ou Bentivoglio.

Para a traducción tivemos presentes as edicións italianas de Bonfantini (Ricciardi, 1963), G. Inglese (Einaudi, 1995) e, sobre todo, a de C. Vivanti (Einaudi-Gallimard, 1997) e as traduccións ó castelán de H. Puigdomènech (Tecnos, 1993), G. Guidotti (Palas Atenea, 1999) e F. Domènech (Istmo, 2000, con introducción e notas de Manuel M<sup>a</sup> de Artaza).





**Nicolás Maquiavelo ó Magnífico**  
**Lourenzo de Medici o Novo, saúde**  
**(Nicolaus Maclavellus Magnifico**  
**Laurentio Medici iuniori salutem)**

As máis das veces, os que desexan conseguilo favor dun príncipe adoitan presentarse a el coas pertenzas que máis estiman ou que el máis aprecia. Por iso, a miúdo regálanlle caballos, armas, tecidos bordados en ouro, pedras preciosas e outros adornos semellantes, dignos da súa grandeza. Así que, desexando eu ofrecerlle á Vosa Magnificencia algún testemuño da miña devoción para con Vós, non atopei entre as miñas pertenzas nada máis querido e máis estimado cós meus coñecementos sobre as accións dos grandes homes, adquiridos a través dunha longa experiencia dos feitos modernos e dunha continua lectura dos antigos. Téndoo meditado e examinado con gran dilixencia durante moito tempo, resumidos agora nun pequeno volume, envióllos á Vosa Magnificencia.

E aínda que eu considero que esta obra é indigna de vos ser presentada, confío en que pola vosa benevolencia a aceptaredes, tendo en conta que non vos podería facer mellor galano có de ofrecérvola a posibilidade de aprender, en moi pouco tempo, todo o que a min me custou tantos anos, tantas dificultades e perigos. Non quixen adobiar esta obra, nin enchela de longas frases ou de palabras pomposas e grandilocuentes, nin empregar ningún artificio ou ornamento extrínseco cos que moitos adoitan escribir e adorna-las súas obras, porque prefiro que ningún destes aspectos destaque e que só a variedade e a gravidade da materia a fagan grata. E tampouco quero que se considere unha presunción o feito de que un home de baixa ou ínfima condición se atreva a reflexionar e regulamenta-lo goberno dos príncipes; porque, así como os que trazan os mapas das terras se sitúan na chaira para estudia-la natureza das montañas

e dos lugares elevados e para estudia-las chairas soben ós montes, do mesmo xeito, para coñecer ben a natureza dos pobos é necesario ser príncipe e para coñecer ben a dos príncipes hai que pertencer ó pobo.

Reciba, xa que logo, a Vosa Magnificencia, este pequeno regalo co mesmo ánimo co que eu llo mando. Nel, se o considerades e o ledes detidamente, poderedes coñece-lo meu máis profundo desexo: que cheguedes a acadar toda a grandeza que a sorte e as vosas calidades vos prometen. E se a Vosa Magnificencia, dende a cima do seu poder, algunha vez dirixe os ollos a estes humildes lugares, coñecerá ata qué punto teño que soporta-los continuos ataques dunha fortuna adversa.

***O Príncipe de Nicolás Maquiavelo ó Magnífico  
Lourenzo de Medici*<sup>1</sup>**  
**(Nicolai Maclavelli de principatibus ad magnificum  
Laurentium Medicem)**

CAPÍTULO I

**Das diferentes clases de principados que existen e de cómo se conquistan**

**(Quot sint genera principatuum et quibus modis acquirantur)**

Tódolos estados, tódolos dominios que tiveron e teñen poder político sobre os homes foron e son repúblicas ou principados. Os principados poden ser hereditarios, porque a estirpe do seu señor os gobernou durante moito tempo, ou novos. Os principados novos son, como o de Milán para Francisco Sforza<sup>2</sup>, totalmente novos ou engadidos ó estado hereditario do príncipe que os conquista, como o reino de Nápoles para o rei de España<sup>3</sup>. Os dominios adquiridos deste xeito ou ben xa están afeitos a vivir baixo o mandato dun príncipe ou ben son libres. Conquístanse con tropas alleas ou coas propias, ben pola fortuna, ben pola virtude.

<sup>1</sup> Lourenzo de Medici (1492-1518), sobriño do papa León X e neto de Lourenzo o Magnífico, foi nomeado capitán xeneral dos florentinos no ano 1515 e, ó ano seguinte, duque de Urbino.

<sup>2</sup> Francisco Sforza (1401-1466) foi duque de Milán desde o ano 1450. Maquiavelo mencionao con frecuencia como exemplo.

<sup>3</sup> Refírese a Fernando o Católico, que conquistou o reino de Nápoles no ano 1504.

## CAPÍTULO II

### **Dos principados hereditarios (De principatibus hereditariis)**

Non vou aludir agora ás repúblicas, porque xa o fixen extensamente noutra ocasión<sup>4</sup>. Ocupareime só dos principados, seguindo o esquema das distincións que acabo de establecer e explicarei de qué maneira se poden gobernar e conservar estes principados.

Digo, pois, que nos estados hereditarios que están afeitos á liñaxe do seu príncipe, as dificultades para conservalos son menores que nos novos: abonda con non cambia-lo sistema xa consolidado polos devanceiros e logo contemporizar cos imprevisos. De xeito que, se dito príncipe posúe unha capacidade normal, manterase sempre no seu Estado, a non ser que unha forza extraordinaria e superior o prive del e, aínda no caso de que o perda, tan pronto como o usurpador se enfrente á mínima adversidade, volverao recuperar.

En Italia atopamos, entre outros, o exemplo dos duques de Ferrara<sup>5</sup>, que resistiron os ataques dos venecianos en 1484, e os do papa Xulio II en 1510, só pola antigüidade da súa liñaxe. O príncipe hereditario ten menos motivos e menor necesidade de agraviar, polo que é natural que sexa máis amado. E, se non ten vicios extraordinarios que o fagan detestable, é lóxico que sexa estimado polos seus. Ademais, a antigüidade e continuidade do goberno apagan os records e os motivos das innovacións. Porque un cambio sempre abre camiño a outro.

<sup>4</sup> Remite á obra *Discorsi sopra la prima Deca di Tito Livio*, redactada entre os anos 1513 e 1519.

<sup>5</sup> Refírese, concretamente, a Hércules I (1471-1505) que foi derrotado polos venecianos no ano 1484 e a Afonso I (1505-1534) que foi vencido polo papa en 1510, ámbolos dous foron homes de gran valor político e militar e pertencentes a unha das familias máis antigas das reinantes naquel momento en Italia (a casa d'Este apoderouse de Ferrara a mediados do século XIII e tivo poder ata finais do século XVI).

## CAPÍTULO III

### **Dos principados mixtos (De principatibus mixtis)**

As dificultades radican no principado novo, sobre todo, se este non é totalmente novo, senón engadido a un principado hereditario (que se podería denominar case mixto). En principio, a súa inestabilidade nace dunha dificultade natural, común a tódolos principados novos, que é a seguinte: os homes crendo mellorar sempre están dispostos a cambiar de señor e esta consideración lévaos a alzarse contra el; pero equivócanse e despois a experiencia demóstralles que saíron perdendo. Isto depende doutra necesidade natural e ordinaria: a inevitable ofensa dos novos súbditos, sexa con xente armada, sexa cos innumerables agravios que a nova conquista comporta. Así que serán inimigos teus aqueles que foron agravados na ocupación dese principado e deixarán de ser amigos os que che foron de axuda para chegar a el, porque non os podes satisfacer como supoñían e nin sequera podes adoptar fortes medidas, dado que estás en débeda con eles. Sabido é que para entrar nunha provincia, aínda que se teña un exército moi poderoso, sempre se precisa o favor da xente do lugar. Por estas razóns Luís XII, rei de Francia, perdeu Milán tan axiña como a conquistou, bastou a primeira e única ofensiva de Ludovico<sup>6</sup>, porque as xentes que antes lle abriran as portas, considerándose enganadas e defraudadas nas súas expectativas de futura melloría, non puideron soporta-los inconvenientes que lles ocasionaba o novo príncipe.

Ben é verdade que cando os países insurrectos se conquistan por segunda vez, é máis difícil volvelos perder, porque o señor aproveitando a rebelión, ten menos miramentos en asegura-la

<sup>6</sup> Luís XII, rei de Francia (1498-1515), de acordo coa República de Venecia apoderouse no ano 1499 do ducado de Milán, que estaba baixo o goberno de Ludovico o Mouro. Este non opuxo moita resistencia, pero ó ano seguinte, coa axuda de mercenarios suízos, conseguiu recupera-lo seu ducado.

súa posición castigando os facinorosos, desenmascarando os sospeitosos e reforzando os puntos máis febles. De modo que, mentres bastou que o duque Ludovico ameazase nas fronteiras para que Francia perdesse Milán a primeira vez, a segunda fixo falta que o mundo enteiro se opuxera a ela e que os seus exércitos fosen aniquilados ou expulsados de Italia. Todo isto se debeu ás razóns antes mencionadas. En definitiva, foille arrebatada a cidade de Milán tanto na primeira coma na segunda ofensiva.

Xa tratámo-las causas xerais da primeira perda; quédanos agora expoñe-las da segunda e ver cáles eran os recursos que Luís XII tiña á súa disposición e con cáles contaría hoxe alguén que se atopase na mesma situación, para manterse no territorio conquistado mellor do que o fixo Francia.

Digo, pois, que os estados sometidos que se incorporan ó antigo estado do conquistador, poden pertencer ó mesmo territorio e fala-la mesma lingua ou non. Cando é así resulta moi doado conservalos, sobre todo se non están afeitos a vivir libres. Para manterse no seu goberno, basta extingui-la liñaxe do príncipe anterior porque, polo demais, non alterando as vellas condicións de vida e ó non haber diferencias nos costumes, os homes viven tranquilos, tal como ocorreu en Borgoña, Bretaña, Gascuña e Normandía, que permaneceron unidas a Francia durante moito tempo<sup>7</sup>. Aínda que existan algunhas diferencias na linguaxe, os costumes son semellantes e pódense tolerar doadamente entre eles. E quen conquista este tipo de estados, para conservalos ten que observar dúas regras: a primeira é que se

<sup>7</sup> Maquiavelo coñecía perfectamente a situación francesa. Trala victoria de Carlos VII sobre os ingleses na Guerra dos Cen Anos, os monarcas franceses anexionaron Borgoña, Bretaña, Gascuña e Lombardía. Os duques de Borgoña e Bretaña eran vasallos do rei francés aínda que ó longo do século XV cuestionaron a súa autoridade. No ano 1477 os aliados suízos e loreses de Luís XI derrotaron e mataron a Carlos en Nancy. Entón o rei francés anexionou o ducado, quedando nas mans do emperador Maximiliano, marido da filla do duque, o resto dos estados borgoñóns. Polo que se refire a Bretaña, Carlos VIII puxo fin ó soño independentista obrigando a Ana, filla do duque Francisco II, a casar con el, no ano 1491. Á morte de Carlos, Luís XII obtivo do papa a anulación do seu primeiro matrimonio para casar con Ana e garanti-la anexión do ducado.

extinga a dinastía do príncipe anterior e a segunda non alterar nin as súas leis, nin os seus impostos, de xeito que en pouco tempo o novo e o antigo estado formen un único corpo.

Pero, cando se conquistan estados nun territorio con lingua, costumes e leis diferentes, empezan as dificultades. Para conservalos, precísase ter moita fortuna e habilidade. Un dos meirandes e máis eficaces remedios sería que o conquistador fose vivir alí. Isto faría máis segura e duradeira a súa posesión, como fixo o Turco en Grecia<sup>8</sup>, que de non se ter establecido alí, a pesar de tódolos demais medios empregados, non podería conservala. Residindo no territorio, vense nace-las desordes e pódense atallar pronto, mentres que de non vivir alí, coñécense cando a súa gravidade xa non ten remedio. Dese xeito, ós funcionarios non lles é posible expolia-la provincia e os súbditos están satisfeitos porque poden recorrer facilmente ó príncipe, polo que teñen máis razóns para amalo, se queren ser bos súbditos, e para temelo, se non é así. Por outra parte, quen quixese invadi-lo estado dende o exterior, tería que consideralo con coidado. En definitiva, se o príncipe vive no territorio será máis difícil que o perda.

Outro remedio eficaz é instalar colonias nun ou dous sitios, que sexan como cadeas<sup>9</sup> que unen ese estado ó príncipe. É preciso facer isto ou manter alí un gran continxente de cabalería e de infantería. As colonias non son dispendiosas: con pouco ou ningún gasto pódese enviar e manter alí xente, prexudicando só ós que se lles quitan terras e casas, que representan unha mínima parte do estado, para darllas ós novos habitantes, e unha vez dispersados e na pobreza os prexudicados endexamais poderán ocasionar danos. Tódolos demais permanecerán tranquilos porque, por unha parte, non recibiron ningunha ofensa e,

<sup>8</sup> Mahoma II, cando derrotou o Imperio Bizantino no ano 1453, estableceu-se nese territorio e situou a capital en Constantinopla, hoxe Istambul.

<sup>9</sup> No orixinal usa o termo latino *compedes*, 'vínculo', 'atadura'.



pola outra, porque terán medo de equivocarse e que lles aconteza coma ós que foron despoixados. Conclúo, xa que logo, que estas colonias non son custosas, son máis fieis e ocasionan menos dano e que os despoixados, como xa dixemos, ó quedar pobres e dispersos non representan ningún perigo. De todo isto débese deducir que os homes hai que beneficialos ou aniquilalos, porque se poden vingar das ofensas leves, mentres que das graves non poden; así que cando se ofende a un home, hai que facelo de forma que non haxa que teme-la vinganza. Pero, se en vez de colonias se envían soldados, o gasto é meirande, ata tal punto que para pagarlles ás tropas, hai que gastar todo o que se recada, así que a conquista convértese en perda, e ademais prexudica a todo o estado co desprazamento e co aloxamento do exército, un trastorno que a todos dana e en todos crea hostilidade. E son inimigos perigosos porque, despois de vencidos, permanecen na súa propia casa. De xeito que, baixo tódolos puntos de vista, este sistema de vixilancia é tan inútil coma útil é o das colonias.

Ademais, quen se atope nunha provincia diferente no sentido que se dixo, ten que se constituír en xefe e defensor dos veciños máis débiles, argalla-lo xeito de restarlles forza ós poderosos do territorio e asegurarse de que, por ningunha circunstancia, entre alí ningún estranxeiro tan poderoso coma el. Que sempre os han chamar os que estean descontentos, ou por demasiada ambición ou por medo: así os etolios introduciron os romanos en Grecia<sup>10</sup> e estes últimos foron sempre chamados polos habitantes de tódalas provincias nas que entraron. O que acontece normalmente é que, tan pronto como un estranxeiro poderoso entra nun estado, quen son menos podentes únense a el, movidos pola envexa que senten por quen consideran máis

<sup>10</sup> Segundo Maquiavelo, os estados gregos da Liga Eólica en loita contra Filipe V de Macedonia (aliado da Liga Aquea), temendo ser vencidos polos macedonios, pedíronlles axuda ós romanos. O texto alude á primeira guerra macedónica (215-205 a.C.) na que os romanos tomaron parte co gallo de combater a Filipe V, aliado de Anibal.

poderoso ca eles; dese xeito, ó estranxeiro non lle vai custar esforzo gana-lo seu apoio e axiña todos xuntos formarán gustosos un só corpo co estado conquistado. Unicamente ten que procurar que non adquiran demasiada forza nin demasiada autoridade; desta forma, contando coas forzas propias e coa axuda deles, poderá facilmente debilita-los poderosos, quedando como señor absoluto daquel estado. Quen non saiba administrar ben este aspecto, perderá axiña o que conquistou e mentres o conserve terá que enfrontarse a infinitas dificultades e inconvenientes.

Os romanos observaron ben estas regras nas provincias que conquistaron: estableceron colonias, enredaron ós menos podentes, sen deixar que aumentase o seu poder, humillaron os poderosos e non consentiron que ninguén de fóra adquirise reputación. A título de exemplo será suficiente facer alusión a Grecia: os romanos gañaron o favor de aqueos e etolios, debilitaron o reino dos macedonios e expulsaron a Antíoco; endexa-mais permitiron que, a pesar dos seus méritos, nin aqueos nin etolios expandisen os seus territorios; nin as razóns de Filipe puideron nunca convencelos para que o tratasen como un amigo sen rebaixalo, que nin sequera o poder de Antíoco lle permitiu ter ningún dominio sobre aquela provincia<sup>11</sup>. Os romanos fixeron nestes casos o que tódolos príncipes asisados deben facer: non preocuparse só das desordes presentes, senón tamén das futuras e evitalas por tódolos medios, porque é doado poñerlles remedio ós males cando estes se prevén con antelación, pero esperando a que se acheguen, a medicina xa non xorde efecto e a enfermidade faise incurable.

Ocorre con esto o mesmo que din os médicos da tise: cando a doenza comeza é doada de curar e difícil de diagnosticar, pero

<sup>11</sup> Trala guerra macedónica, os etolios uníronse a Antíoco III de Siria (223-187) contra os romanos, porque estes non lles proporcionaran o que esperaban, e foron derrotados. Nesta loita os romanos aliáronse con Filipe V de Macedonia, aínda que non cometeron o erro de concederlle demasiado poder.

co paso do tempo, sen que se detectara e se tratara convenientemente ó principio, será fácil de coñecer pero difícil de curar. O mesmo sucede cos asuntos de estado: os males que xorden pódense solucionar rapidamente cando se perciben a tempo (prerrogativa que soamente teñen os prudentes), pero deixándo-os medrar por non os ter advertido a tempo chegan a ser evidentes e xa non teñen remedio.

Por iso os romanos, previndo con anticipación os inconvenientes, remediáronos sempre e non permitiron endexamais que seguisen crescendo por afrontar unha guerra, sabedores de que a guerra non se evita, senón que se demora en proveito dos outros. Por iso quixeron emprende-la guerra contra Filipe e Antíoco en Grecia, evitando facela en Italia. Naquel momento poderían ter evitado ámbalas dúas guerras, pero non quixeron. Tampouco asumiron nunca esa máxima que está sempre en boca dos sabios dos nosos tempos, que di que hai sempre que aproveitala vantaxe do tempo; fixeron o contrario: preferiron confiar na súa propia virtude e prudencia, porque o tempo trae consigo moitos froitos e pode carrexar tanto o ben coma o mal.

Pero volvamos a Francia e examinemos se aplicou algo do que dixemos. Non falarei de Carlos senón de Luís<sup>12</sup>, que por ter dominado Italia por máis tempo, se pode apreciar mellor a súa evolución política; e veredes ata qué punto fixo o contrario do que cómpre facer para conservar un estado diferente do propio.

Ó rei Luís tróuxoo a Italia a ambición dos venecianos que, aproveitando a súa chegada, quixeron apropiarse de media Lombardía<sup>13</sup>. Eu non quero censura-la decisión tomada polo rei porque, se quería entrar en Italia carecendo de aliados alí –mellor dito, tendo pechadas tódalas portas pola conducta do

<sup>12</sup> Refírese a Carlos VIII (que en 1495 conquistou o reino de Nápoles, para perdelo en pouco tempo) e ó seu sucesor no trono, Luís XII.

<sup>13</sup> Os venecianos xa tiñan certas posesións en Lombardía (as comarcas de Bérgamo e Brexía) pero, aproveitando a presenza de Luís XII, pretendían amplialo seu dominio cara ás terras de Cremona.

rei Carlos—, viuse obrigado a acepta-las amizades que se lle ofreceron. E poderíalle ter dado bo resultado, se non tivese cometido erros nas demais operacións políticas. Conquistada, xa que logo, a Lombardía, o rei adquiriu rapidamente o prestixio que o rei Carlos perdera: Xénova capitulou, os florentinos aliáronse con el, o marqués de Mantua, o duque de Ferrara, os Bentivoglio, a señora de Forlí, os señores de Faenza, de Pésaro, de Rímimi, de Camerino, de Piombino, os luqueses, pisanos, seneses, todos lle saíron ó encontro buscando a súa amizade<sup>14</sup>. Foi entón cando os venecianos se decataron da temeridade que cometeran, xa que para conquistar dous territorios na Lombardía fixeran o rei dono dun tercio de Italia.

Considérese agora qué doado tería sido para o rei conservalo seu prestixio en Italia de ter observado as regras ditas anteriormente e, se tivese protexido e defendido os seus aliados, que sendo numerosos, débiles e temerosos —uns da Igrexa e os outros dos venecianos—, deberían estar sempre da súa parte<sup>15</sup> e teríanlle servido para controlar facilmente os que tiñan o poder. Pero el, nada máis chegar a Milán, fixo xustamente o contrario, axudándolle ó papa Alexandre a ocupa-la Romaña<sup>16</sup>. Nin sequera se decatou de que con esta decisión se debilitaba, quedando sen aliados e sen protexidos mentres engrandecía a Igrexa, engadíndolle ó seu poder espiritual, que xa lle confería grande autoridade, un maior poder temporal. Cometido o

<sup>14</sup> Naquela ocasión, Xénova aceptou a protección francesa e con ela seguiu ata a metade do século. O marqués de Mantua era Xoán Francisco Gonzaga, marido da ferraresa Isabel d'Este. O duque de Ferrara era Hércules I d'Este; o señor de Boloña, Xoán Bentivoglio; a señora de Forlí, Catarina Sforza; o señor de Faenza, Astor Manfredi, asasinado en Roma no ano 1502 por orde de César Borgia. O señor de Pésaro era Pandolfo Malatesta, ó que tamén César Borgia lle arrebatou o poder no ano 1503. O señor de Rimini e Camerino era Xulio César Varano, o de Piombino Santiago d'Appiano.

<sup>15</sup> Pénsese que, a finais do século XV, o Estado Pontificio e Venecia eran dúas das maiores potencias de Italia.

<sup>16</sup> Alexandre VI (1492-1503) ordenáralle ó seu fillo César Borgia poñe-la Romaña baixo a obediencia da Igrexa, pero en realidade o que quería era convertela nun estado da súa propiedade.

primeiro erro, non tivo máis remedio que continuar ata o punto de que, para acabar coa ambición de Alexandre e para que non se apoderase da Toscana<sup>17</sup>, se viu na obriga de vir a Italia el mesmo. Como se non fose abondo con ter engrandecido a Igrexa e ter perdido os aliados, para poder conseguilo reino de Nápoles compartiuno co rei de España<sup>18</sup>. Desta maneira, puxo en Italia a alguén que o igualaba en poder, alí onde el era antes o único señor, de xeito que os ambiciosos e os descontentos daquel país tiveron a alguén a quen recorrer. Ademais, podendo ter no reino de Nápoles un gobernante tributario seu, quitouno para poñer no seu lugar a outro que tiña poder para botalo a el.

O desexo de conquistar é algo verdadeiramente natural e lóxico e se un home é quen de levalo á práctica, sempre será gabado ou polo menos non será censurado. Pero cando non é capaz de facelo e, a pesar de todo, se obstina en conseguilo, cae no erro e recibe as críticas. Se Francia podía invadir Nápoles coas súas propias forzas, debería telo feito, pero se carecía delas, non debería ter emprendido a empresa á custa de reparti-lo reino. E se o reparto da Lombardía cos venecianos ten xustificación por terlle permitido poñe-lo pé en Italia, o reparto de Nápoles merece ser censurado, porque non tiña a mesma necesidade.

Xa que logo, o rei Luís cometeu estes cinco erros: aniquilalos menos poderosos, acrecenta-la forza dun home que xa era poderoso en Italia, introducir no país a un estranxeiro poderosísimo<sup>19</sup>, non vir vivir ó país conquistado e non establecer colonias.

<sup>17</sup> Despois de facerse coa Romaña, César Borgia pretendía ocupar tamén a Toscana.

<sup>18</sup> Mediante o tratado de Granada de 1500, Luís XII concordou con Fernando o Católico reparti-lo reino de Nápoles. Pasado un tempo, romperon o acordo e Luís XII, vencido, tivo que abandona-las súas pretensións sobre Nápoles (1504).

<sup>19</sup> Fernando o Católico.

Pero, estes erros non o danarían mentres vivise de non comete-lo sexto: quitárlle-lo estado ós venecianos. Se non acrecentase o poder da Igrexa, nin introducise os españois en Italia, sería moi razoable e necesario debilitalos pero, tomadas aquelas dúas primeiras resolucións, endexamais debeu consenti-lo fracaso de Venecia. Mentres esta fose poderosa arredaría as pretensións alleas sobre a Lombardía, en primeiro lugar porque os propios venecianos non o consentirían, a non ser que eles mesmos se apoderasen dela e, ademais, porque ninguén lla ía quitar a Francia para darlla ós venecianos e ninguén se atrevería a enfrontarse a Francia e Venecia ó mesmo tempo. Se alguén obxecta que o rei Luís lle cedeu a Romaña ó papa Alexandre e o reino de Nápoles a España para evitar unha guerra, eu respóndolle coas razóns xa expostas: endexamais hai que consentir que as desordes aumenten con tal de evitar unha guerra, porque só se consegue demorala en prexuízo propio. E se outros alegasen que o rei prometera axudarlle ó Papa nesa empresa a cambio da disolución do seu matrimonio e da concesión do capelo cardinalicio para o arcebispo de Rouen, responderíalle o que direi máis adiante sobre as promesas dos príncipes e de cómo convén observalas.

O rei Luís perdeu, xa que logo, a Lombardía por non ter cumprido ningunha das normas que observaron os que conquistaron provincias e quixeron conservalas, cousa que non resulta insólita porque é un feito normal e razoable. Disto falei en Nantes co cardeal de Rouen, cando o Valentino (así se lle chamaba popularmente a César Borgia, fillo do papa Alexandre) ocupaba a Romaña. Ó dicirme o cardeal que os italianos non entendían de guerras, eu obxectei que os franceses non entendían das cuestións de estado, porque de non ser así, non terían consentido que a Igrexa chegase a ser tan poderosa. Os feitos demostraron que o poder da Igrexa e de España en Italia foi causado por Francia e, á súa vez, a ruína desta última foi ocasionada polas dúas primeiras. Disto dedúcese unha regra xeral, que

endexamais ou raramente falla: o que lle axuda a outro a conquistar-lo poder labra a súa propia ruína, porque para conseguilo empregará ou o seu enxeño ou a súa forza e ámbalas dúas convérteno en sospeitoso a ollos do que chegou a ser poderoso.

#### CAPÍTULO IV

##### **Dos motivos polos que o reino de Darío conquistado por Alexandre non se rebelou contra os sucesores trala súa morte (Cur Darii regnum, quod Alexander occupaverat, a successoribus suis post Alexandri mortem non defecit)**

Consideradas as dificultades que existen para conservar un estado acabado de adquirir, alguén podería marabillarse do seguinte: Alexandre Magno apropiouse de Asia en poucos anos e a penas acabara de conquistala cando morreu, polo que parecería lóxico que todo aquel estado se rebelase. Sen embargo os seus sucesores lograron conservalo e, aínda máis, as únicas dificultades que atoparon foron as que xurdiron entre eles mesmos pola súa propia ambición<sup>20</sup>. A isto respondo que tódolos principados que coñezo están gobernados de dous xeitos distintos: ou por un príncipe de quen tódolos demais son servidores e que lle axudan a goberna-lo estado en calidade de funcionarios, por gracia e concesión súa, ou por un príncipe e unha corte de nobres, que posúen tal rango non por gracia do seu señor, senón por herdanza familiar. Estes nobres posúen estados e súbditos propios que os recoñecen como señores e que lles profesan un afecto natural. Nos estados gobernados por servidores, o príncipe ten maior autoridade, porque non hai ninguén máis en todo o territorio a quen se recoñeza como superior e, se os súbditos obedecen a algún outro, é só en calidade de ministro ou funcionario e non lle profesan ningún afecto especial.

<sup>20</sup> Os sucesores de Alexandre loitaron denodadamente polo reparto do Imperio, no ano 323 a.C.

Exemplos contemporáneos destes dous tipos de goberno son o do Turco e o do rei de Francia. Toda a monarquía turca está gobernada por un só señor, tódolos demais son ministros que dependen del. O seu reino está dividido en provincias<sup>21</sup>, ás que lles envía distintos administradores que muda e substitúe segundo lle pareza. En cambio, o rei de Francia, no seu estado, atópase rodeado dunha multitude de señores queridos e de antigo recoñecidos como tales polos seus súbditos, cuns privilexios que o rei non lles pode arrebatat impunemente. Quen avalíe un estado e o outro, verá qué difícil é a conquista do estado do Turco, pero, unha vez acadado, será moi fácil conservalo; pola contra, o estado francés resulta máis doado de ocupar, pero máis difícil de manter.

As causas que fan tan difícil ocupa-lo reino do Turco estriban en que non se vai producir unha petición de axuda por parte dos príncipes ou nobres dese reino, nin se pode esperar que a intervención dos que rodean o gobernante facilite a empresa. Isto procede das razóns antes expostas, xa que logo, sendo todos escravos seus e estándolle obrigados, é moi remota a posibilidade de corrompelos; e, aínda que se lograra, non podería esperarse moito proveito, posto que, polas razóns xa aducidas, non poden arrastra-la poboación. De aí que quen ataque ó Turco deberá considerar que se vai enfrontar a un sólido inimigo e confiar máis nas súas propias forzas ca na sublevación allea. Pero, unha vez derrotado no campo de batalla e vencido o Turco, de xeito que non poida reorganiza-los seus exércitos, non haberá outra preocupación cá da súa familia<sup>22</sup>. Destruída a liñaxe do príncipe, xa non haberá a quen temerlle porque os demais non teñen ningún poder sobre o pobo. E así como antes

<sup>21</sup> Maquiavelo di *sangiachi*, sanxacados. Os sanxacados, un tipo de provincias que se mantiveron ata 1921, eran territorios baixo as ordes dun sanxaco ou gobernador.

<sup>22</sup> Todos aqueles que puidesen reivindicar-lo estado coma lexítimos herdeiros. Por iso, Maquiavelo recoméndalle ó novo conquistador que intente aniquilar esa proxenie.



da victoria o vencedor non podía espera-la súa axuda, despois tampouco terá nada que temer.

Nos reinos gobernados por nobres, como o de Francia, sucede o contrario: pódese entrar doadamente, gañando o apoio dalgún deles, porque sempre hai quen estea descontento ou sexa proclive ó cambio. Estes, polas razóns mencionadas, poden abri-las portas dese estado e facilita-la victoria. Pero cando se queira manter nel, esa mesma victoria carrexaralle infinitas dificultades, tanto por parte dos que lle prestaron axuda, coma pola daqueles que foron oprimidos. E tampouco é suficiente con suprimi-la familia do príncipe, porque quedan os señores que se converten en líderes das novas alteracións e, ó non poder satisfacelos nin eliminalos, perderase ese estado en canto se presente a ocasión.

Agora ben, se considerades de qué natureza era o goberno de Darío<sup>23</sup>, veredes que se asemella ó do Turco. Por iso, Alexandre tivo primeiro que loitar contra o exército e derrotalo no campo de batalla, pero despois da victoria e trala morte de Darío, quedoulle asegurado o dominio do estado, polas razóns antes expostas. E se os seus sucesores se mantivesen unidos poderían gozar do poder con tranquilidade, xa que naquel reino non houbo máis tumultos cós que eles mesmos provocaron. Pero manter esa paz nos estados constituídos cunha estrutura coma a de Francia é imposible. Polo mesmo motivo, producíronse frecuentes rebelións en España, Francia e Grecia en tempos dos romanos, debido ós numerosos principados existentes en ditos estados. E mentres perdurou a memoria dos antigos señores, endexamais estiveron seguros, mais cando se apagou o recordo, Roma converteuse en dona das provincias con plena seguridade, gracias á forza e á súa continuidade no poder. Máis tarde, os mesmos romanos, enfrontándose entre eles, puideron atrae-lo favor dunha parte daquelas provincias segundo a autoridade

<sup>23</sup> Darío III, rei de Persia dende o ano 335 ata o 330 a.C.

que cada un tiña sobre elas<sup>24</sup>, sen que estas, ó extinguirse a estirpe dos seus antigos señores, recoñecesen máis donos cós propios romanos. Despois destas consideracións, ninguén se abraiará da facilidade coa que Alexandre conservou o estado de Asia, nin das dificultades dos demais para conserva-lo adquirido, como no caso de Pirro<sup>25</sup> e doutros moitos. Todo iso non procede das moitas ou poucas calidades do vencedor, senón da diversidade dos vencidos.

## CAPÍTULO V

**De cómo convén goberna-las cidades ou os principados que antes de ser conquistados se rexían polas súas propias leis (Quomodo administrandae sunt civitates vel principatus qui antequam occuparentur suis legibus vivebant)**

Hai tres modos de conserva-los estados que, adquiridos como se ten dito, están afeitos a vivir coas súas leis e en liberdade: o primeiro é destruí-las cidades, o segundo ir vivir alí, o terceiro deixárlle-las súas leis, impoñéndolles un tributo e implantando un goberno minoritario que garanta a lealdade. Creados polo príncipe, eses gobernos saben que non poden prescindir da súa amizade e do seu poder, e vense obrigados a facer todo o posible por mantelo. Ademais é máis doado gobernar unha cidade afeita a vivir libre co apoio dos propios cidadáns que de calquera outra maneira, se é que se desexa conservala.

Próbanos os espartanos e os romanos. Os espartanos mantiveron Atenas e Tebas creando un goberno minoritario, pero

<sup>24</sup> Alude, entre outras, ás guerras civís entre César e Pompeio polas terras do Imperio.

<sup>25</sup> Pirro II (318 -272 a. C.), curmán de Alexandre, famoso rei do Epiro, entre os anos 278 e 275 a. C. foi chamado polas cidades gregas de Sicilia para que lles prestara axuda, e así o fixo conseguindo vence-los cartaxineses, pero logo foi derrotado polos romanos.

acabaron por perdelas<sup>26</sup>. Os romanos, en cambio, para apoderarse de Capua, Cartago e Numancia devastáronas e conserváronas; pola contra, quixeron conquistar Grecia, case como fixeran os espartanos, deixándolle a liberdade e as súas propias leis, pero non o conseguiron, de modo que se viron obrigados a arrasar moitas das súas cidades para podela manter baixo o seu poder.

En verdade, non hai medio máis seguro de posuílas cá destrucción. E o que se fai dono dunha cidade afeita a vivir libre e non a arrasa, deberá contar con ser destruído por ela, porque o nome da liberdade e dos seus foros antigos sempre atopará refuxio na rebelión, pois nin o paso do tempo, nin os beneficios recibidos conseguirán que sexan esquecidas. E por moito que se faga ou por moitas precaucións que se tomen, se non se dispersan ou se aniquilan os seus habitantes, estes non esquecerán nunca aquel nome nin aquelas institucións e, na primeira ocasión que teñan, recorrerán a eles, como fixo Pisa ó cabo de cen anos de sometemento ós florentinos<sup>27</sup>.

En cambio, cando as cidades ou as provincias están afeitas a vivir baixo o dominio dun príncipe e a súa dinastía se extinguiu, os cidadáns, como por unha parte están afeitos a obedecer e pola outra perderon o seu antigo príncipe, non se poñen de acordo para elixir a un deles, pero tampouco saben vivir en liberdade. Así que son máis remisos a toma-las armas e para un príncipe é máis doado convencelos e asegurarse o seu apoio. Pero nas repúblicas hai máis vida, máis odio, máis desexo de vinganza e o recordo da antiga liberdade non os deixa nin pode deixalos tranquilos, de xeito que o medio máis seguro é aniquilalas ou vivir nelas.

<sup>26</sup> Na guerra do Peloponeso, Esparta venceu a Atenas establecendo un goberno chamado dos Trinta Tiranos, que de contado foi expulsado por Trasíbulo (403 a.C.). O mesmo método seguiron os espartanos despois de conquistar Tebas (382 a.C) e foron expulsados no ano 379 a.C.

<sup>27</sup> Pisa, conquistada por Florencia no ano 1406, recuperou a súa liberdade no ano 1494 con Carlos VIII de Francia.

## CAPÍTULO VI

### **Dos principados novos que se conquistan con armas e virtude propias**

#### **(De principatibus novis qui armis propriis et virtute acquiruntur)**

Que ninguén se sorprenda se ó falar de principados totalmente novos, sexa polo que se refire ó príncipe sexa polo que respecta ó estado, alego exemplos moi notables, porque os homes case sempre avanza polos camiños percorridos por outros e actúan por imitación, e dado que é imposible seguir en todo os camiños dos demais e acada-la mesma perfección do modelo, un home prudente debe elixir sempre os camiños andados polos grandes homes e imita-los máis sobresalientes, a fin de que, aínda que a súa virtude non sexa semellante, polo menos se achegue un pouco. Debe facer como os arqueiros expertos que, cando lles parece que o albo está demasiado lonxe, coñecendo o alcance do seu arco, apuntan a un lugar máis alto có obxectivo, non para que a súa frecha consiga tanta altura, senón para poder acada-lo punto desexado coa axuda de tan alta mira.

Sosteo, xa que logo, que nos principados completamente novos, nos que hai un príncipe recente, atópanse maiores ou menores dificultades para conservalos segundo a habilidade do que os conquista. Posto que o feito de pasar de cidadán a príncipe supón a intervención da virtude ou da fortuna, parece que a primeira ou a segunda deberían mitigar moitas das dificultades, pero son os que menos se beneficiaron da fortuna os que mellor se sostiveron no poder. Tamén xera facilidades que o príncipe, ó non ter outros estados, se vexa obrigado a vivir no territorio que conquistou.

Pero, falando xa dos que chegaron a príncipes pola súa propia virtude e non pola fortuna, direi que os máis notables foron Moisés, Ciro, Rómulo, Teseo e outros semellantes. Aínda que non haxa que razoar sobre Moisés, por ter sido un mero

executor do que Deus lle ordenaba, merece admiración pola gracia que o facía digno de falar con Deus. Pero ocupémonos de Ciro e de tódolos que conquistaron ou fundaron un reino: atopádelos a todos admirables e, se examinamos as súas accións e os seus métodos particulares, verase que non foron moi diferentes dos de Moisés, que tivo tan gran preceptor. E analizando as súas accións e as súas vidas verase que a fortuna non lles brindou máis cá oportunidade: sen esa ocasión, o valor do seu ánimo teríase apagado e, sen a súa sabedoría, a ocasión tería sido en balde.

Era, polo tanto, necesario que Moisés encontrase o pobo de Israel en Exipto, escravizado e oprimido polos exipcios, para que este, querendo saír da escravitude, se dispuxese a seguilo. Cumpría que Rómulo non quedase en Alba e que fose abandonado ó nacer para que chegase a ser rei de Roma e fundador do estado romano. Era mester que Ciro atopase os persas descontentos co imperio dos medas, e os medas debilitados e acovardados pola longa paz. Teseo non podería demostra-la súa valía de non atopa-los atenienses desunidos. Estas circunstancias, polo tanto, fixeron afortunados a estes homes, e á súa vez o extraordinario valor destes homes permitiulles recoñece-las ocasións, polo que as súas patrias se ennobrecearon e se beneficiaron.

Os que, coma eles, chegaron a ser príncipes por mor da súa virtude, atopan máis dificultades para conquista-lo principado, pero resúltalles máis doado conservalo. As dificultades que se lles presentan na conquista nacen, en parte, da nova organización política e dos novos modos de goberno que se ven forzados a introducir para garanti-la estabilidade do estado e a súa propia seguridade. Téñase ben en conta que non hai nada máis difícil de tratar, nin máis dubidoso de lograr, nin máis perigoso de manexar cá introducción dende o poder de novos ordenamentos, porque o que introduce innovacións ten por inimigos a tódolos que sacaban proveito dos antigos ordenamentos e por

abúlicos defensores a tódolos que se beneficiarán dos novos. Esta abulia nace, en parte, do medo ós adversarios que teñen as leis ó seu favor, en parte da incredulidade dos homes, que non cren nas cousas novas ata que non estean firmemente consolidadas pola experiencia. De aí nace o feito de que, sempre que os inimigos teñan a ocasión de rebelarse, fano por interese mentres que os outros se defenden sen convicción, de xeito que ata o mesmo príncipe corre perigo.

É necesario, polo tanto, se se quere tratar a fondo o tema, examinar se os innovadores se valen por si mesmos ou dependen doutros, é dicir, se para levar adiante a súa obra teñen que pedir ou poden impoñerse pola forza. No primeiro caso acaban sempre mal e non conseguen levar adiante cousa ningunha; pero, cando dependen de si mesmos e poden impoñe-la súa forza, rara vez corren perigo. De aí que tódolos profetas armados vencesen e os desarmados fracasasen. Porque, ademais de todo o dito, a natureza dos pobos é voluble: é fácil convencelos de algo, pero difícil mantelos nesa convicción. Por iso convén organizarse de maneira que, cando o pobo deixe de crer, se lle poida obrigar a crer pola forza.

Moisés, Ciro, Teseo e Rómulo non terían logrado que as súas constitucións se observasen durante moito tempo de ter estado desarmados, como lle ocorreu nos nosos tempos a frei Xerónimo Savonarola, que fracasou nos seus proxectos novos en canto o pobo deixou de crer nel, porque el non tiña recursos para que seguisen crendo os que lle creran, nin para que cresen os incrédulos. Por iso estes homes teñen grandes dificultades no seu proceder, ó atopa-lo camiño cheo de perigos que deben de superar co seu valor; pero, unha vez que os teñen superados, que empezan a ser respectados e que se desfizeron dos envexosos, acadan o poder, a seguridade, a honra e a felicidade.

Quero engadir a tan elevados exemplos outro de menor categoría, pero que está relacionado con eles e quero que sirva para tódolos casos semellantes: o exemplo de Xerón de

Siracusa<sup>28</sup>. Este, de simple cidadán chegou a príncipe de Siracusa e tampouco el recibiu da fortuna nada máis cá ocasión. Os siracusanos sentíndose oprimidos, nomeárono xefe das súas tropas e despois, polos seus méritos nese cargo, elixírono príncipe. E o seu valor foi tal, incluso na súa vida privada, que os que escriben sobre el din: “quod nihil illi deerat ad regnandum praeter regnum”<sup>29</sup>. Xerón desfíxose da milicia antiga, formou unha nova, abandonou as vellas alianzas e estableceu outras novas, de xeito que tan pronto como tivo os seus propios soldados e as súas propias amizades, puido edificar sobre tales alcerces tódolos edificios: así que lle custou moito traballo conquistalo pero pouco mantelo.

## CAPÍTULO VII

### **Dos principados novos que se conquistan coas tropas e coa fortuna alleas**

#### **(De principatibus novis qui alienis armis et fortuna acquiruntur)**

Ós que de particulares chegan a príncipes só pola fortuna, cústalles moi pouco esforzo, pero logo mantéñense con dificultade: o seu camiño cara ó principado é doado, coma se voasen, pero unha vez establecidos xórdenlles tódolos problemas. Isto sucede cando se acaba un estado por diñeiro ou pola gracia de quen llo outorga, como lles sucedeu a moitos en Grecia, nas cidades de Xonia e Helesponto, onde Darío os fixo príncipes para afianza-la seguridade e a gloria do seu reino e como lles sucedeu tamén ós que de simples cidadáns chegaron a emperadores pola corrupción dos soldados.

Estes príncipes dependen unicamente da vontade e da fortuna dos que lles concederon o poder, dúas cousas volubles e

<sup>28</sup> Xerón, tirano de Siracusa (269-215 a.C.).

<sup>29</sup> “Nada lle faltaba para reinar, excepto o reino”.

inestables. Non saben nin poden desempeñar este cargo: non saben porque, a non ser que se trate de homes de grande enxeño e gran capacidade, non é lóxico que a vida levada ata entón lles ensinase a mandar; non poden porque non dispoñen de forzas que os apoiem e lles sexan fieis. Ademais os estados que xorden repentinamente, coma tódalas demais cousas da natureza que nacen e crecen ás présas, non poden te-las raíces e as ramificacións firmes, de xeito que os destrúe a primeira adversidade, a non ser que –como xa dixemos– os que tan de repente se converteron en príncipes posúan tanto enxeño que, dende o primeiro momento, saiban toma-las medidas necesarias para conserva-lo que a fortuna puxo nas súas mans e despois saiban reforza-los alicerces que os demais botaron antes de ser príncipes.

De cada unha destas dúas maneiras de converterse en príncipes, sexa por virtude ou por fortuna, quero poñer dous exemplos dos nosos días: o de Francisco Sforza e o de César Borgia. Francisco Sforza pasou de particular a duque de Milán empregando os medios axeitados e a súa gran habilidade e o que conquistara con tanto traballo conservouno con pouco esforzo. Sen embargo César Borgia, chamado popularmente Duque Valentino, conquistou o estado gracias á fortuna do seu pai, e con ela perdeuno, a pesar de ter realizado todo o que un home virtuoso debe facer para botar raíces naqueles estados que os exércitos e a fortuna alleas lle proporcionaran. Porque, como dixen antes, quen previamente non botou alicerces podería, se ten grande enxeño, facelo despois, aínda que iso comporte traballo para o arquitecto e perigo para o edificio. Se se consideran, xa que logo, tódolos modos de proceder do Duque, verase que el preparara fundamentos sólidos para o seu futuro poder. Non estimo superfluo tratar deles, xa que eu non sabería dar mellor exemplo có seu para adoutrinar un príncipe novo. E se as súas resolucións non deron bo resultado non foi pola súa culpa, senón por unha extraordinaria e extremada adversidade da fortuna.



Alexandre VI, polo desexo de facer poderoso o seu fillo o duque, atopou moitos obstáculos presentes e futuros. En primeiro lugar, non vía o camiño para que este fose señor dalgún estado que non pertencese á Igrexa; e, aínda que quixese quitarlle a esta parte do seu estado, sabía que o duque de Milán e os venecianos non llo ían consentir –porque Faenza e Rímini estaban xa baixo a protección dos venecianos—. Ademais era tamén consciente de que os exércitos de Italia e, especialmente, aqueles dos que podería terse servido, estaban precisamente nas mans dos que temían o engrandecemento do Papa e polo tanto non podía confiar neles, ó estar mandados polos Orsini, os Colonna e os seus partidarios. Era necesario, pois, alterar aquela situación e transforma-los seus estados, para facerse dono con seguridade dunha parte deles. Isto resultoulle doado, porque os venecianos, por razóns propias, decidiran volver deixar-lles entrar ós franceses en Italia: cousa á que non só non se opuxo, senón que máis ben facilitou anulando o anterior matrimonio de Luís XII.

Dese xeito, o rei entrou en Italia coa axuda dos venecianos e co consentimento de Alexandre e tan axiña como entrou en Milán, cedeulle tropas ó Papa para a conquista da Romaña, cousa posible gracias ó prestixio do rei. Conseguida dese xeito a Romaña e derrotados os Colonna, o Duque quixo conservala e seguir avanzando, pero tiña dous impedimentos: o primeiro, a desconfianza nas súas tropas, que non lle parecían de fiar; o segundo, non estar moi seguro da vontade de Francia. É dicir, tiña medo de que os exércitos dos Orsini, dos que se valera, lle fallasen e non só lle impediran os seus proxectos de seguir conquistando, senón que lle quitasen tamén o que xa tiña conquistado e temía que o rei de Francia fixese o mesmo. Dos Orsini tivo o primeiro síntoma cando, logo da toma de Faenza, atacou Boloña e viu o seu escaso espírito de loita. Polo que atinxe ó rei, coñeceu a súa disposición de ánimo cando, despois de conquista-lo ducado de Urbino, invadiu a Toscana e o rei o obrigou

a desistir desta empresa. Por todo isto, o Duque resolveu non depender no sucesivo nin das tropas nin da fortuna alleas.

O seu primeiro paso foi debilita-las faccións dos Orsini e dos Colonna en Roma, porque cativou a tódolos nobres unidos a estas dúas casas facéndoos nobres seus e ofrecéndolles soldos elevados e distinguíndoos segundo as súas calidades, con cargos militares e políticos; de modo que en poucos meses apagóuselle-lo amor polo seu partido virando totalmente cara ó Duque. Despois esperou a oportunidade de desfacerse dos Orsini, logo de dispersa-la casa dos Colonna; esta ocasión veulle ben e aproveitouna aínda mellor porque, dándose conta os Orsini, aínda que tarde, de que a grandeza do Duque e da Igrexa significaban a súa propia ruína, celebraron unha reunión en Magione<sup>30</sup>, na rexión de Peruxia, da que resultaron despois a rebelión de Urbino, os tumultos da Romaña e innumerables perigos para o Duque, que conseguiu superalos todos coa axuda dos franceses.

Recobrado o prestixio, non confiando xa en Francia, nin no resto das forzas alleas para non correr máis riscos, recorreu ós enganos. E tan ben soubo disimula-las súas intencións que mesmo os Orsini se reconciliaron con el por mediación de Paulo<sup>31</sup>, ó que o Duque cubriu de atencións para gaña-la súa confianza, regalándolle diñeiro, vestidos e cabalos; a inxenuidade desta xente foi tal que caeron nas súas mans en Senigalia<sup>32</sup>. Eliminados, xa que logo, os líderes e tendo ganado mesmo a amizade cos seus partidarios, o Duque puxera uns fundamentos bastante sólidos para o seu poder xa que posuía toda a Romaña e o ducado de Urbino e creu, sobre todo, ter gañado

<sup>30</sup> Trátase dunha pequena vila preto de Peruxia, na que se reuniron ademais dos Orsini, moitos outros señores que temían as conquistas do duque.

<sup>31</sup> Trátase de Paulo Orsini.

<sup>32</sup> Corresponde a decembro de 1502. Maquiavelo xa narrara a traizón de Valentino en Senigalia no seu famoso escrito titulado *Descrizione del modo tenuto dal duca Valentino nello ammazzare Vitellozzo Vitelli, Oliverotto da Fermo, il Signor Pagolo e il Duca di Gravina Orsini*.

a amizade da Romaña e o agradecemento de todas aquelas vilas que empezaran a gozar de certo benestar.

E como esta parte é digna de ser coñecida e imitada por outros non a quero desbotar. Conquistada a Romaña polo duque Valentino, que a atopara administrada por gobernantes ineptos dedicados máis ben a despoxa-los seus súbditos que a gobernalos, dándolles máis motivos para estar desunidos que unidos, ata o punto de que naquela provincia abundaban os latrocinios, as contendas e toda clase de desordes, o Duque xulgou que, para establece-la paz e a obediencia á potestade papal, era necesario darlle un bo goberno. Por iso impuxo a micer Ramiro de Orco<sup>33</sup>, home cruel e decidido, ó que lle conferiu plenos poderes. Este, en pouco tempo, pacificou e unificou a provincia acadando moita sona. Máis tarde o Duque estimou innecesaria unha autoridade tan excesiva, pensando que a longo prazo resultaría odiosa, polo que estableceu un tribunal civil no centro da provincia<sup>34</sup>, presidido por un home excelentísimo, e no que cada cidade tiña o seu defensor. Como sabía que os rigores pasados lle ocasionaran certos odios, para eliminar tal sentimento e cativar plenamente aqueles pobos, quixo demostrar que, se tiña habido crueldade, non fora culpa súa, senón da dura natureza do seu ministro. Aproveitando unha ocasión favorable, unha mañá fixo exhibi-lo seu cadáver na praza de Cesena, partido en dúas metades, cunha estaca e un coitelo ensanguentados ó seu carón. A ferocidade do espectáculo fixo que aquelas vilas quedasen por algún tempo satisfeitas e, ó mesmo tempo, estarrecidas.

Pero volvamos ó noso punto de partida. O Duque, que xa se sentía bastante poderoso e en parte libre dos posibles perigos –por terse armado ó seu xeito e ter sufocado os exércitos que por

<sup>33</sup> Ramiro de Lorqua, dende había moitos anos ó servizo do Valentino, foi nomeado por este lugartenente xeral na Romaña no ano 1501.

<sup>34</sup> O Tribunal Civil (*Judicio Civile*) foi instituído no mes de novembro do ano 1502 e denominado *Rota*.

proximidade o puidesen atacar-, para poder engrandecerse, debía tomar prevencións contra o rei de Francia, porque sabía que este, aínda que percibira tarde o seu erro, non llo ía consentir. Por iso empezou a procurar aliados novos e a mostrarse vacilante nos seus pactos con Francia, cando os franceses chegaron a Nápoles para enfrontarse ós españois no asedio de Gaeta<sup>35</sup>. A súa intención era asegurarse contra eles, cousa que tería logrado axiña se seguise vivindo Alexandre VI. Estas foron as súas directrices no que atinxe ós problemas contemporáneos.

En canto ós problemas futuros, en primeiro lugar, tiña que asegurarse de que o novo sucesor da Igrexa lle fose favorable e non intentase quitarlle o que Alexandre lle dera. Pensou evitalo de catro maneiras: primeiro, aniquilar por completo as familias dos señores ós que despoxara das súas terras, para quitarlle ó Papa unha baza; segundo, gañar a tódolos nobres de Roma, como se ten dito, para poñerlle freo ó Papa; terceiro, procurar controla-lo Colexio cardinalicio; cuarto, adquirir poder abondo antes da morte do Papa que lle permitise resistir por si mesmo o primeiro ataque. Destas catro cousas, á morte de Alexandre, xa conseguira tres e estaba a piques de conseguila cuarta, porque matara a todos cantos puido dos señores ós que despoxara, salvándose pouquísimos; ós nobres romanos tíñaos do seu lado e dominaba gran parte do Colexio cardinalicio; en canto á nova conquista, tiña planeado chegar a ser señor da Toscana e xa posuía Peruxia e Piombino, mentres que Pisa estaba baixo a súa protección.

E de non ter sido polo seu medo a Francia (aínda que xa non llo debería ter, porque os españois lles quitaran ós franceses o reino de Nápoles de xeito que ámbolos dous necesitaban comprar a súa amizade) teríase avalanzado sobre Pisa. A continuación,

<sup>35</sup> Os franceses, que loitaban contra os españois polo reino de Nápoles, foran vencidos por Gonzalo Fernández de Córdoba en dúas importantísimas batallas, Seminara e Ceriñola, en abril do ano 1503. Posteriormente mandaran un exército para liberar Gaeta. A batalla de Garigliano puxo fin á guerra.

Luca e Siena cederían rapidamente, en parte por envexa dos florentinos e en parte por medo; e entón os florentinos non terían escapatoria. De telo logrado (teríao conseguido no ano mesmo en que Alexandre morreu) tería acadado tanta forza e tanto prestixio que podería valerse por si mesmo, sen depender da fortuna e do poder alleos senón só da súa forza e habilidade. Pero Alexandre morreu cando a penas había cinco anos que o Duque desenvainara a espada. Deixouno cando soamente estaba consolidado o estado da Romaña, mentres tódolos demais quedaban no aire entre dous potentísimos exércitos inimigos, e el estaba enfermo de morte.

Había nel tanta fereza e tanto valor e tan ben sabía que ós homes hai que cativalos ou destruílos, e soubo en tan pouco tempo asentar tan ben o seu poder sobre sólidos alicerces que, de non ser acosado por aqueles dous exércitos ou de estar san, tería resistido tódalas dificultades. Ben se puido ver que as súas bases eran estables: a Romaña gardoulle fidelidade máis dun mes, en Roma, aínda que moribundo, estivo seguro e a pesar de que os Baglioni, Vitelli e Orsini foron a Roma non atoparon aliados contra el; se non puido facer papa a quen quixo, fixo polo menos que non o fose quen el non quería. Con todo, se estivese san á morte de Alexandre, todo lle tería sido fácil. El mesmo me dixo o día da elección de Xulio II<sup>36</sup> que xa tiña calculado canto puidese ocorrer á morte do seu pai e que para todo atopara solución, pero endexamais pensou que por aquel entón tamén el estaba a piques de morrer.

Recompiladas, entón, tódalas accións do Duque, eu non ousaría censuralo; incluso o considero, como teño dito, modelo de cantos cheguen ó poder gracias á fortuna e ás tropas alleas. Porque dada a forza do seu ánimo e das súas intencións, non podía ter actuado doutro modo; só se opuxeron ós seus proxectos

<sup>36</sup> Cómpre recordar que antes de Xulio II foi papa Pío III Piccolomini, que morreu antes da súa investidura.

a brevidade da vida de Alexandre e a súa propia enfermidade. Por conseguinte, quen no seu novo principado xulgue necesario protexerse dos inimigos, facer amigos, vencer tanto pola forza coma coa astucia, facerse amar e temer polo pobo, ser seguido e respectado polos soldados, acabar cos que poidan ou deban danalo, renova-las medidas nas antigas institucións, ser severo e agradable, magnánimo e liberal, aniquila-lo exército desleal creando un novo e conserva-la amizade de reis e príncipes de xeito que teñan que beneficiarse con mesura ou danar con respecto, non poderá atopar exemplo máis recente cós das accións deste.

Soamente pode ser acusado do nomeamento do papa Xulio, pola súa mala escolla; porque, como dixemos, se non podía elixi-lo papa que quería, si que podería impedir que elixisen a un papa que non quería; e endexamais debeu consentir que chegase ó Papado algún dos cardeais ós que ofendera ou que, unha vez chegados a papa, lle tivesen medo; porque os homes fan dano ou por medo ou por odio. Os que el ofendera eran, entre outros, o cardeal de San Pedro ad Vincula, o cardeal Colonna, o de San Xurxo e Ascanio; tódolos demais unha vez elixidos papa, tiñan motivos para temelo, excepto o de Rouen e os españois, estes por parentesco e porque estaban obrigados a el e o primeiro polo seu poder, xa que contaba coa axuda de Francia. Polo tanto o Duque debeu ter feito papa a un español e, de non terlle sido posible, conseguir que fose papa o cardeal de Rouen e non o de San Pedro ad Vincula. E quen pense que ós grandes personaxes os novos favores fanlles esquecer vellas ofensas, engánase. O Duque equivocouse, xa que logo, nesta escolla e esa foi a causa do seu definitivo fracaso<sup>37</sup>.

<sup>37</sup> Parece mentira que un home que defendeu sempre a idea de non se fiar de ninguén e de ter os ollos ben abertos, ó final fiouse da palabra do seu inimigo.

## CAPÍTULO VIII

### **Dos que chegaron ó principado mediante delictos (De his qui per scelera ad principatum pervenere)**

Pero, dado que existen outros dous xeitos de converterse en príncipe, non atribuíbles totalmente nin á fortuna nin á virtude, non me parece oportuno desdeñalos, aínda que sobre un deles se podería discorrer máis detidamente ó tratar das repúblicas. Isto sucede cando se chega ó principado por un camiño perverso e detestable ou ben cando un particular se converte en príncipe da súa patria co favor dos seus concidadáns. Falando do primeiro dos casos citarei dous exemplos, un antigo e outro moderno, sen entrar en valoracións ulteriores, porque xulgo que a quen o precise bastaralle con imitalos.

O siciliano Agatocles<sup>38</sup>, home non só de baixa condición senón tamén de orixe humilde e innobre, chegou a rei de Siracusa. Fillo dun oleiro, mantivo ó longo da súa vida unha conducta perversa, pero actuou sempre con tanta fortaleza de corpo e ánimo que chegou, a través de tódolos graos da carreira militar, a ser pretor de Siracusa. Unha vez que se atopou en dito cargo, planificou ser príncipe e obter pola forza, sen deberllo a ninguén, o que de común acordo se lle outorgara, compartindo o seu plan co cartaxinés Amílcar<sup>39</sup> que estaba en Sicilia cos seus exércitos. Convocou unha mañá o pobo e o senado de Siracusa, coma se tivese que deliberar con eles asuntos de estado e, a un sinal seu previamente concertado, fixo que os seus soldados asasinasen a tódolos senadores e ós cidadáns máis ricos; mortos estes, ocupou e mantivo o principado daquela cidade sen ter que se enfrontar a ningunha contenda civil. E aínda que os cartaxineses o derrotaran dúas veces e, por último, o asediasen, non só puido defende-la súa cidade, senón que,

<sup>38</sup> Tirano que reuniu tódalas cidades gregas baixo a hexemonía de Siracusa (317-289 a.C.).

<sup>39</sup> Trátase de Amílcar fillo de Giscón e non do célebre Amílcar Barca.

deixando parte do exército para a súa defensa, coa outra atacou África e en pouco tempo liberou Siracusa do asedio e puxo os cartaxineses en gravísimo apuro: estes víronse obrigados a tratar con el e a conformarse coa posesión de África, deixándolle a Agatocles a de Sicilia.

Quen examine, xa que logo, as accións e a vida deste home, verá que nada ou case nada, se pode atribuír á fortuna. En efecto, como xa dixemos antes, chegou ó principado non polos favores de ninguén, senón ascendendo militarmente entre abondosas dificultades e perigos e conservouno gracias a moitas decisións valentes e perigosas. Certo é que non se pode chamar virtude a asasina-los seus concidadáns, traizoa-los amigos, carecer de palabra, de respecto e de relixión: tales medios poden levar ó poder, pero non á gloria. Porque se considerámo-lo valor de Agatocles para enfrontarse ós perigos e librarse deles, a súa grandeza de ánimo para soportar e vencer as adversidades, faise patente que non se pode reputar inferior a ningún destacadísimo capitán. Pero a súa feroz crueldade e inhumanidade, xunto cos crimes que cometeu, non nos permiten aclamalo entre os homes máis excelentes. É imposible, polo tanto, atribuír á fortuna ou á virtude o que el conseguiu sen ningunha delas.

Nos nosos tempos, durante o pontificado de Alexandre VI, Oliverotto de Fermo<sup>40</sup>, ó quedar moi neno orfo de pai, foi criado por un tío materno chamado Xoán Fogliani e nos primeiros anos da súa xuventude foi posto ó servicio do capitán Paulo Vitelli<sup>41</sup> para que, cando fose un experto na arte da guerra, chegase a destacar na milicia. Á morte de Paulo, entrou ó servicio do irmán Vitellozzo e, en pouco tempo, polo seu enxeño, forza física e valentía, chegou a se-lo primeiro entre os seus homes. Pero parecéndolle servil estar ás ordes doutro, planeou

<sup>40</sup> Oliverotto Euffreducci.

<sup>41</sup> Condotiero florentino, axustizado por traizón no ano 1499.



apoderarse de Fermo, valéndose dalgúns cidadáns que apreciaban máis a servidume cá liberdade da súa patria e coa axuda da familia Vitelli. Así que lle escribiu a Xoán Fogliani dicíndolle que, logo de ter botado tantos anos fóra da casa, quería visitalos a el e mais a súa cidade, coñecer mellor o seu patrimonio e que, posto que traballara tanto só polo honor, a fin de demostrarlles ós seus cidadáns que non malgastara o tempo, quería presentarse dignamente, acompañado de cen xinetes amigos e servidores seus; e rogáballe que procurase que os habitantes de Fermo o recibisen debidamente, pois isto non só era honroso para sí, senón para o propio Fogliani por telo tido por discípulo.

Así pois, Xoán Fogliani cumpriu cortesmente os desexos do seu sobriño: fixo que os de Fermo o recibisen con honores e aloxouno na súa casa. Alí, ó cabo duns días, disposto secretamente o necesario para o crime que proxectara, deu un espléndido banquete ó que convidou a Xoán Fogliani e ás persoas principais de Fermo. Terminado o xantar e os entretementos propios desta clase de convites, Oliverotto levou intencionadamente a conversación á grandeza de Alexandre VI e do seu fillo César e ás empresas de ámbolos dous. Xoán e os demais convidados entretidos respondían ós seus razoamentos e entón, de súpeto ergueuse dicindo que era asunto digno de ser tratado máis privadamente e retirouse a outro cuarto, seguido de Xoán e dos demais convidados. Acababan de sentar cando os soldados que alí estaban agochados saíron e mataron a Xoán Fogliani e a tódolos demais.

Cometido este homicidio, Oliverotto montou a cabalo e percorreu as rúas ó galope e asediou no palacio os compoñentes da suprema maxistratura; de xeito que, amedrentados, víronse obrigados a obedecerlle e a formar un goberno do que se proclamou príncipe. Asasinados todos aqueles que por estar descontentos o podían danar, afianzou o seu poder con novas institucións civís e militares, de forma que, no prazo do ano que mantivo o principado, non soamente se atopou seguro na

cidade de Fermo, senón que mantivo amedrentados a tódolos seus veciños. E tería sido moi difícil a súa expulsión, coma no caso de Agatocles, de non terse deixado enganar por César Borgia, cando este, como dixemos anteriormente, apresou os Orsini e os Vitelli en Senigalia: capturado alí tamén el, ó ano de ter cometido o parricidio, foi estrangulado xunto con Vitellozzo, o seu mestre na arte da guerra e do crime.

Alguén podería preguntarse por qué Agatocles e outros coma el, despois de ter cometido infinitas traizóns e crueldades, puideron vivir seguros na súa patria durante tanto tempo e defenderse dos inimigos de fóra sen que os seus concidadáns conspirasen nunca contra eles, mentres que moitos outros, polas súas crueldades, non puideron conserva-los estados nin sequera en tempos de paz e moito menos nos inseguros tempos de guerra. Creo que isto se debe ó bo ou ó mal uso que se faga da crueldade. Pódese definir coma boa aplicación da crueldade (se é lícito falar ben do mal) a que se comete nun momento dado pola necesidade de afianzarse e logo non se insiste máis nela, senón intentando saca-lo maior proveito para os súbditos. Mal empregadas son aquelas crueldades que, aínda que poucas en principio, van crescendo co tempo en vez de diminuír. Os que seguen a primeira maneira poden atopar algún remedio para mante-lo seu estado ante Deus e ante os homes, como fixo Agatocles, os demais é imposible que se manteñan.

Polo tanto hai que deducir que, cando se conquista un estado, quen o ocupa ten que calcular cáles son os danos que vai ter que cometer e facelos todos dunha vez, para evitar renova-los diariamente, asegurándose deste xeito a fidelidade dos homes, gañándoos cos beneficios que lles ofrece. Quen actúe doutra forma, sexa por falta de decisión ou por estar mal aconsellado, verase obrigado a permanecer co coitelo na man e endexamais poderá apoiarse nos seus súbditos porque estes, á súa vez, non se sentirán seguros con el, polas aldraxes que continuamente reciben. As ofensas débense facer todas de vez, para que ó non

ser prolongadas danen menos, mentres que os beneficios se deben facer pouco a pouco, para saborealos mellor. E, sobre todo, un príncipe debe vivir cos seus súbditos de tal modo que ningunha eventualidade, mala ou boa, lle faga variar de conducta, porque, de ter que facelo nun momento de adversidade, non se chega a tempo para remedia-lo mal e o ben que se fai non abonda porque, xulgándoo forzado, non se agradece.

## CAPÍTULO IX

### **Do principado civil**

#### **(De principatu civili)**

Pero, volvendo ó outro caso, é dicir, cando un cidadán pode chegar a príncipe da súa patria, non mediante delicto ou outra intolerable violencia, senón co apoio dos seus concidadáns, que poderíamos denominar principado civil (para chegar a el non se precisa nin só virtude nin só fortuna, senón máis ben posuír unha astucia afortunada), digo que este principado se pode alcanzar ou co favor do pobo ou co dos poderosos. Pois en tódalas cidades se atopan estas dúas tendencias distintas e débese ó feito de que o pobo non desexa ser mandado nin oprimido polos poderosos, mentres que os poderosos desexan mandar e oprimi-lo pobo. E destas apetencias contrapostas nace nas cidades un dos tres efectos seguintes: principado, liberdade ou desorde.

O principado procede do pobo ou dos poderosos, segundo unha ou outra destas partes atope a ocasión. Se os grandes se decatan de que non lle poden facer fronte ó pobo, favorecen o prestixio dun deles e fano príncipe para poder, ó abeiro del, sacia-las súas apetencias. Se o pobo ve que non pode resisti-los poderosos, concentra todo o seu poder nun home e noméao príncipe, para ser defendido pola súa autoridade. Ó que chega ó principado coa axuda dos poderosos cústalle máis manterse no poder que ó que chega coa axuda do pobo, porque

aínda que sexa príncipe, atópase rodeado de moitos que se cren iguais ca el, ós que non lles pode dar ordes nin manexalos ó seu xeito.

Sen embargo o que chega ó principado co favor popular atópase só no mando e non hai ninguén ou case ninguén ó seu redor que non estea disposto a obedecer. Ademais disto, non se pode satisfacer-los poderosos con honestidade e sen agravio doutros, pero si se pode satisfacer-lo pobo, porque a súa intención é máis digna cá dos poderosos, xa que logo estes queren oprimir e aquel non ser oprimido. Por outra banda, un príncipe nunca poderá sentirse seguro se ten o pobo como inimigo, por ser numeroso, pero si se pode sentir seguro dos poderosos porque son poucos. O peor que un príncipe pode esperar dun pobo inimigo é que o abandone, pero se ten por inimigos os poderosos non só debe temer que o abandonen senón que se lle enfronten, porque ó ser máis precavidos e astutos sempre atoparán o xeito de se salvar e procurarán conseguir-los favores do que esperan que gañe. Ademais, o príncipe precisa vivir sempre co mesmo pobo, pero pode perfectamente prescindir dos mesmos nobres, ós que pode pouco a pouco aniquilar ou dar poder e, ó seu antollo, outorgarlles ou quitarlles creto.

Para aclarar mellor esta parte, direi que cómpre clasificar-los poderosos fundamentalmente en dúas clases: os que gobernan segundo o seu proceder, de xeito que se vinculan totalmente á sorte do príncipe e os que non. Os primeiros, sempre que non sexan cobizosos, deben ser recompensados e queridos; ós outros hai que dividilos en dúas categorías: os pusilánimes e carentes de ánimo, dos que cómpre servirse -sobre todo dos máis prudentes-, porque nos momentos de prosperidade honran ó príncipe e nos de adversidade non hai por qué temelos; pero dos que non se vinculan a este intencionadamente por ambición propia, pensando unicamente en si mesmos, debe gardarse o príncipe e temelos coma se fosen inimigos declarados, porque na adversidade contribuirían sempre á súa ruína.

Polo tanto, quen chegue a príncipe co favor do pobo debe conservalo como amigo, tarefa que lle será doada, porque este só lle pide non ser oprimido. Pero quen, co pobo en contra, chega a príncipe co favor dos poderosos debe ante todo tratar de cativa-lo pobo, o que lle resultará fácil en canto se convirta no seu protector. E como os homes, cando reciben beneficios de quen esperaban agravios, senten máis a obriga cara ó seu benfeitor, o pobo chega a ser máis benévolo co príncipe novo que se el mesmo o tivese levado ó principado co seu apoio. O príncipe pode gaña-lo favor do pobo de moitas maneiras, das que, variando segundo as situacións, non é posible dar regras e polo tanto omitireinas.

Como conclusión, direi unicamente que a un príncipe élle necesario te-lo pobo do seu lado; en caso contrario non atopará salvación no perigo. Nabis<sup>42</sup>, príncipe dos espartanos, resistiu o asedio de toda Grecia e dun exército romano victoriosísimo, defendendo a súa patria e o seu estado; e no perigo bastoulle apoiarse nun pequeno grupo, que non lle tería bastado se o pobo lle fose hostil. Que ninguén rexeite esta opinión miña co principio tan manido de que quen se funda no pobo, fúndase na lama, porque isto só é certo cando quen o fai é só un cidadán e cre que o pobo o liberaría se se vise ameazado polo inimigo ou pola maxistratura. Neste caso podería enganarse facilmente, coma lles aconteceu ós Gracos<sup>43</sup> en Roma e ó señor Xurxo Scali<sup>44</sup> en Florencia. Pero se quen basea o seu apoio no pobo é un príncipe con capacidade de mando, un home valoroso que non se amedrenta na adversidade, que non carece da preparación necesaria

<sup>42</sup> Tirano de Esparta do ano 206 ó 192 a.C.

<sup>43</sup> Os irmáns Tiberio e Caio Graco foron dous tribunos romanos que quixeron reformar a propiedade agraria para favorece-lo pobo. O primeiro foi asasinado no ano 133 a.C. e o segundo no 121 a.C. en tumultos promovidos polos patricios romanos que pretendían evitar a súa reforma.

<sup>44</sup> Logo do tumulto dos Ciompi (1478), Xurxo Scali gobernou Florencia aínda que despois acabou os seus días no patíbulo. Antes de morrer queixábase da falta de lealdade por parte de todos aqueles ós que el tanto favorecera antes.

e que co seu valor e enerxía arrastra o ánimo das masas, endemais será enganado polo pobo e comprobará que o seu poder está baseado nuns bos alicerces.

Estes principados adoitan perigar cando están a piques de pasar de civís a absolutos, porque os seus príncipes ou gobernan directamente ou por medio de maxistraturas. No último caso a súa situación é máis débil e máis perigosa, porque están totalmente supeditados ó arbitrio daqueles cidadáns que exercen a maxistratura. Estes, principalmente nos tempos adversos, poden arrebatárlle-lo estado con gran facilidade, sublevándose ou non obedecendo. E nos momentos de perigo ó príncipe fáltalle tempo para asumi-lo poder absoluto, porque nese momento os cidadáns e os súbditos, que están afeitos a recibir as ordes dos maxistrados, non están dispostos a obedecer as súas, de xeito que en tempos dubidosos escasearán as persoas das que el poida fiarse. O príncipe non pode basearse no que sucede en tempos de paz, cando os cidadáns precisan do goberno, porque entón —cando a morte está lonxe— todos corren, todos prometen e todos queren da-la vida por el; pero nos tempos adversos, cando o estado necesita os cidadáns, atopará poucos dispostos a tanto. E esta experiencia é tanto máis perigosa en canto se pode facer só unha vez. Por iso un príncipe cordo ten que idear un sistema de goberno polo cal os seus cidadáns, sempre e calquera que sexa a circunstancia, precisen do principado e del mesmo e así sempre lle serán fieis.

## CAPÍTULO X

### **De cómo han valorarse tódalas forzas dos principados**

#### **(Quomodo omnium principatum vires perpendi debeant)**

Cando se examinan as calidades destes principados convén sopesar outra consideración, a saber: se o príncipe é tan poderoso que pode, en caso de necesidade, valerse por si mesmo ou se sempre precisará da axuda doutros. E para aclarar mellor

este punto, estimo que son quen de sosterse por si mesmos os que poden reunir, por abundancia de homes ou de diñeiro, un exército axeitado e enfrontarse en batalla a quenquera que os veña asaltar. Tamén considero que os que precisan doutros non poden presentar batalla ante o inimigo en campo aberto, senón que están obrigados a refuxiarse tralas murallas para defendelas. O primeiro caso examinouse xa e máis adiante precisarase con detalle. Polo que respecta ó segundo, non se pode engadir nada máis, tan só alentar a tales príncipes a que fortifiquen e armen a súa propia cidade, sen preocuparse en absoluto do resto do territorio. E calquera que fortifique ben a súa cidade e, gobernando os seus súbditos, se teña comportado tal como se dixo anteriormente e como máis adiante se especificará, sempre será atacado con temor, porque os homes son inimigos das empresas que presentan dificultades; non ha presentar facilidades para o asalto quen teña a súa cidade ben gornecida e non sexa odiado polo seu pobo.

As cidades de Alemaña son certamente libres, contan con pouco territorio e obedécenlle ó emperador segundo a súa vontade; nin o temen a el nin a ningún outro señor poderoso que teñan ó seu arredor, porque están fortificadas de tal maneira, que todos consideran o difícil e trabaloso que sería expugnalas. Todas elas teñen fosos, murallas axeitadas e suficiente artille-ría, contan sempre con provisións de comida, bebida e leña para un ano enteiro. Ademais de todo isto, para poder te-la plebe mantida sen perda para o erario público, sempre teñen maneira de darlle traballo en ocupacións que sexan fundamentais para a vida da cidade, e destas actividades vive a plebe. Cómpre engadir que os exércitos están moi ben considerados e que, a este propósito, existen moitas disposicións que os regulan.

Por conseguinte, un príncipe que teña unha cidade forte e non provoque odio non pode ser asaltado. E se houbese alguén que o atacase, o seu asaltante veríase obrigado a desistir avergoñado, porque as cousas do mundo varían tanto que é

imposible que alguén poida manter un asedio durante un ano sen obter resultados. E a quen replique que se o pobo ten as súas propiedades fóra da cidade e as ve arder non terá paciencia e que, tanto o longo asedio como o seu amor propio, lle farán esquecer-lo príncipe, respóndolle que un príncipe poderoso e con ánimo sempre superará todas estas dificultades, unhas veces dándolles ós seus súbditos a esperanza de que o mal non ha durar moito, outras veces atemorizándoos coa crueldade do inimigo, ou ben asegurándose habilmente dos que lle parezan demasiado afoutados. Ademais disto, suponse razoablemente que o inimigo queima e devasta as terras dende a súa chegada, cando os ánimos dos homes están inflamados e dispostos á defensa, polo tanto moito menor debe se-lo temor do príncipe, porque ó cabo duns días, cando os ánimos se teñen arrefriado o dano xa está feito, vense as consecuencias e xa non hai remedio. É entón cando os cidadáns se unen máis ó seu príncipe parecéndolles que el lles está obrigado, porque as súas casas foron queimadas e as súas posesións devastadas, precisamente por defendelo a el. É inherente á natureza dos homes contraer obrigas, tanto polos favores feitos coma polos recibidos. Polo tanto, ben considerado todo, non lle será difícil a un príncipe intelixente manter firmes os ánimos dos cidadáns tanto ó principio coma durante o asedio, sempre que non lles falten medios para subsistir e defenderse.

## CAPÍTULO XI

### **Dos principados eclesiásticos**

#### **(De principatibus ecclesiasticis)**

Quédannos unicamente por examina-los principados eclesiásticos; estes presentan unhas dificultades que xorden incluso antes de posuílos, dado que para conquistalos fai falla ou virtude ou fortuna, mentres que para conservalos non son



necesarias ningunha delas porque se sosteñen nas antigas institucións eclesiásticas, tan poderosas e prestixiosas que manteñen os seus príncipes no poder, calquera que sexa o seu modo de proceder e de vivir. Estes príncipes son os únicos que teñen estados pero non os defenden, e teñen súbditos pero non os gobernan. E os seus estados, aínda que están indefensos, ningún llos arrebatara e os súbditos non se preocupan da falta de goberno, nin pensan en abandonalos seus señores. Estes principados son, xa que logo, os únicos seguros e felices.

Pero posto que están rexidos por causas superiores que a mente humana non alcanza, omitirei falar deles; porque sendo enalzados e mantidos por Deus, razoar sobre eles sería propio de home presuntuoso e temerario<sup>45</sup>. Sen embargo, alguén podería preguntarme o motivo polo que a Igrexa acadou tanta grandeza no poder temporal, cando antes do papa Alexandre VI as potencias italianas e non só os que se consideraban poderosos, senón tamén os nobres e os señores feudais, por pouco importantes que fosen, non lle outorgaban relevancia. Emporiso, agora ata o mesmo rei de Francia, ó que conseguiu botar de Italia, trema ante o poder da Igrexa, que tamén foi quen de arruinalos venecianos, feito que mesmo sendo coñecido por todos, non me parece superfluo recordar.

Antes de que Carlos, rei de Francia, chegase a Italia<sup>46</sup>, este territorio atopábase baixo o dominio do Papa, dos venecianos, do rei de Nápoles, do duque de Milán e dos florentinos. Estas potencias tiñan dúas preocupacións fundamentais: a primeira, procurar que ningún estranxeiro entrase en Italia cun exército; a segunda, que ningunha destas potencias ampliase os seus territorios. Os que requirían maior vixilancia eran o Papa e os venecianos e para contelos era necesario que tódolos demais se

<sup>45</sup> Nótese a fina ironía de Maquiavelo que pretende dar unha interpretación laica e non relixiosa.

<sup>46</sup> Refírese á expedición do ano 1494, cando o rei Carlos chegou a Italia.

unisen, como sucedeu na defensa de Ferrara<sup>47</sup>. Para dete-lo Papa servíanse dos baróns de Roma que, ó estar divididos nas faccións dos Orsini e dos Colonna, sempre tiñan entre eles motivo de loita e, coas armas esgrimidas ante os mesmos ollos do Pontífice, mantiñan o pontificado débil e enfermo. A pesar de que xurdira de cando en vez un papa animoso coma Sixto IV<sup>48</sup>, nin a sabedoría nin a sorte puideron libera-los papas destes inconvenientes. A causa era a brevidade das súas vidas, porque nos dez anos que por termo medio podía vivir un papa, dificilmente era quen de limitarlle o poder a unha das faccións. E se, por exemplo, un tiña case aniquilados os Colonna, sucedíao outro papa inimigo dos Orsini, que facía rexurdi-los primeiros sen que lle dese tempo a acabar cos segundos. Isto conducía a que o poder temporal do papa tivese pouco creto en Italia.

Veiu logo Alexandre VI, o único entre tódolos pontífices que ten habido que demostrou a forza que pode acadar un papa gracias ó diñeiro e ós exercitos. Co duque Valentino como instrumento e aproveitándose da ocupación dos franceses, levou a cabo todo o que expuxen máis arriba sobre as accións do Duque. E aínda que a súa intención non fora agranda-la Igrexa senón o seu fillo o Duque, ó morrer ámbolos dous, foi o Pontificado o que herdou o froito destes esforzos. Veiu despois o papa Xulio II e atopou unha Igrexa poderosa –que posuía toda a Romaña– e ós nobres de Roma derrotados polos golpes de Alexandre VI que aniquilara as dúas faccións. E ademais atopou o camiño aberto para acumular diñeiro co método iniciado polo papa Borgia<sup>49</sup>.

<sup>47</sup> Alude á liga formada no ano 1482 por Afonso de Nápoles, Lourenzo o Magnífico, Ludovico Sforza e, máis tarde, por Sixto IV contra a República de Venecia, que atacara o duque de Ferrara, Hércules d'Este.

<sup>48</sup> Francisco della Rovere, papa Sixto IV entre os anos 1471 e 1484, favoreceu moito os seus parentes facendo cardeais a seis dos seus sobriños entre eles a Xíani della Rovere, que logo sería o papa Xulio II.

<sup>49</sup> Alexandre VI nou dubidou en vender cargos eclesiásticos.

Xulio II non soamente continuou con esta política senón que chegou máis aló: pensou conquistar Boloña, aniquila-los venecianos e expulsa-los franceses de Italia<sup>50</sup>. E levou a cabo todas estas empresas con gran mérito porque as realizou para aumentalo poder da Igrexa e non o dun particular. Mantivo ademais as faccións dos Orsini e dos Colonna na mesma situación na que as atopou e, a pesar de que nelas había algún líder capaz de altera-la orde<sup>51</sup>, houbo dúas circunstancias que as suxeitaron: unha, a grandeza da Igrexa que os atemorizaba e, outra, non tello seus propios cardeais, que eran o motivo dos seus enfrontamentos. Endexamais se conterán estas faccións mentres teñan cardeais entre elas, porque estes fomentan os bandos –en Roma e fóra dela– e os nobres vense obrigados a tomar partido e defendelos. E así, da ambición dos prelados nacen as disputas e os tumultos entre os nobres. A Súa Santidade o papa León X atopou, xa que logo, un pontificado poderosísimo e del espérase que, se os seus predecesores o fixeron grande coas armas, el o faga aínda máis grande e venerable coa súa bondade e as súas infinitas virtudes.

## CAPÍTULO XII

### **Dos tipos de exércitos e dos soldados mercenarios**

#### **(Quot sunt genera militiae et de mercenariis militibus)**

Despois de examinar detalladamente tódalas características dos principados sobre os que me propuxen falar ó comezo, consideradas en parte algunhas das razóns da súa boa ou mala situación e mostrados os medios cos que moitos procuraron adquirilos e conservalos, quedame agora por describir en liñas xerais cáles son os medios de ataque e defensa que se poden

<sup>50</sup> Xulio II conquistou Boloña no ano 1506, derrotou os venecianos dous anos despois e, creando a Liga Santa (1511), expulsou de Italia ó rei de Francia Luís XII.

<sup>51</sup> Maquiavelo refírese ós famosos condotieros Próspero e Fabricio Colonna.

adoitar nestes principados. Dixemos anteriormente que un príncipe ten que sustentarse nuns sólidos alicerces, xa que en caso contrario fracasará sen remedio. Os principais fundamentos de tódolos estados, tanto que estes sexan novos coma que sexan vellos ou mixtos, son as boas leis e os bos exércitos: posto que non pode haber boas leis onde non haxa bos exércitos e onde hai bos exércitos é conveniente que haxa boas leis, omitirei tratar sobre as leis e falarei dos exércitos.

Digo, pois, que o exército co que un príncipe defende o seu estado pode ser propio ou mercenario, auxiliar ou mixto. Os exércitos mercenarios e auxiliares son inútiles e perigosos. Se un fundamenta o seu estado en milicias mercenarias, endexa-mais se sentirá firme nin seguro: porque están desunidas, son ambiciosas e carecen de disciplina e fidelidade ó seu señor, son valentes ante os amigos e covardes ante os inimigos, non teñen temor de Deus, nin lealdade ós homes e con elas a derrota só se demorará na medida en que se demore o ataque. Na paz un será despojado por elas e na guerra polos inimigos. A razón de todo isto é que non teñen outro apego nin outra razón que as reteña no campo de batalla ca unha escasa paga, que non é abondo para que queiran morrer polo príncipe. Están ben dispostos a se-los seus soldados mentres este non emprenda a guerra, pero tan pronto como esta comece fuxirán ou abandonarano.

Non debería custarme moito traballo convencer a ninguén disto porque a actual ruína de Italia non ten outra causa que o feito de ter confiado, ó longo de moitos anos, en exércitos mercenarios. É verdade que, ó principio, proporcionaron certos beneficios e parecía que loitaban animosos entre si, pero tan pronto como veu o estranxeiro demostraron o que eran en realidade. De aí que se diga que Carlos, rei de Francia, puido conquistar Italia só con xiz<sup>52</sup>. E quen dixo que os nosos pecados

<sup>52</sup> Isto é, sen necesidade de combater. A expresión *segnare col gesso* atribúeselle a Alexandre VI. Parece que o rei Carlos VIII, ó atravesar Italia no ano 1494, mandou que fosen marcando con xiz as casas que ocupaban para aloxa-los seus soldados.

foron a verdadeira causa do noso mal, dicía a verdade<sup>53</sup>; pero desde logo non eran os pecados que el cría, senón os que acabo de expoñer e, posto que eran pecados cometidos polos príncipes, tamén eles sufriron as consecuencias.

Quero demostrar máis claramente o nefastos que son estes exércitos. Os capitáns dos mercenarios poden ser homes excelentes ou non no manexo das armas: se o son, un non se pode fiar deles, porque sempre aspirarán a súa propia grandeza, sometendo ó seu patrón ou ben asoballando a outros contra as intencións do gobernante; e se non son capitáns de valor, o normal é que causen a ruína. E se alguén responde que calquera que teña as armas na man, sexa mercenario ou non, faría o mesmo, eu replicareille que o exército debe estar ás ordes dun príncipe ou dunha república. O príncipe en persoa debe ir con eles e exerce-lo cargo de capitán e a república ten que poñer ó fronte a un dos seus cidadáns, pero se este non resulta ser home capaz, debe substituílo e se o é, ten que controlalo coas leis para que non exceda o límite. E por experiencia tense comprobado que os príncipes sós e as repúblicas fan moi grandes progresos, mentres que as milicias mercenarias non fan máis ca dano. Por outra parte, é máis difícil que unha república armada con tropas propias caia baixo o poder dun cidadán que cunha armada de tropas foráneas.

Roma e Esparta permaneceron durante moitos séculos armadas e libres. E, na actualidade, os suízos están fortemente armados e gozan de total liberdade. Exemplo de exército mercenario na Antigüidade é Cartago que estivo a piques de ser sometida polos seus propios soldados mercenarios ó remata-la primeira guerra contra os romanos, a pesar de ser gobernada polos seus cidadáns<sup>54</sup>. Trala morte de Epaminon-

<sup>53</sup> Alude a Savonarola, que afirmaba que os problemas de Italia se debían á corrupción dos homes.

<sup>54</sup> Refírese á famosa revolta dos mercenarios despois da primeira guerra púnica, dominada por Amílcar Barca.

das<sup>55</sup>, os tebanos nomearon capitán do seu exército a Filipe de Macedonia, quen despois da victoria quitoulle-la liberdade. Os milaneses, á morte do duque Filipe, tomaron a soldo a Francisco Sforza para que loitase contra os venecianos. Este tras vence-lo inimigo en Caravaggio, aliouse a el para somete-los seus propios señores, os milaneses. Xa o seu pai, estando a soldo da raíña Xoana de Nápoles, deixáraa desarmada de repente, polo que ela para non perde-lo reino se vira obrigada a botarse en brazos do rei de Aragón<sup>56</sup>.

E se, tempo atrás, venecianos e florentinos incrementaron o seu poder gracias ás milicias mercenarias e os seus capitáns non se impuxeron coma príncipes, senón que os defenderon, alego que, neste caso, os florentinos foron favorecidos pola sorte porque daqueles capitáns valorosos que podían ser temibles, uns non venceron, outros encontraron unha forte oposición e outros dirixiron a súa ambición cara a outra parte. Quen non venceu foi Xoán Acuto<sup>57</sup>, de xeito que non se pode comprobala súa lealdade, pero todos convirán comigo en que, de ter vencido, os florentinos quedarían nas súas mans. Sforza tivo sempre na súa contra ós partidarios de Braccio, e así mantiveron a raia uns ós outros: Francisco dirixiu a súa ambición cara á Lombardía e Braccio á Igrexa e ó reino de Nápoles. Pero vexamos o que aconteceu hai pouco: os florentinos nomearon capitán das súas tropas a Paulo Vitelli, home habilísimo, que sendo de modesta condición acadara gran prestixio militar. Se el tivese sido quen de tomar Pisa, ninguén pode negar que os florentinos terían quedado nas súas mans, porque se este se aliase cos

<sup>55</sup> Trátase do famoso cuadillo tebano que puxo fin á hexemonía espartana en Grecia.

<sup>56</sup> Trátase de Muzio Attendolo Sforza que, xuntamente con outro famoso condotiero, foi árbitro no reino de Nápoles durante as guerras que Xoana II tivo que soportar para a súa sucesión. Sforza rebelouse contra Xoana no ano 1426, pasando ó servizo de Luís III de Anjou, pretendente ó trono, polo que Xoana tivo que nomear sucesor a Afonso de Aragón.

<sup>57</sup> Fai referencia ó inglés John Hawkwood, chamado polos florentinos Xoán Acuto (o *Agudo*), capitán de mercenarios que, entre outros, estivo ó servizo dos Visconti en Milán e logo dos florentinos.

pisanos non terían salvación e se o mantivesen á cabeza do exército deberían obedecerlle.

Se examinámo-la conducta dos venecianos, verase que eles actuaron con seguridade e gloria mentres fixeron a guerra coas súas propias armas (antes de que dirixisen as súas empresas á conquista de terra firme), cando os nobres e o pobo armado loitaron valorosamente. Pero, tan pronto como comezaron a combater en terra, esqueceron esa valentía e seguiron os xeitos das guerras en Italia. E, ó principio da súa expansión en terra firme, non tiñan qué temer dos seus capitáns mercenarios ó non ter moito territorio, pero si gran prestixio. Emporiso, cando se engrandeceron con Carmañola<sup>58</sup>, tiveron boa mostra do seu erro: víron que era un home valoroso cando baixo o seu mando derrotaron o duque de Milán e, dándose conta nun segundo momento do seu mínguado interese pola guerra, chegaron á conclusión de que con el xa non poderían seguir conquistando territorios. Non podían licencialo, para non perde-lo que tiñan acadado, así que para a súa tranquilidade víronse na obriga de matalo. Despois del tiveron capitáns coma Bertomeu de Bérgamo, Roberto de San Severino, o conde de Pitigliano e outros semellantes. Con estes debían preocuparse máis das súas perdas que das súas ganancias, como ocorreu logo en Vailá<sup>59</sup>, onde nunha xornada perderon o que con tanto esforzo conquistaran en oitocentos anos. Con estas tropas soamente se conseguen conquistas lentas, tardías e débiles e, ó mesmo tempo, repentinas e espectaculares perdas. E con estes exemplos volvo tratar sobre Italia, que foi gobernada ó longo de moitos anos por exércitos mercenarios. Falarei destes desde os seus comezos para que, vistas as súas orixes e o posterior desenvolvemento, sexa máis doado corrixi-los seus erros.

<sup>58</sup> Francisco Bussone, conde de Carmañola, pasou de estar ó servizo dos Visconti ó da República de Venecia e conquistou para ela cidades tan importantes coma Bérgamo e Brexia. Foi axustizado por traizón no ano 1432.

<sup>59</sup> Tamén coñecida coma batalla de Vailate, Añadelo ou Ghiradadda (1509).

É preciso, pois, que saibades que cando o Imperio empezou a debilitarse<sup>60</sup> e o Papa incrementou o seu poder temporal, Italia se dividiu en varios estados porque moitas das grandes cidades tomaron as armas contra os seus nobres que as tiñan oprimidas, favorecidos ó principio polo emperador e pola Igrexa, que lles axudaba para acrecenta-lo seu poder temporal. Noutras os seus cidadáns chegaron a príncipes. De aí que, tendo caído case que toda Italia en mans da Igrexa e dalgunhas repúblicas e posto que se trataba de sacerdotes e cidadáns que non estaban afeitos ó exercicio das armas, empezaron a chegar forasteiros. O primeiro en dar prestixio a este tipo de tropas foi Alberigo de Conio<sup>61</sup>, natural da Romaña. Na súa escola formáronse, entre outros, Braccio e Sforza, que no seu tempo foron árbitros de Italia. Despois destes viñeron tódolos demais que ata os nosos días capitanearon estes exércitos. E o resultado do seu valor motivou que Italia fose percorrida por Carlos, depredada por Luís, forzada por Fernando e vituperada polos suízos<sup>62</sup>.

A táctica que empregaron os mercenarios consistiu, en primeiro lugar, en destruí-lo prestixio militar da infantería para acrecenta-la propia sona. Fixérono así porque, carecendo de poder propio e dependendo do oficio das armas, unha infantería escasa non lles daba suficiente renome e unha que fose numerosa non a podían manter. Así que se limitaron á cabalería, que lles permitía –cun número soportable– manter milicias e ser respectados. As cousas chegaran a tal punto que nun exército de vinte mil homes a penas había dous mil soldados de infantería. Ademais recorreran a tódolos medios para evitarlles, tanto a si mesmos coma ós seus soldados, a fatiga e o medo: non se

<sup>60</sup> A autoridade imperial, tralas dúas vanas campañas do emperador Carlos IV (1365-1368), perdeu totalmente o seu prestixio.

<sup>61</sup> O conde Alberigo de Barbiano (1344-1409) chegou a ser condestable do reino de Nápoles.

<sup>62</sup> Carlos VIII, Luís XII, Fernando I o Católico e as tropas suizas frecuentemente foron mediadores para calquera evento que se producise en Italia.



mataban nas batallas, só se facían prisioneiros que se liberaban sen esixir rescate, non asaltaban as cidades de noite e os asediados non atacaban os campamentos, non levantaban cercados nin cavaban fosos arredor dos campamentos e nunca emprendían campaña en inverno. Todas estas cousas estábanlles permitidas nas súas ordenanzas militares e tamén atoparan, como temos dito, a maneira de evita-la fatiga e o perigo ata tal punto que reduciron a Italia a unha escravitude infame.

## CAPÍTULO XIII

### **Dos exércitos auxiliares, mixtos e propios (De militibus auxiliariis, mixtis et propriis)**

As tropas auxiliares, que son o outro tipo de exército inútil, son aquelas que se obteñen cando se lle pide a alguén poderoso que acuda en axuda e defensa coas súas tropas, como fixo hai pouco tempo o papa Xulio cando, trala triste experiencia dos seus soldados mercenarios na conquista de Ferrara, chegou a un acordo con Fernando, rei de España, para que este lle axudase coa súa xente e cos seus soldados<sup>63</sup>. Estes exércitos poden ser útiles e bos en si mesmos, pero resultan case sempre prexudiciais para quen os chama, porque se perden este queda derrotado e se vencen acaba sendo prisioneiro deles.

E aínda que a Historia Antiga está ateigada de exemplos similares, quero insistir no recente caso do papa Xulio II: a súa decisión de poñerse nas mans dun forasteiro, con tal de conquistar Ferrara, non puido ser máis insensata<sup>64</sup>. Pero a súa boa sorte fixo que outro acontecemento lle evitase recolle-los froitos

<sup>63</sup> Xulio II aliouse con Fernando o Católico despois da derrota de Casalecchio, na chamada Liga Santa (1511).

<sup>64</sup> Despois de intentar en van conquistar Ferrara no ano 1510, Xulio II uniuse a Fernando o Católico, sendo derrotados polos franceses en 1512. Estes, á súa vez, trala morte do capitán Gastón de Foix, foron expulsados polos milaneses, logo dunha imprevista aparición das tropas suízas.

da súa mala decisión posto que, derrotados os seus soldados auxiliares en Ravena, apareceron os suízos que escorrentaron os vencedores, de maneira que, en contra de tódalas expectativas tanto súas coma dos demais, non foi prisioneiro dos inimigos –que fuxiran– nin dos seus auxiliares, que deste xeito venceran coas armas doutros. Os florentinos, carecendo de milicias propias, trouxeron dez mil franceses a Pisa para tomala polas armas, decisión que implicou máis perigos dos que anteriormente houbera<sup>65</sup>. O emperador de Constantinopla, en loita cos seus veciños, levou a Grecia dez mil turcos que, rematada a guerra, non quixeron marchar: isto foi o comezo da escravitude de Grecia baixo os infieis<sup>66</sup>.

Por conseguinte, sírvese destas tropas quen non queira vencer, que son moito máis perigosas cás mercenarias: con elas a derrota está garantida porque forman un grupo unido e disposto a obedecer, mentres que as mercenarias, aínda despois de ter vencido, necesitan tempo e unha oportunidade propicia para facer dano, dado que non forman un único corpo e foron recrutadas e pagadas. Ademais, a quen confíe o mando destas tropas non lle será doado acada-la autoridade necesaria para prexudica-lo seu señor. En suma, nas tropas mercenarias é máis perigosa a desidia, nas auxiliares o valor.

Polo tanto, un príncipe sabio sempre desbotou estas tropas e recorreu ás propias, preferindo perder coas súas que vencer coas alleas, estimando non auténtica a victoria acadada con armas alleas. Non dubidarei endexamais en propoñe-lo exemplo de César Borgia e as súas accións. Este duque entrou na Romaña ó mando de tropas auxiliares francesas e con elas tomou Ímola e Forlí. Despois, non parecéndolle seguras esas

<sup>65</sup> No ano 1500, os florentinos obtiveron de Luís XII oito mil soldados gascóns e suízos para conquistar Pisa, pero ó final, estas tropas foron tan difíciles de soste que preferiron devolvelas.

<sup>66</sup> O emperador de Constantinopla, Xoán Cantacuceno, aliouse co sultán dos turcos, Orcán, para lle facer fronte á dinastía dos Paleólogo. O propio sultán envioulle en 1346 o seu fillo Solimán con dez mil soldados. Este foi o comezo da expansión dos turcos en Europa.

tropas, recorreu ás mercenarias por ser menos perigosas, e tomou a soldo os Orsini e os Vitelli. Cando, na práctica, as atopou logo sospeitosas, desleais e perigosas, desfíxose delas e recorreu ás propias. Pódese ver doadamente a diferenza que hai entre estas clases de milicia, se se compara o prestixio militar do Duque cando as súas tropas eran só francesas, cando asoldou os Orsini e os Vitelli ou cando quedou só cos soldados propios, valéndose das súas propias forzas. Notarase que a súa reputación foi aumentado e que nunca foi tan estimado coma cando era dono absoluto dos seus soldados.

Non quería abandona-los exemplos recentes da historia de Italia, pero tampouco quero pasar por alto o caso de Xerón de Siracusa, un dos que antes citei. Nomeado polos siracusanos capitán dos exércitos, como xa dixen, deuse conta de seguida da inutilidade da milicia mercenaria, porque os seus xefes comportábanse de xeito case semellante ó dos nosos italianos. Vendo que non podía mantelos nin licencialos, mandou que os cortasen en anacos e emprendeu a guerra cos seus propios soldados, non cos alleos. Quero citar tamén unha pasaxe do Vello Testamento que vén ó caso. Ofrecérase David a Saúl para ir pelexar contra o guerreiro filisteo Goliat e Saúl, para infundirlle ánimo, prestoulle as súas propias armas. David, nada máis vestilas, rexeitounas dicindo que con elas non se podía servir libremente das súas forzas e que quería enfrontarse ó inimigo coa súa tirafonda e co seu coitelo. En definitiva, as armas alleas ou che veñen grandes ou che pesan de máis ou che apertan en exceso.

Carlos VII, pai do rei Luís XI, que coa súa sorte e talento liberou Francia dos ingleses<sup>67</sup>, deuse conta da necesidade de armarse con exércitos propios e estableceu por todo o reino compañías regulares de cabalería e de infantería. Despois, o seu fillo Luís suprimiu a infantería e empezou a tomar soldados suízos a soldo. Este erro seguido de outros foi, como demostran os

<sup>67</sup> Carlos VII (1422-1461) puxo fin á Guerra dos Cen Anos coa axuda de Xoana de Arco.

feitos, a causa dos infortunios daquel reino, porque dándolles prestixio ós suízos envileceu os seus propios soldados. Disolveu a súa infantaría e fixo depende-la súa cabalería das tropas alleas, de xeito que acostumada a combater ó carón dos suízos, chegou a crer imposible vencer sen eles. De maneira que os franceses non se atreven a loitar contra os suízos, nin a emprende-la guerra contra ninguén sen estes. Os exércitos de Francia foron, xa que logo, mixtos: en parte mercenarios e en parte propios. Esta combinación é moi superior ás tropas unicamente auxiliares ou unicamente mercenarias, pero moi inferior ás tropas propias. Baste o exemplo citado para probar que o reino de Francia sería invencible se mellorase ou, polo menos, conservase a organización establecida por Carlos VII. Pero a pouca prudencia dos homes lévaos a emprender accións que, polo bo sabor inicial, fanlles esquece-lo veneno que esconden, como dixen anteriormente falando da tise<sup>68</sup>. Polo tanto, o príncipe que non recoñece os males cando nacen non é prudente en absoluto, pero son poucos os que posúen esta ciencia.

Se examinamos cá foi a primeira causa da decadencia do imperio romano verase que esta empezou ó tomar a soldo os soldados godos: a partir de entón, a forza do imperio comezou a enfeblecer e todo o valor perdido pasou ós godos. Conclúo, pois, que sen un exército propio ningún principado está seguro, mellor dito, atópase totalmente á mercé da fortuna, carecendo da coraxe que fielmente o defenda nas adversidades. Sempre foi opinión e máxima dos homes sabios “quod nihil sit tam infirmum aut instabile, quam fama potentiae non sua vi nixa”<sup>69</sup>. Os exércitos propios están compostos por súbditos, por cidadáns, ou por servos; tódolos demais son mercenarios ou auxiliares. O xeito de organizar unha milicia propia será doado de conseguir se se

<sup>68</sup> Véxase o capítulo III.

<sup>69</sup> Maquiavelo cita de memoria unha pasaxe de Tácito (*Annales*, XIII, 19): “non hai nada máis feble e inestable cá sona do poderoso non nacida da súa propia forza”.

estudian as ordenanzas militares dos catro personaxes que mencionei anteriormente<sup>70</sup> e se se examina cómo se armaron e organizaron Filipe, pai de Alexandre Magno, así como moitas repúblicas e principados: a tales ordenanzas remítome plenamente.

## CAPÍTULO XIV

### **Das obrigas dun príncipe respecto do seu exército (Quod principem deceat circa militiam)**

Un príncipe, polo tanto, non debe ter outro obxectivo, nin outra preocupación, nin ciencia, excepto a guerra, a súa organización e dirección, porque a arte da guerra é competencia exclusiva de quen manda. Require unha capacidade tal que desta depende non só que sexan príncipes os que naceron tales, senón que moitas veces eleva a ese rango a homes de privada condición. Por outra parte, sábese que cando os príncipes se preocuparon máis das comodidades ca das armas, perderon os seus estados. A principal causa desta perda é o descoido na arte da guerra, mentres que ser experto en ela fai acadalo poder.

Francisco Sforza, polo feito de estar armado, de cidadán chegou a duque de Milán. Os seus sucesores, por evita-las molestias que a guerra comporta, de duques pasaron a particulares. O descoido das armas, entre o resto dos males que ocasiona, fai o gobernante desprezable e esta é unha das infamias das que o príncipe debe preservarse, como se dirá máis adiante. Non hai comparación posible entre un príncipe armado e un desarmado: é absurdo que o primeiro lle obedeza de boa gana ó segundo e que o desarmado se sinta seguro entre súbditos armados, porque albergando uns desprezo e outros sospeita, é imposible que obren ben de común acordo. Ademais de todo o dito, un príncipe inexperto na arte da guerra non pode ser estimado polos seus soldados, nin fiarse deles.

<sup>70</sup> O duque Valentino, Xerón de Siracusa, David e Carlos VII de Francia.

Polo tanto, nunca debe arreda-lo seu pensamento do adestramento militar e na paz debe exercitarse aínda máis ca na guerra. Pódeo facer de dúas maneiras: coas obras ou coa mente. En canto ás primeiras, ademais de mante-los seus soldados ben organizados e adestrados, debe dedicarse con frecuencia á caza e acostumar así o seu corpo ás incomodidades e aprender en parte a natureza dos lugares, coñecer ónde se alzan as montañas, cómo son as entradas dos vales, por ónde se estenden as chairas e coñece-la natureza dos ríos e dos pantanos. O príncipe debe facer todo iso co máximo esmero, dado que tales coñecementos son dobremente útiles: en primeiro lugar porque se aprende a coñece-lo propio país e se poden entender mellor as súas defensas, en segundo lugar porque mediante o coñecemento e a familiaridade con aqueles lugares, seralle máis doado comprende-la natureza de calquera outro lugar descoñecido que haxa que explorar. Porque cuñas, vales, planicies, ríos e pantanos que, por exemplo, hai na Toscana teñen certa semellanza cos doutras rexións, de xeito que o coñecemento dunha leva doadamente ó das outras. O príncipe que careza desta práctica estará privado do primeiro requisito dun capitán, xa que esta ensinalle a descubri-lo inimigo, elixi-lo aloxamento, conduci-lo exército, organiza-las batallas e asedia-las cidades con vantaxe.

Entre as moitas loanzas que os historiadores lle prodigan a Filípomenes, príncipe dos Aqueos, está a de que nos tempos de paz non pensaba máis ca nos diversos xeitos de face-la guerra. E cando estaba no campo cos seus amigos, paraba a miúdo e discutía con eles: “Se os inimigos estivesen naquela lomba e nós nos atopasemos aquí co noso exército ¿quen levaría vantaxe?, ¿como poderíamos atacalos de forma organizada? E se quixesemos retirarnos, ¿que teríamos que facer? E se se retirasen eles ¿como deberíamos perseguilos?” Paseando, íalles expoñendo tódolos lances que se lle poden presentar a un exército. Prestaba atención á súa opinión, daba a propia e corroborábaa

con razoamentos, de xeito que, gracias a esta continua meditación, cando conducía os seus exércitos á batalla, nunca era sorprendido por imprevistos para os que non tivera remedio.

En canto á mente, o príncipe debe le-los exemplos que dá a Historia e considera-las accións dos homes insignes, ve-la súa conducta nas guerras, analiza-las causas das súas victorias e das súas derrotas, para evita-las últimas e imita-las primeiras. Convén, sobre todo, que siga o exemplo daqueles homes ilustres que anteriormente se propuxeron imitar a quen na Antigüidade foi digno de loanza e gloria, procurando ter sempre presentes as súas fazañas; como se di que Alexandre Magno imitaba a Aquiles, César a Alexandre, e Escipión a Ciro. Quenquera que lea a vida de Ciro escrita por Xenofonte, despois comprobará lendo a biografía de Escipión cánta gloria lle veu desa imitación e cánto lle semellaba pola castidade, afabilidade, humanidade e liberalidade segundo o que Xenofonte escribiu de Ciro. Estas son as ocupacións dun príncipe sabio; sen folgar en tempo de paz, debe aproveitar ese período activamente para que lle sexa útil nos momentos adversos, de xeito que se a fortuna cambia, estea preparado para facerlle fronte.

## CAPÍTULO XV

**Dos motivos polos que os homes e, especialmente, os príncipes son loados ou censurados**

**(De his rebus quibus homines et praesertim principes laudantur aut vituperantur)**

Queda agora por trata-la conducta que debe seguir un príncipe cos seus súbditos e cos seus amigos. E como sei que moitos teñen escrito sobre o asunto, temo que, ó escribir eu tamén sobre isto, se me teña por presuntuoso sobre todo por afastarme dos métodos seguidos polos demais nesta materia. Pero, sendo a miña intención escribir algo útil para quen o comprenda, paréceme máis conveniente ir directamente á realidade das

cousas que a simple imaxinación das mesmas. Son moitos os que teñen imaxinado repúblicas e principados que nunca existiron na realidade. Tanta é a distancia entre cómo se vive e cómo se debería de vivir, que quen non se preocupe do que se fai senón do que se debería facer, aprende antes a fracasar que a sobrevivir, porque o home que quere ser bo entre tantos que non o son, necesariamente ha fracasar. Por iso o príncipe que queira seguir séndoo, debe aprender a non ser sempre bo, senón a comportarse segundo as esixencias da necesidade<sup>71</sup>.

Deixando, entón, a un lado, tódolo imaxinado sobre un príncipe e centrándome na realidade, digo que tódolos homes –e sobre todo os príncipes– pola súa posición eminente, destacan por algunha calidade que lles comporta censura ou eloxio. Un é considerado liberal, outro mísero (utilizando un termo toscano, porque na nosa lingua toscana, avaro é aquel que desexa roubar mentres que mísero é aquel que se abstén de utiliza-lo que é seu). Un é xeneroso, outro rapaz, un é cruel, outro piadoso, un desleal e outro fiel, un efeminado e pusilánime outro feroz e atrevido, un humano e outro soberbio, un lascivo outro casto, un íntegro e outro astuto, un implacable outro acomodadizo, un severo outro lixeiro, un relixioso outro incrédulo e así de xeito semellante.

E ben sei que todos consideran que moi encomiable sería que o príncipe reunise, de tódalas calidades mencionadas, aquelas que se consideran boas. Pero como todas non se poden ter nin observar plenamente, é necesario que o príncipe sexa tan prudente que saiba evita-la infamia daqueles vicios que lle arrebatarián o estado e, se lle é posible, tamén os que non llo quitarían. Aínda que, de non ser capaz, pode incorrer neles sen ningún temor. Tampouco debe preocuparse de incorrer na infamia daqueles vicios que son útiles para a conservación do

<sup>71</sup> Sempre se lle atribuíu a Maquiavelo, de xeito erróneo, o pensamento de que o fin xustifica os medios. Sen embargo, o noso autor considera que os medios veñen impostos polas circunstancias e polo ambiente circundante.



Estado porque, ben considerado, atoparanse aspectos que, parecendo virtudes, levarían á ruína e sen embargo outras calidades, parecendo vicios, proporcionarán seguridade e benestar.

## CAPÍTULO XVI

### **Da xenerosidade e da moderación**

#### **(De liberalitate et parsimonia)**

Comezando, entón, polas primeiras calidades mencionadas, recoñezo a conveniencia de ser considerado liberal. Sen embargo a liberalidade usada de xeito que un pareza xeneroso, será prexudicial e empregada con moderación, que é como hai que usala, de maneira que non se note, conducirá igualmente a ter sonda do contrario. Ademais, se se quere conserva-la fama de liberal, é necesario non esquecer ningún dos compoñentes da suntuosidade, de maneira que un príncipe que actúe así gastará tódalas súas riquezas en semellantes obras fastosas e, ó final, para mante-la reputación de xeneroso, verase obrigado a gravar con fortes impostos o pobo e a botar man de tódolos recursos con tal de obter diñeiro. Todo isto farao odioso ós seus súbditos e, ó empobrecer, perderá a estima de todos; de maneira que, tendo danado a moitos e favorecido a poucos con esa xenerosidade súa, resentirase ante o primeiro contratempo e caerá a causa do problema máis ínfimo. Polo que, sabendo todo isto e querendo evitalo, cáese axiña na infamia da avaricia.

Un príncipe, xa que logo, non podendo practicar de xeito notorio a virtude da xenerosidade sen dano propio, se é prudente, debe despreocuparse de que lle chamen avaro, porque co tempo será considerado cada vez máis liberal, ó ve-los seus súbditos que coa súa moderación bástanlle as rendas, pode defenderse en caso de guerra e acometer grandes empresas sen grava-lo pobo. Deste xeito vén ser liberal para todos aqueles ós que non lles quita nada, que son moitísimos, e mesquiño para

todos aqueles ós que non lles dá, que son poucos. Nos nosos tempos, só temos visto facer grandes cousas ós considerados mesquiños e fracasar ós outros. O papa Xulio II, que se serviu da súa sona de liberal para acadalo papado, despois non pensou en mantela para, dese xeito, poder emprender a guerra. O actual rei de Francia<sup>72</sup> acometeu tantas guerras sen impoñer unha soa contribución extraordinaria ós seus súbditos só porque a súa moderación soubo compensalos gastos superfluos. O actual rei de España, se tivese fama de liberal, non tería emprendido nin vencido en tantas empresas<sup>73</sup>.

Polo tanto, un príncipe non se debe preocupar de que o tachen de mesquiño, mentres non teña que roubarlles ós seus súbditos para se defender, nin se vexa reducido á pobreza e ó desprezo, nin sexa obrigado a converterse en ave de rapina, porque este é un dos vicios que aseguran o seu reinado. Se alguén obxectase que, sen embargo, César conseguiu o imperio pola súa xenerosidade e que moitos outros por ter sido liberais e por ser considerados tales acadaron postos importantes, respondo que depende da situación; ou se é príncipe ou se está a piques de conseguilo: no primeiro caso esa xenerosidade é prexudicial, mentres que no segundo é moi necesaria. César era un dos que querían chegar ó principado de Roma, pero se sobrevivise —unha vez que o acadou— debería moderalos seus gastos, para non destruír aquel imperio. E se alguén replicase: ten habido moitos príncipes, tidos por liberais, que fixeron grandes cousas cos seus exércitos, eu lle respondo que o príncipe gasta o que é seu e dos seus súbditos ou ben o dos demais; no primeiro caso debe ser parco, no segundo pródigo.

E o príncipe que vai cos seus exércitos e que se farta de botíns, saqueos e rescates e manexa o dos demais, precisa ser pródigo, en caso contrario os seus soldados non o seguirán. Co

<sup>72</sup> Trátase de Luís XII.

<sup>73</sup> Fernando o Católico, que tiña sona de ser un rei avaro.

que non é dun ou dos seus súbditos pódese ser moito máis espléndido, como foron Ciro, César e Alexandre, porque gasta-lo dos demais non quita prestixio, senón que o aumenta. Só prexudica gasta-lo dun e non hai cousa que se consuma tanto a si mesma como a xenerosidade. Pois na medida que se usa vanse perdendo as facultades para empregala e acábase sendo pobre e desprezable ou, para fuxir da pobreza, rapaz e odioso. E de nada debe gardarse máis un príncipe que de inspirar desprezo ou odio e a liberalidade conduce a un e a outro. Polo tanto, é máis prudente gaña-lo nome de mesquiño, que xera unha infamia sen odio que, por aspirar ó nome de liberal, verse obrigado a incorrer na rapacidade, que xera unha infamia acompañada de odio.

## CAPÍTULO XVII

### **Da crueldade e da compaixón e se é mellor ser amado que temido ou viceversa**

**(De crudelitate et pietate; et an sit melius amari quam timeri, vel e contra)**

Seguindo co resto das calidades mencionadas, afirmo que todo príncipe debe desexar ser considerado clemente e non cruel, pero ha procurar non facer mal uso desta compaixón. César Borgia era considerado cruel e, sen embargo, a súa crueldade restableceu a orde na Romaña, unificouna e reduciuna á paz e á lealdade para si<sup>74</sup>. Ben considerado todo isto, verase que foi máis clemente có pobo florentino que, para evita-la tacha de cruel, permitiu a destrucción de Pistoia. Polo tanto, un príncipe non debe preocuparse da fama de cruel se con iso mantén os seus súbditos unidos e fieis, dado que con poucos castigos exemplares será moito máis compasivo ca aqueles que,

<sup>74</sup> César Borgia erradicou o feudalismo na Romaña, instaurando un bo sistema administrativo, que mesmo os inimigos da familia Borgia admiraban.

por demasiada clemencia, permiten que prosperen as desordes das que xorden asasinatos e rapinas, porque estas adoitan danar toda unha comunidade, mentres que os castigos impostos polo príncipe só danan un particular. E, de tódolos príncipes, ó novo seralle imposible fuxir da sonda de cruel, porque os estados novos están cheos de perigos. E Virxilio, por boca de Dido, di:

*Rex dura, et regni novitas me talia cogunt  
moliri, et late fines custode tueri*<sup>75</sup>.

Con todo, debe ser comedido no crer e no obrar, sen ter temor de si mesmo e actuar mesuradamente, con prudencia e humanidade, para que a excesiva confianza non o faga incauto, nin a excesiva desconfianza o volva intolerable.

Nace disto unha discusión: se é mellor ser amado que temido ou viceversa. A resposta é que conviría se-lo un e o outro, pero, como é difícil combinar ámbalas cousas, é máis seguro ser temido que amado, en caso de que falte unha das dúas. Porque dos homes, en xeral, pódese dici-lo seguinte: son ingratos, volubles, hipócritas, falsos, temerosos do perigo e ávidos de ganancias. E mentres son favorecidos, dano todo, ofrecen o seu sangue, os seus bens, a súa vida e os seus fillos, como dixeran anteriormente. Isto mentres non haxa mester deles, pero cando a necesidade se achega viran as costas. E o príncipe que o baseou todo en promesas, encontrándose desprovisto doutro apoio, fracasa; porque as amizades gañadas con diñeiro e non con grandeza e nobreza de ánimo, cómpranse pero non se posúen e nos momentos de necesidade non se pode contar con elas. Ademais os homes teñen menos medo de prexudicar a quen se fai amar que a quen se fai temer; porque o amor nace dun vínculo de obriga que, dada a maldade humana, se rompe por

<sup>75</sup> "A dura necesidade e a novidade do reino obríganme a facer tales cousas e a defender solidamente as fronteiras" (*Eneida*, I, 563-564).

calquera motivo de interese persoal, mentres que o temor mantense mediante o medo ó castigo, que non desaparece endexamais.

Non obstante, o príncipe debe facerse temer de xeito que, se non chega a ser amado, polo menos evite o odio, porque é perfectamente compatible ser temido e non ser odiado. Isto conseguírao sempre que se absteña de pousa-la man sobre os bens e as mulleres dos seus cidadáns e súbditos. E se algunha vez tivese que proceder contra a familia dalgún deles, que o faga cando haxa unha xustificación axeitada e unha causa manifesta. Pero o principal é que se absteña do alleo, porque os homes esquecen máis axiña a morte do seu pai, que a perda do patrimonio. Por outra parte, os pretextos para apoderarse do alleo non faltan nunca e o que empeza a vivir da rapina sempre atopa razóns para apropiarse do dos demais, mentres que os motivos para executar a alguén son máis raros e duran menos.

Cando o príncipe está á fronte do seu exército e ten baixo as súas ordes un gran número de soldados, é absolutamente necesario que non se preocupe da fama de cruel; porque sen esta reputación endexamais se mantén un exército unido, nin disposto a ningunha acción. Entre as admirables fazañas de Aníbal cóntase esta: que tendo un exército numerosísimo, formado por xente de razas diversas, levado a loitar a terras estranxeiras, nunca xurdiu ningunha disensión nin entre os soldados, nin contra o príncipe, tanto nos bos coma nos malos momentos. A causa non foi outra que a súa inhumana crueldade que, xunto coas súas moitas calidades, o fixo sempre respectable e temible; sen ela, as outras calidades non terían bastado para lograr aquel resultado. E os historiadores, pouco atinados nesta cuestión, por unha parte admiran a súa acción, pero pola outra condenan a causa principal da mesma.

Que as outras calidades non lle terían bastado pódese comprobar no exemplo de Escipión, home excepcional non só no seu tempo, senón en tódalas épocas das que temos memoria, ó

que se lle rebelaron os exércitos en España<sup>76</sup>. E a causa non foi outra que a súa excesiva clemencia, posto que lles permitira ós seus soldados máis licencia da que lle convida á disciplina militar. E todo iso reprochoullo Flavio Máximo no Senado, chamándolle corruptor da milicia romana. Cando os habitantes de Locri foron atropelados por un lugartenente seu, non se lles fixo xustiza, nin se corrixiu a insolencia do legado e todo proviña do seu carácter brando. Así que cando no Senado algúns quixeron desculpalo dixeron que había moitos homes ós que lles era máis doado non cometer erros que corrixilos. Este xeito de ser, co tempo, luxaría a sona e a gloria de Escipión ó seguir procedendo do mesmo xeito no exercicio do mando; pero ó estar baixo as ordes do Senado, esta calidade perniciosa non só quedou agochada, senón que lle procurou a gloria.

Conclúo, xa que logo, volvendo á cuestión de ser temido e amado, que os homes aman segundo a súa vontade e temen segundo a do príncipe, de xeito que un príncipe sabio debe apoiarse no que é seu e non no que é dos demais. Debe procurar soamente, como xa dixemos, evita-lo odio.

## CAPÍTULO XVIII

### **De qué xeito deben os príncipes mante-la palabra (Quomodo fides a principibus sit servanda)**

É de todos sabido o loable que é nun príncipe mante-la palabra dada e vivir integramente e non con astucia. Sen embargo vese, pola experiencia dos nosos días, cómo os que fixeron grandes cousas foron os príncipes que non observaron moito a palabra dada e souberon burlar con picardía o enxeño dos homes, triunfando ó final sobre os que se basearan na lealdade.

<sup>76</sup> Trátase de Escipión o Africano, directo antagonista de Aníbal. Alude aquí á rebelión do ano 206 a.C., durante a enfermidade de Escipión (*Livio*, XXIX, 19).

Debedes saber, xa que logo, que hai dous modos de loitar: un coas leis e outro coa forza; o primeiro é propio dos homes e o segundo das bestas, pero como o primeiro moitas veces non basta, cómpre tamén recorrer ó segundo. Polo tanto é necesario que un príncipe saiba utilizar ben a besta e o home. Isto é o que con palabras encubertas lles ensinaron ós príncipes os escritores antigos, que narran cómo Aquiles e outros moitos príncipes da Antigüidade lle foron confiados para a súa educación ó centauro Quirón, coa finalidade de que os educase baixo a súa disciplina. Ter por preceptor a un ser metade besta e metade home significa que un príncipe debe saber empregar unha e outra natureza e que unha sen a outra non é duradeira.

Estando, pois, un príncipe obrigado a saber comportarse ás veces coma unha besta debe, entre todas elas, elixi-lo raposo e mailo león<sup>77</sup>. O león non sabe defenderse das trapelas, nin o raposo dos lobos, entón, é necesario ser raposo para coñece-las trapelas e león para amedrenta-los lobos. Os que só imitan o león non saben o que fan, polo tanto, un señor prudente non pode nin debe mante-la palabra dada cando tal cumprimento redunda en prexuízo propio e cando xa desapareceron os motivos que o obrigaron a dala. Se os homes fosen todos bos, este precepto non valería, pero posto que son malos e non manteñen o que prometen, tampouco hai por qué mante-la dun. Ademais nunca lle faltaron a un príncipe razóns lexítimas coas que disimula-la súa inobservancia. Sobre isto poderíanse dar exemplos recentes e demostrar cántos tratados de paz, cántas promesas quedaron sen ratificar e foron estériles pola infidelidade dos príncipes. E o que mellor soubo imita-lo raposo foi o que saíu mellor librado. Pero é necesario saber disfrazar ben a natureza, ser un gran simulador e disimulador: os homes son tan crédulos

<sup>77</sup> Este parangón co raposo e o león está tomado da literatura popular. A imaxe xa se atopa, por exemplo, no *De Officiis* (I, XI, 34: I, XIII, 41). O león que se lle aparece a Dante no *Inferno* (I, 45) simboliza a soberbia e o orgullo.

e están tan sometidos ás necesidades presentes, que o que engana atopará sempre quen se deixe enganar.

Non quero omitir un dos exemplos máis recentes: Alexandre VI nunca fixo nada, nin pensou nada que non fose por engana-los homes e sempre atopou con quen poder facelo. Nunca houbo ninguén que aseverase con meirande eficacia, nin que afirmase con máis xuramentos e que, sen embargo, observase menos ca el o prometido. E sen embargo, os enganos sempre lle saíron á medida dos seus desexos, porque coñecía ben este aspecto do mundo.

Un príncipe non deberá ter necesariamente tódalas calidades mencionadas, pero é moi conveniente que pareza que as posúe. Incluso me atrevería a dicir que son prexudiciais cando téndoas se poñen sempre en práctica, mentres que son útiles se se fai ver que se posúen –como semellar clemente, leal, humano, íntegro, devoto e selo–. Pero cómpre te-lo ánimo disposto de tal xeito que, se fose necesario non selo, se poida e se saiba face-lo contrario. Hai que entender que un príncipe, especialmente un príncipe novo, non pode observar todo aquilo polo que se considera que os homes son bos, xa que a miúdo se ve na necesidade, para conserva-lo estado, de obrar contra a fe, contra a caridade, contra a humanidade e contra a relixión. Por iso fai falta contar cun ánimo disposto a virar segundo os ventos da fortuna e a variación das circunstancias llo esixan e, como dixen anteriormente, non apartarse do ben mentres se poida, pero sabendo entrar no mal se fose necesario.

Un príncipe debe, xa que logo, ter bo coidado de non articular nin unha soa palabra que non posúa as cinco calidades mencionadas e debe semellar para quen o vexa e o oia que é todo compaixón, todo lealdade, todo integridade e todo relixión. E non hai cousa máis conveniente que aparentar que se practica esta última calidade. Os homes, en xeral, xulgan máis polos ollos que polas mans, porque todos poden ver, pero poucos poden tocar. Todos ven o que se aparenta, pero poucos senten o que se é e eses poucos non ousan contradici-la opinión da



maioría, amparada pola autoridade do principado. Ademais nas accións de tódolos homes, especialmente nas dos príncipes, contra os que non hai tribunal ó que recorrer, aténdese só o resultado. Trate, polo tanto, o príncipe de gañar e conserva-lo poder; entón os medios serán sempre vulgados honrosos e gabados por todos, xa que o vulgo se deixa cativar polas aparencias e polo éxito da acción e no mundo non hai máis ca vulgo e as minorías non contan cando a maioría ten onde apoiarse. Certo príncipe dos nosos días<sup>78</sup>, ó que non é oportuno nomear, non predica máis ca paz e lealdade, mentres que é inimigo acérrimo dunha e doutra; porque de telas observado teríanlle quitado en máis dunha ocasión a reputación ou o estado.

## CAPÍTULO XIX

### **De cómo hai que evita-lo desprezo e o odio**

#### **(De contemptu et odio fugiendo)**

Dado que xa falei sobre as calidades máis importantes das anteriormente mencionadas, quero agora discorrer brevemente acerca das demais, tendo en conta as seguintes xeneralidades: o príncipe debe procurar, como en parte se dixo máis arriba, evitar todo aquilo que o faga odioso ou desprezable. Se así o fai, terá cumprido coa súa obriga de príncipe e os outros defectos non representarán ningún perigo para el. Odioso faino sobre todo, como queda dito, ser ladrón e usurpador dos bens e das mulleres dos seus súbditos. E diso debe absterse, porque a meirande parte dos homes, sempre que non se lles quiten nin os bens nin o honor, viven contentos e só hai que loitar contra a ambición duns poucos, que se frea doadamente de moitos xeitos. Desprezable faino ser considerado voluble, lixeiro, efeminado, pusilánime e irresoluto: un príncipe debe gardarse

<sup>78</sup> Alude a Fernando o Católico, considerado no seu momento como o mellor simulador. Esta alusión podería valer para calquera outro gobernante.

destas chatas coma dun escollo e enxeñarse para que nas súas accións se advirta grandeza de ánimo, valor, firmeza e fortaleza. E no que se refire ós asuntos privados dos seus súbditos ha procurar que as súas sentencias sexan irrevogables, mantendo así o seu prestixio, de maneira que ninguén pense enganalo nin confundilo.

O príncipe que dá de si esta imaxe adquire grande aprecio e contra quen goza de tan boa reputación, dificilmente se conxura; non é doado atacar a alguén ó que se considera excelente e respectado polos seus. En efecto, un príncipe debe ter dous temores: un interior que vén dos seus súbditos e outro exterior, que procede das potencias estranxeiras. Deste último deféndese con bos exércitos e con bos amigos e sempre que teña boas armas terá bos aliados; e estarán sempre seguros os asuntos internos se o están os de fóra, a non ser que se vexan perturbados por algunha conxura. E aínda que os asuntos externos se alboroten, se o príncipe está organizado e procede como digo, de non perde-la cabeza, sosterá calquera ataque, tal como dixen que fixo o espartano Nabis.

Polo que respecta ós súbditos, mentres no exterior non haxa cambios, só hai que temer que conspiren secretamente; do que o príncipe pode gardarse moi ben evitando ser odiado ou desprezado e mantendo o pobo satisfeito con el: lograr isto é necesario, como antes expuxen con moito detalle. Un dos remedios máis eficaces dos que dispón un príncipe contra as conxuras é o de non ser odiado pola maioría, porque o que conspira confía en darlle satisfacción ó pobo coa morte do príncipe. Se, pola contra, cre que con iso o prexudicaría, non ousa tomar semellante partido, xa que logo as dificultades coas que se enfrontarían os conxurados son infinitas. A experiencia ensina que houbo moitas conxuras, pero que poucas tiveron éxito; porque o que conspira non pode facelo só, nin tampouco pode asociarse máis que con aqueles que lle parecen descontentos. E así que se lle descubren as intencións a un descontento, dáselle motivos de

satisfacción, xa que evidentemente, denunciando a quen se confiou a el pode esperar todo tipo de recompensas. Así que, vendo a ganancia segura por esta parte e, pola outra, dubidosa e chea de perigos, ha ser ou ben un amigo excepcional ou ben un inimigo acérrimo do príncipe, para manterse fiel á palabra dada.

En poucas palabras, digo que pola parte do conspirador non hai máis ca medo, receos e temor ó castigo que o acovarda, mentres que da parte do príncipe están a maxestade do principado, as leis, o apoio dos amigos e do estado que o defenden. Se a todo isto se engade a benevolencia popular, é imposible que haxa ninguén tan temerario que conspire, porque se de ordinario o conspirador ten medo antes da execución da conxura, neste caso (tendo o pobo na súa contra) debe continuar temendo incluso despois de ter levado a cabo o delicto, ó non poder espera-la axuda nin a acollida de ninguén.

Sobre isto poderíamos citar infinitos exemplos, pero contetareime con citar só un, acaecido durante a xeración pasada: micer Aníbal Bentivoglio, príncipe de Boloña, avó do actual micer Aníbal, foi asasinado pola familia Canneschi conxurada contra el, non deixando máis descendente ca micer Xoán, entón un neno en panos. Inmediatamente despois do homicidio, o pobo sublevouse e matou a tódolos Canneschi e a causa disto fora o favor popular do que gozaban os Bentivoglio naqueles tempos: era tan grande este amor que, non quedando en Boloña ninguén daquela familia que puidese goberna-lo estado, á morte de Aníbal e informados de que en Florencia vivía —coma fillo dun ferreiro— un descendente natural dos Bentivoglio, os boloñeses foron buscalo e confiáronlle o goberno da cidade ata que micer Xoán tivo idade para gobernar<sup>79</sup>.

<sup>79</sup> Anibal Bentivoglio o Vello foi asasinado no ano 1445 por Bautista Canneschi, quedando soamente en Boloña o fillo Xoán (que segundo narra Maquiavelo nas *Istorie fiorentine*, VI, 10, tiña seis anos). O parente ó que acudiron os boloñeses era fillo de Hércules Bentivoglio, curmán de Anibal.

Conclúo, pois, dicindo que un príncipe non debe preocuparse moito das conxuras cando o pobo estea da súa parte; pero se este é o seu inimigo e o odia, debe temer por todo e a todos. Os estados ben organizados e os príncipes prudentes coidaron diligentemente de non cansa-los señores poderosos e de satisfacelo pobo e telo contento, que este é un dos obxectivos máis importantes que poida ter un príncipe.

Entre os reinos ben organizados e gobernados nos nosos tempos está o de Francia. Hai nel unha infinidade de boas institucións das que dependen a liberdade e a seguridade do rei; delas, a principal é o Parlamento e a súa autoridade<sup>80</sup>. Porque quen estruturou aquel reino, coñecendo por unha parte a ambición e a insolencia dos poderosos, xulgando que era necesario poñerlles un freo que os contivese e, por outra parte, consciente do odio baseado no medo que o pobo sentía pola nobreza, para garanti-la súa seguridade, non quixo que esta fose incumbencia particular do rei, para evitarlle os reproches dos grandes señores se favorecía o pobo ou por parte do pobo, se favorecía os grandes señores. Así que creou un terceiro xuíz que fose quen, sen responsabilidade do rei, castigase os grandes e favorecese as clases inferiores. Esta disposición non puido ser máis atinada nin máis prudente, nin puido garantir mellor a seguridade do rei e do reino. Dela pódese sacar outra lección notable: os príncipes deben deixar a outros as medidas odiosas e reservar para si as de gracia. De novo insisto en que un príncipe debe estima-los nobres, sen facerse odiar polo pobo.

Examinando a vida e a morte dalgúns emperadores romanos, quizais lles pareza a moitos que hai exemplos que contradín

<sup>80</sup> O Parlamento en Francia, que xa se remonta ó século XIII, era o tribunal supremo da monarquía (non unha asemblea representativa). Era a expresión colectiva do rei como xuíz. Maquiavelo advertiu cómo a mediación do Parlamento, formado por expertos en dereito, quitáballe ó rei a responsabilidade ante os poderosos e o pobo. A partir do século XV, algúns dos territorios anexionados ó patrimonio do rei, como Bretaña, Borgoña ou Normandía, obtiveron un propio parlamento, aínda que o de París seguiu sendo o máis importante.

esta opinión miña, porque houbo quen, a pesar de terse comportado sempre de xeito excepcional amosando gran virtude de ánimo, perdeu o imperio ou incluso foi asasinado polos seus súbditos, que conspiraran contra el. Para contestar a estas obxeccións examinarei as calidades dalgúns emperadores, mostrando que as causas da súa ruína non difiren das que xa mencionei. Ademais subliñarei, para quen os lea, os aspectos notables dos feitos de entón. Bástame co exemplo de todos aqueles emperadores que se sucederon desde Marco Aurelio o filósofo ata Maximino<sup>81</sup>, é dicir, Marco, o seu fillo Cómodo, Pertinax, Xián, Severo, o seu fillo Antonino Caracala, Macrino, Heliogábalos, Alexandre e Maximino.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que, mentres nos demais principados soamente hai que loitar contra a ambición dos grandes e contra a insubordinación do pobo, os emperadores romanos enfrontábanse cunha terceira dificultade: ter que soporta-la crueldade e a cobiza dos soldados. Isto era tan difícil que foi a causa da ruína de moitos, porque resultaba case imposible satisfacer á vez os soldados e o pobo. Este amaba a paz e polo tanto os príncipes pacíficos, mentres que os soldados querían un príncipe belicoso, agresivo, cruel, rapaz e que fose contra os pobos, para ter paga dobre e desafoga-la súa cobiza e crueldade.

Isto fixo que aqueles emperadores que, por natureza ou por falta de experiencia política, carecían dunha reputación tal que contivese a uns e a outros, acabasen sempre mal: a meirande parte deles e especialmente os que chegaban ó principado como homes novos, coñecida a dificultade de conciliar estas dúas tendencias tan opostas, inclinábanse por satisfacer-los soldados, importándolles moi pouco agravia-lo pobo. Esta decisión era necesaria porque, os príncipes, na imposibilidade de evitar ser odiados por alguén, debían procurar ante todo non selo pola

<sup>81</sup> É dicir, desde Marco Aurelio o filósofo (121-180) ata Xulio Vero Maximino (173-238).

maioría e, de non poder logralo, debían enxeñarse como fose para evita-lo odio dos grupos máis poderosos. Por iso, os emperadores que sendo novos necesitaban acadar popularidade, achegábonselles máis ós soldados que ó pobo, postura que, sen embargo, resultáballes máis ou menos útil segundo o emperador soubese mante-la súa reputación entre eles.

As razóns enumeradas foron a causa de que Marco Aurelio, Pertinax e Alexandre Severo –todos eles moderados, amantes da xustiza, inimigos da crueldade, humanos e benignos– tivesen excepto o primeiro un triste final; só Marco Aurelio viviu e morreu respectadísimo, porque accedeu ó imperio *iure hereditario*<sup>82</sup> sen debérllelo nin ós soldados nin ó pobo. Dotado, ademais, de moitas virtudes que o facían digno de respecto, mentres viviu sempre mantivo a un e a outro grupo nos seus xustos termos e nunca foi odiado nin despregado. En cambio Pertinax, feito emperador en contra da vontade dos soldados que, acostumados a vivir licenciosamente baixo Cómodo non puideron soportar aquela vida honesta á que Pertinax os quería conducir, granxeou o odio e inclusive o menosprezo pola súa vellez e fracasou nos primeiros momentos do seu reinado<sup>83</sup>.

Neste punto hai que sinalar que o odio se gaña tanto coas boas accións coma coas malas. Por iso, como dixen máis arriba, un príncipe que queira conserva-lo estado vese forzado a miúdo a non ser bo; porque cando aquela colectividade –sexa pobo, soldados ou grandes señores– que un xulgue necesitar para manterse, está corrompida, cómpre non contradicila para satisfacela. Así que as boas obras son danosas. Pero pasemos a Alexandre, que foi tan bondadoso que entre as súas loas está a

<sup>82</sup> Marco Aurelio, fillo adoptivo de Antonino Pio, accedeu ó trono imperial no ano 161 por dereito hereditario. Reinou ata a súa morte nunha expedición contra os marcomanos (Vindobona, Viena, ano 180).

<sup>83</sup> Certamente Publio Elvio Pertinax gobernou pouco tempo: aclamado emperador polos pretorianos o 1 de xaneiro do ano 195, foi asasinado o 28 de marzo do mesmo ano polos seus propios soldados.

de que, nos catorce anos do seu imperio, ningún foi executado sen xuízo previo. Sen embargo, considerado efeminado e home que se deixaba dominar pola nai, granxeou o desprezo de todos e o exército conspirou contra el, matándoo.

Examinando agora en contraposición as calidades de Cómodo, Severo, Antonino Caracala e Maximino, verase que foron extremadamente crueis e rapaces e que, para satisfacer os seus soldados, non se abstiveron de ningunha inxustiza contra o pobo e que todos, excepto Severo, tiveron un triste fin. Severo tivo tal habilidade que, conservando a amizade dos soldados, a pesar de oprimi-lo pobo, puido reinar felizmente. As súas virtudes facían tan admirable ós ollos dos seus soldados e do pobo que este quedaba, en certo modo, atónito e estupefacto, e aqueles reverentes e satisfeitos. Dado que as súas accións foron grandes para ser un príncipe novo, quero mostrar brevemente o ben que soubo toma-la figura do raposo e do león, calidades que un príncipe, como expliquei anteriormente, debe imitar.

Coñecendo Severo a desidia do emperador Xián<sup>84</sup>, persuadiu o exército que estaba baixo o seu mando en Eslavonia, da conveniencia de marchar a Roma para vinga-la morte de Pertinax, asasinado polos soldados pretorianos. Baixo este pretexto e sen mostrar que aspiraba ó Imperio, conduciu o seu exército contra Roma, chegando a Italia antes de que alí se tivese noticia da súa partida. Unha vez en Roma, o Senado atemorizado elixiuno emperador, logo de que Xián fose asasinado. Despois deste comezo, quedábanlle a Severo dous obstáculos que superar para apoderarse de todo o estado: un en Asia, onde Pescenio Nigro, xefe dos exércitos asiáticos, se fixera aclamar emperador<sup>85</sup> e o outro en Occidente, onde se atopaba Albino<sup>86</sup>, que aspiraba tamén ó Imperio. Xulgando perigoso enfrontarse

<sup>84</sup> Marco Didio Xián foi emperador no ano 193, durante 66 días.

<sup>85</sup> Vencido por Sétimo Severo, foi asasinado a finais do ano 193 ou a comezo do 194.

<sup>86</sup> Decio Clodio Septimio Albino, asasinado no ano 197.

ós dous a un tempo, decidiu atacar a Nigro e enganar a Albino: escribiulle a este último dicindo que fora elixido emperador polo Senado e que quería compartir con el aquela dignidade; envioulle o título de César, e por resolución do Senado asociouno ó Imperio. Albino aceptou sen sospeitar, pero unha vez derrotado e asasinado Nigro, calmadas as cousas en Oriente e de volta en Roma, Severo queixouse no Senado de que Albino, pouco agradecido dos beneficios recibidos, intentara matalo a traizón e que por iso se vía na obriga de ir castiga-la súa ingratidade. Seguidamente, foi ó seu encontro en Francia para quitarlle o poder e maila vida.

Así que, quen examine minuciosamente as súas accións verá en Severo un ferocísimo león e un raposo moi arteiro, temido e respectado por todos, ó que as tropas non odiaron. E non é de estrañar que el, home novo, puidese conservar tan vasto imperio, porque a súa grandísima reputación sempre o protexeu daquel odio que os pobos poderían ter concibido contra el, polas súas rapinas. Antonino, o seu fillo<sup>87</sup>, foi tamén un home de excelentes calidades, que o facían admirable ós ollos do pobo e grato ós soldados. Era bo militar, capaz de soportar calquera fatiga; desdeñaba todo alimento delicado e toda forma de molície, polo que era apreciado por tódalas tropas. A pesar disto, a súa ferocidade e a súa crueldade foron tan grandes e tan inauditas (as numerosas matanzas de cidadáns minguaron o pobo de Roma e acabaron con todo o de Alexandría) que se fixo odiosísimo a todo o mundo e mesmo os que estaban ó seu redor empezaron a terlle medo, así que foi asasinado por un centurión en medio do seu propio exército.

Nótese que semellantes mortes, artelladas por resolución dun espírito obstinado, non poden ser evitadas polos príncipes, porque todo aquel que non teme morrer pode asasinalos. Con todo, o príncipe non debe terlles un medo excesivo, dado que é unha

<sup>87</sup> Antonino Caracala (212-217).



posibilidade rara. O príncipe só debe gardarse de non cometer grave inxuria contra ningún dos que están ó seu servicio ou que ten preto de si ó servicio do seu principado. Antonino cometeu este erro, pois matara de forma vergoñosamente inxusta a un irmán daquel centurión e a el mesmo o ameazaba cada día e sen embargo tíñao na súa garda persoal: determinación temeraria que podía custarlle moi cara, como en efecto aconteceu.

Pero pasemos a Cómodo<sup>88</sup>, para este era moi doado conserva-lo imperio por te-lo *iure hereditario*, sendo fillo de Marco. Só tiña que ter seguido as pegadas de seu pai para ter contentos os soldados e o pobo, pero –de ánimo cruel e brutal– para poder exercer-la súa rapacidade sobre o pobo, dedicouse a engaiola-los exércitos e a corrompelos. Por outra parte, menosprezando a súa propia dignidade, baixando a miúdo ós anfiteatros para loitar cos gladiadores e obrando cunha vileza e un carácter indignos da autoridade imperial, fíxose desprezable ós ollos dos soldados. E sendo odiado por uns e desprezado por outros, foi vítima dunha conspiración para asasinalo.

Quédannos por expoñe-las calidades de Maximino. Foi home moi belixerante e, estando os exércitos saciados da molície de Alexandre –do que xa falei máis arriba–, ó morrer este, elixírono emperador. Pero non conservou o imperio moito tempo por dúas razóns que o fixeron odioso e desprezable: unha, a súa ínfima orixe, xa que fora pastor de ovellas en Tracia (feito coñecido e motivo do desprezo xeral), a outra porque, ó comezo do seu principado adiando ir a Roma para tomar posesión da sede imperial, granxeou a fama de cruel, dado que así os seus prefectos tiveron ocasión de exercer toda clase de crueldades, tanto en Roma coma nos restantes lugares do imperio. De xeito que, movido todo o mundo polo desdén a causa da súa baixa orixe e polo odio derivado do temor á súa ferocidade, primeiro se rebelou África, logo o Senado con todo o pobo de Roma e, por

<sup>88</sup> Aurelio Cómodo Antonio, fillo e sucesor de Marco Aurelio (180 - 192).

último, Italia enteira conspirou contra el. A iso sumáronse as súas propias tropas, que, acampadas fronte a Aquileia, atopaban grandes dificultades no asedio; cansadas da súa crueldade e teméndoo menos ó ver que tiña tantos inimigos, decidiron matalo.

Non falarei de Heliogábalos, nin de Macrino<sup>89</sup>, nin de Xián, que, por ser absolutamente desprezables, desapareceron en seguida e concluirei xa esta exposición. Afirmo que os príncipes dos nosos tempos non teñen tanta necesidade de satisfacer-los seus soldados con medios extraordinarios á hora de gobernar, porque, aínda que haxa que ter con eles algunha consideración especial, emporiso todo se resolve rapidamente, dado que ningún destes príncipes ten exércitos que se enraicen no goberno e na administración das provincias, como sucedía coas tropas do Imperio romano. E se entón cumpría máis contenta-los soldados cá poboación, era porque as tropas tiñan máis poder có pobo. Agora, en cambio, tódolos príncipes excepto no reino do Turco e do Sultán<sup>90</sup>, teñen máis necesidade de satisfacer-los pobos cós soldados, porque os primeiros importan máis cós segundos.

Exceptúo o Turco porque sempre ten ó seu redor doce mil soldados de infantaría e quince mil de cabalería, dos que depende a súa seguridade e a forza do seu reino. E é necesario que, por riba de calquera outra consideración, conserve a súa amizade. O mesmo sucede co Sultán, porque estando o seu reino nas mans dos soldados, cómprelle tamén conserva-la súa amizade, sen preocuparse en absoluto do pobo. É importante sinalar que o estado do Sultán é distinto de tódolos demais principados: é

<sup>89</sup> O primeiro é Vario Avito Bassiano, chamado Heliogábalos, famoso polas súas estrañas depravacións, que foi asasinado no 222, cando tiña 18 anos. Macrino morreu no ano 218, tamén asasinado.

<sup>90</sup> Maquiavelo refírese ó control dos mamelucos -soldados escravos de orixe turca que se impuxeron á dinastía árabe que reinaba en Exipto. Controlaban o país coma unha casta militar dirixidos por un sultán desde o ano 1252 ata 1517 en que foron sometidos polo sultán do imperio Turco Selim I (1512-1520).

similar ó pontificado cristián, que non se pode denominar principado hereditario, nin principado novo, porque os herdeiros, que se converten en soberanos non son os fillos do príncipe anterior, senón que son elevados a ese grao polos que teñen autoridade para facelo. E, dado que se trata dunha institución antiga, non se pode considerar coma principado novo: non se dan no devandito estado as dificultades que hai nos novos, porque aínda que o príncipe sexa novo, as institucións son antigas e están dispostas a recibilo coma se fose o seu señor hereditario.

Pero volvamos ó noso tema. Digo que calquera que reflexione sobre o exposto ata agora, verá que a causa da ruína dos emperadores mencionados foi o odio ou o desprezo e coñecerá tamén a razón pola que, obrando unha parte deles dun xeito e outra parte do xeito contrario, en ámbolos dous grupos só un acadou un final feliz e o outro infeliz. A Pertinax e a Alexandre, por ser príncipes novos, foilles inútil e prexudicial imitar a Marco, príncipe *iure hereditario*; como lles resultou fatal a Caracala, a Cómodo e a Maximino imitar a Severo, faltándolle a virtude necesaria para segui-las súas pegadas. Polo tanto, un príncipe novo nun principado novo non pode imita-las accións de Marco, nin tampouco é necesario que siga as de Severo, pero debe tomar de Severo as calidades que sexan necesarias para funda-lo seu estado e de Marco as que son convenientes e gloriosas para conservar un estado xa establecido e seguro.

## CAPÍTULO XX

**Da utilidade ou inutilidade das fortalezas e outras moitas cousas que os príncipes fan decote**

**(An arces et multa alia quae cotidie a principibus fiunt utilia an inutilia sint)**

Algúns príncipes, para manter seguro o seu estado, desarmaron os seus súbditos. Outros mantiveron divididas as terras conquistadas. Algúns fomentaron unha certa oposición contra

si mesmos. Outros dedicáronse a acada-la confianza dos que ó comezo do seu goberno lles resultaran sospeitosos. Algúns construíron fortalezas e outros arruináronas e arrasáronas. E aínda que de todo isto non sexa posible dar un xuízo preciso, sen entrar no exame pormenorizado dos estados nos que se tomara algunha destas determinacións, falarei de todo iso cinguíndome ás consideracións xerais que a materia permite.

Non houbo endexamais un príncipe novo que desarmase os seus súbditos, é máis, cando os atopou desarmados sempre os armou; porque armándoos, aquelas armas fanse do príncipe: os que eran sospeitosos vólvense fieis e os que xa eran fieis seguen a selo e de súbditos convértense en partidarios do príncipe. Como é imposible armar a tódolos súbditos, favorecendo os que se arman, pódese actuar cos outros sen tanto miramento; xa que os armados, ó verse tratados de maneira distinta, séntense acredores do príncipe e os outros descúlpano, porque xulgan necesario que reciban máis recompensa os que soportan maiores perigos e obrigas. Pero se un os desarma, empeza a ofendelos, demostra que desconfía deles por covardía ou por pouca lealdade e ambas sospeitas xeran odio contra el. Pero como non se pode permanecer desarmado, cumpriría recorrer á tropa mercenaria, que obra como dixeran máis arriba, e aínda que fose boa non sería tan numerosa que actuase como defensa contra os inimigos poderosos e, ó mesmo tempo, contra os súbditos sospeitosos.

Por iso, como dixeran, un príncipe novo nun principado novo sempre organizou o seu exército; a Historia abunda destes exemplos. Pero cando un príncipe adquire un estado novo que, coma un membro máis se engade ó que xa posuía, é necesario desarmar ese estado, a excepción dos que foron partidarios do príncipe no momento da conquista; e incluso a aqueles, co tempo e aproveitando a oportunidade, hai que facelos brandos e efeminados, organizándose de xeito que tódalas armas do teu estado estean só nas mans dos teus propios soldados, que xa viviran preto de ti no teu antigo estado.

Os nosos devanceiros, especialmente os considerados sabios, adoitaban dicir que era necesario conservar Pistoia con faccións e Pisa con fortalezas. Por iso fomentaban as discordias en tódalas cidades que tiñan sometidas, para dominalas máis doadamente. Isto, nos tempos en que Italia mantiña un certo equilibrio<sup>91</sup>, seguramente era o correcto; pero non creo que se poida reputar un precepto válido para os nosos tempos, dado que na miña opinión as divisións non son boas para ninguén, senón todo o contrario. É máis, resulta inevitable que as cidades divididas se perdan de seguida, cando o inimigo se achega, porque a parte máis feble unírase sempre ás forzas inimigas e a outra non poderá resistir.

Os venecianos, movidos segundo creo polas razóns expostas, fomentaban as faccións güelfas e xibelinas nas cidades que someteran. E aínda que nunca lles deixasen chegar ó derramamento de sangue, alimentaban as discrepancias entre ámbalas dúas partes, para que eses cidadáns ocupados coas súas propias contendas, non se unisen contra eles. Logo viuse que non lles servira de nada, porque inmediatamente despois da súa derrota en Vailate unha parte daquelas cidades<sup>92</sup> afoutárase e arrebatáralle-lo dominio. Polo tanto, tales procedementos amosan a debilidade do príncipe, xa que logo, nun principado poderoso non se permitirán endexamais tales divisións: unicamente son proveitosas en tempo de paz, cando se pode manexalos súbditos máis doadamente, pero en tempos de guerra, tal procedemento maniféstase en toda a súa falacia.

Sen dúbida, os príncipes medran cando superan as dificultades e os obstáculos que se lles presentan. Por iso, a fortuna sobre todo cando quere enxalzar a un príncipe novo –máis necesitado de prestixio ca un hereditario– créalle inimigos e

<sup>91</sup> Pola súa política de equilibrio, Lourenzo o Magnífico foi chamado *l'ago della bilancia* (o fiel da balanza).

<sup>92</sup> Brexia, Verona, Vicenza e Padua rebeláronse contra a República de Venecia logo da batalla de Vailate.

empúxao a realizar empresas contra estes para que, dese xeito, el teña a oportunidade de superalas e de subir cada vez máis alto, empregando a escaleira que os seus propios inimigos lle ofreceron. Por esta razón, moitos pensan que un príncipe sabio, cando teña a oportunidade, debe granxear con picardía algunha inimizade que, unha vez vencida, lle proporcione maior grandeza.

Os príncipes, sobre todo os novos, atoparon máis fidelidade e proveito nos homes que consideraron sospeitosos ó comezo do seu principado, ca nos que confiaban ó principio. Pandolfo Petrucci<sup>93</sup>, príncipe de Siena, gobernaba o seu estado mellor coa axuda dos que lle foran sospeitosos que coa do resto dos súbditos. Pero sobre isto non se pode xeneralizar, porque varía segundo os casos. Limitareime a dicir que o príncipe sempre poderá gañar con moita facilidade os homes que ó comezo do seu principado fosen os seus inimigos, pois son os que para manterse precisan un apoio e están especialmente forzados a servilo con lealdade, porque son conscientes de que necesitan emendar coas súas obras a mala opinión que se tiña deles. Desta forma o príncipe sácalles a estes máis proveito cós que, servíndoo con demasiada despreocupación, descoidan os seus asuntos.

E dado que o asunto o require, non omitirei recorda-los príncipes que recentemente adquiriron un estado co apoio interno do mesmo, que sopesen ben as razóns que moveron a quen os favoreceu para apoialos. E se non é por un afecto natural cara ó príncipe, senón unicamente polo seu descontento coa situación anterior, con esforzo e grandes pexas poderá contar coa súa amizade, porque é imposible que logre contentalos. E se examina polo miúdo os exemplos sacados da historia antiga e moderna,

<sup>93</sup> Pandolfo Petrucci, señor de Siena entre os anos 1501 e 1512, fíxose co poder logo de mandar mata-lo seu sogro, Nicolás Borghese. Sendo un dos conxurados contra César Borgia, foi o único que conseguiu escapar á vinganza da familia Borgia.

estes amosaranlle que é moito máis doado gaña-la amizade dos homes que estaban conformes co estado anterior e que por iso foron os seus inimigos, cá dos outros que, precisamente polo seu descontento, se puxeron da súa parte e lle axudaron a ocupa-lo estado.

Para conservar con maior seguridade o estado, sempre foi costume dos príncipes edificar fortalezas que fosen brida e freo para os que planificasen enfrontarse a eles e, ó mesmo tempo, fosen refuxio seguro ante un ataque repentino. Eloxio esta medida, utilizada desde a Antigüidade; emporiso nos nosos tempos micer Nicolás Vitelli destruíu dúas fortalezas en Città di Castello para recuperar ese estado<sup>94</sup>. Guido Ubaldo, duque de Urbino, despois de recupera-lo poder que César Borgia lle arrebatara, arrasou tódalas fortalezas das súas terras, porque xulguou que sen elas lle sería máis difícil volver perder aquel estado<sup>95</sup>. A familia Bentivoglio fixo outro tanto en Boloña, ó recobra-lo seu dominio<sup>96</sup>. As fortalezas, xa que logo, son útiles ou inútiles segundo os tempos e, se ás veces son beneficiosas, outras resultan prexudiciais.

Pódese examina-la cuestión desta maneira: o príncipe que lles teme máis ós súbditos cós estranxeiros, debe construír fortalezas; en cambio o que teña máis medo dos forasteiros que do seu pobo, debe prescindir delas. O castelo que Francisco Sforza mandou construír en Milán causou e causará máis danos a esta casa que calquera desorde que poida haber nese estado. Non hai fortaleza maior que non ser odiado polo pobo, porque por

<sup>94</sup> Nicolás Vitelli (pai de Paulo e Vitellozzo, condotieros anteriormente citados), apoderárase de Città di Castello coa axuda da familia Medici, pero foi expulsado no ano 1474 polo papa Sixto IV. Á morte deste, Vitelli recuperou o poder (1482), destruíndo as fortalezas construídas polo Papa.

<sup>95</sup> Guidobaldo de Montefeltro, fillo de Federico de Montefeltro, foi desposuído do ducado por César Borgia no ano 1502, pero recuperouno axiña.

<sup>96</sup> Os Bentivoglio foron expulsados de Boloña por Xulio II no ano 1506 e recuperaron o poder en 1511.

moitas fortalezas que se teñan non haberá salvación se os súbditos gardan odio. Ó pobo, unha vez tomadas as armas, nunca lle faltan estranxeiros que lles presten axuda. Na nosa época non se ve que as fortalezas lle teñan sido de proveito a ningún príncipe, se exceptuámo-la condesa de Forlí cando foi asasinado o seu esposo, o conde Xerome, porque gracias á fortaleza puido escapar da ira do pobo, agarda-la axuda de Milán e recupera-lo estado<sup>97</sup>. Os tempos non estaban daquela como para que un estranxeiro viñese en axuda do pobo, pero logo de pouco lle valeron as fortalezas cando César Borgia a asaltou e o pobo, inimigo seu, se uniu ó invasor. Así que, tanto entón coma na primeira ocasión, teríalle sido mellor non se-lo obxecto do odio por parte do pobo ca posuír fortalezas<sup>98</sup>. Despois de todas estas consideracións, afirmo que será digno de eloxio tanto quen constrúa fortalezas coma quen non as constrúa e censurarei a todo aquel que, fiándose das fortalezas, menosprece o feito de ser odiado polo pobo.

## CAPÍTULO XXI

### **De cómo un príncipe debe obrar para ter prestixio (Quod principem deceat ut egregius habeatur)**

Nada fai estimar tanto a un príncipe como as grandes empresas e dar de si exemplos magnánimos. Nos nosos días temos a Fernando de Aragón, actual rei de España. Case poderíamos chamalle príncipe novo, porque de ser un monarca débil chegou, pola súa fama e gloria, a se-lo primeiro rei da Cristiandade. Se examináde-las súas accións, veredes que todas son grandísimas e algunha mesmo extraordinaria. Ó principio

<sup>97</sup> Catarina Sforza, chamada a Señora de Forlí, era esposa de Xerome Riario, asasinado o 14 de abril do ano 1488 na conxura de Francisco d'Orso.

<sup>98</sup> A principal debilidade de Catarina Sforza radicaba no seu pobo, que a odiaba, como se demostrou cando foi atacada por César Borgia: o pobo rebelouse no Nadal de 1500 e un mes despois rendiase a fortaleza.



do seu reinado asaltou Granada e aquela empresa foi o alicerce do seu estado<sup>99</sup>. En primeiro lugar, levouna a cabo sen atopar obstáculos e sen temor de que alguén llo impedise: distraeu con ela os ánimos dos nobres de Castela que, ocupados na devandita guerra, xa non tiñan tempo para conspiracións; mentres tanto el ía adquirindo fama e poder sobre eles sen que se decatasen. Cos cartos da Igrexa<sup>100</sup> e do pobo puido mante-lo exército; e con aquela longa guerra puido adestra-las súas tropas, que lle deron tanto honor posteriormente. Despois, para poder acometer empresas maiores, servíndose sempre da relixión, recorreu á devota crueldade de despojar e expulsar do seu reino os xudeus, exemplo desprezable e sorprendente. Baixo o mesmo pretexto, atacou África<sup>101</sup>, levou a cabo a empresa de Italia<sup>102</sup> e, ultimamente, atacou Francia<sup>103</sup>. Deste xeito, sempre realizou e urdiu grandes fazañas que mantiveron os ánimos dos seus súbditos constantemente abraizados e perplexos, pendentos do resultado final. E todas estas accións fóronse sucedendo unha a outra de tal maneira que nunca deron lugar a que, no entretmentes, ningún puidese obrar tranquilamente contra el.

Tamén lle favorece a un príncipe dar de si exemplos extraordinarios na súa política interna, coma os que se contan de micer Bernabeu de Milán<sup>104</sup>, de maneira que sempre que haxa alguén que leve a cabo na vida civil algo extraordinario, sexa bo ou

<sup>99</sup> Como sabemos, Isabel de Castela e Fernando de Aragón arrebatáronlles Granada ós musulmáns árabes no ano 1492, logo de loitar dez anos.

<sup>100</sup> Na empresa de Granada, que xustificou coma unha cruzada contra os infieis, obtivo a axuda económica da Igrexa.

<sup>101</sup> No ano 1509 conquistou a costa africana de Orán e Trípoli.

<sup>102</sup> Refírese á guerra contra os franceses para conquistar Nápoles.

<sup>103</sup> Atacou Francia para obte-la Lombardía (1511-1512) e despois Navarra (1512-1515).

<sup>104</sup> No ano 1354, Bernabeu Visconti sucedeu a Xoán Visconti na señoría de Milán, ata que en 1385 o seu sobriño Xan Galeazzo o fixo prisioneiro e o mandou envelenar. Os historiadores salientan del -ademais da súa crueldade e extravagancia- a férrea defensa dunha política centralista: a el débese o primeiro intento de goberno unitario dos Visconti en Lombardía.

malo, débese aproveita-la ocasión para premialo ou castigalo de tal xeito que dea moito que falar. E, por riba de todo, un príncipe debe procurar que tódalas súas accións lle dean sona de home grande cun excelente enxeño.

Así mesmo, un príncipe merece aprecio cando sabe ser un verdadeiro amigo e un verdadeiro inimigo, isto é, cando sen reparo ningún se mostra favorable ou contrario a alguén. Esta resolución sempre será máis útil cá de permanecer neutral, porque cando dous veciños poderosos chegan ás mans, cómpre avaliar se no caso de que venza un dos dous, haberá que teme-lo vencedor ou non. En calquera dos casos, será sempre máis útil tomar partido e intervir abertamente na guerra. Xa que logo, no primeiro caso, cando se permanece neutral, sempre se ha ser vítima do vencedor, con gusto e satisfacción do vencido e non se ha atopar unha xustificación, nin cousa ningunha que sirva de defensa e amparo, porque o que vence non quere amigos dúbidosos que non lle axuden na adversidade e o derrotado tampouco os quere, por non ter tomado as armas arriscándose por el.

Antíoco<sup>105</sup> foi a Grecia chamado polos etolios para expulsalos romanos. El mandoulles embaixadores ós aqueos, aliados dos romanos, exhortándoos a permanecer neutrais, mentres por outra parte os romanos trataban de persuadilos para que loitasen ó seu favor. Discutiuse o asunto na asemblea dos aqueos, na que o enviado de Antíoco tentaba convencelos de que permanecesen neutrais, ó que o legado romano replicou: “*Quod autem isti dicunt non interponendi vos bello, nihil magis alienum rebus vestris est; sine gratia, sine dignitate, praemium victoris eritis*”<sup>106</sup>.

<sup>105</sup> Antiocho III Megas o Grande (223-187 a.C) desembarcou en Grecia e foi derrotado polos romanos no paso das Termópilas no ano 191 a.C. En realidade, os etoliós non lle pediron axuda a Antiocho no 192 a.C., senón que se limitaron a favorecelo, dado que non estaban contentos co proceder dos romanos.

<sup>106</sup> “O que vos din estes, de non intervir na guerra, non pode ser máis contrario ós vosos intereses: sen clemencia e sen dignidade, seréde-lo trofeo do vencedor”. Maquiavelo cita de memoria a Tito Livio (*Ab urbe condita*, XXXV, 48).

Sempre acontecerá que quen non estea vinculado por lazos de amizade busque a neutralidade e quen o estea pida que se loite ó seu carón. Os príncipes irresolutos, para evita-los perigos inmediatos, escollen case sempre a vía da neutralidade e a meirande parte das veces fracasan. Ó contrario, cando o príncipe se manifesta valentemente a favor dunha das partes, se aquel co que se aliou gaña -aínda que sexa moi poderoso e haxa que permanecer baixo a súa mercé- o vencedor estará en débeda co aliado, porque xa estableceu lazos de afecto e os homes non son nunca tan deshonestos como para oprimir con mostras tan grandes de ingratidade. Ademais, as victorias non son nunca tan absolutas como para que o vencedor poida prescindir de todo e especialmente da xustiza. Pero se aquel con quen se alía perde, sempre se atopará nel un refuxio: mentres poida, prestaralle a súa axuda e converterase no compañeiro dunha fortuna que pode rexurdir. No segundo caso, cando os que loitan entre si son de tal calidade que non hai porqué teme-lo vencedor, é aínda máis prudente tomar partido; dado que se está a colaborar na derrota dun dos dous, coa axuda de quen o debería salvar se fose sabio. E vencendo, pois é imposible que con este apoio non venza, queda á mercé de quen o axudou.

Cómpre sinalar que un príncipe, para atacar a outros, debe procurar non aliarse endexamais con un máis poderoso ca el; a non ser, como dixer, que a necesidade o obrigue, dado que vencendo, queda coma o seu prisioneiro e os príncipes deben evitar, cando lles sexa posible, permanecer baixo o arbitrio doutros. Podendo evitalo, os venecianos aliáronse con Francia contra o duque de Milán e o resultado foi a súa propia ruína<sup>107</sup>. No caso de que non sexa posible evitalo (como lles ocorreu ós florentinos, cando o Papa e mais España atacaron cos seus exércitos a

<sup>107</sup> En 1499 a República de Venecia, xunto co rei francés Luís XII, conquistou o ducado de Milán. Ludovico o Mouro non opuxera moita resistencia, pero un ano máis tarde conseguiu recupera-lo goberno coa axuda de mercenarios suízos.

Lombardía<sup>108</sup>), o príncipe debe tomar partido, polas razóns expostas. E que ningún estado espere poder elixir sempre un partido seguro, todo o contrario, que considere que todos serán dubidosos sempre, porque está na orde natural das cousas, que cando se pretende evitar un inconveniente se incorre noutro. A prudencia consiste precisamente en saber coñece-la natureza dos inconvenientes e elixi-lo mal menor.

Un príncipe debe ademais mostrarse amante do talento, acollendo os homes hábiles e honrando os que destacan nalgunha arte. Tamén debe alenta-los seus súbditos a que exerzan pacificamente os seus oficios, sexa no comercio, na agricultura ou en calquera outra actividade humana e que ninguén tema melloras súas posesións por medo a que llas quiten, nin abrir un novo negocio por medo ós impostos. Ó contrario, debe instituír premios para que se desexe facer todo isto ou para incentivar a quen pense, do modo que sexa, mellora-la súa cidade ou o seu estado. Debe, ademais de todo isto, entrete-lo pobo en épocas convenientes ó longo do ano, con festas e espectáculos. E dado que cada cidade está dividida en corporacións ou en barrios, debe ter en conta estas colectividades, reunirse con eles de cando en vez, dar exemplo da súa humanidade e munificencia, tendo sempre asegurada a dignidade do seu rango, porque esta debe quedar sempre ben patente.

## CAPÍTULO XXII

### **Dos secretarios dos príncipes**

#### **(De his quos a secretis principes habent)**

Para un príncipe a elección dos seus secretarios non é cuestión de pouca importancia, xa que logo resultan bos ou malos segundo a prudencia do propio príncipe. E o primeiro xuízo que se forma sobre a intelixencia dun señor baséase nos homes que

<sup>108</sup> Durante a guerra da Liga Santa (arredor de 1511).

ten ó seu redor. Cando estes son capaces e fieis, pódese reputar a este de sabio, porque soubo recoñecelos na súa capacidade e conservalos leais. Pero, sendo doutro xeito, hai sempre motivos para formar un xuízo negativo del, porque o seu primeiro erro cometeuno precisamente nesta escolla. Non había ninguén que, coñecendo a micer Antonio de Venafro, ministro de Pandolfo Petrucci o príncipe de Siena, non xulgase a Pandolfo intelixentísimo por ter este ministro.

Existen tres tipos de intelixencia: unha comprende as cousas por si mesma, outra discirne o que outros comprenden e a terceira non comprende nada por si mesma nin por medio doutros. A primeira é extraordinaria, a segunda excelente e a terceira inútil. Se Pandolfo non pertencía ó primeiro tipo, tiña que pertencer necesariamente ó segundo porque, sempre que alguén é quen de discernir o bo ou malo que outro fai ou di, aínda que de por si careza de inventiva, recoñece as obras boas ou cativas do seu ministro, exaltando unhas e corrixindo outras. Deste xeito o ministro non pode esperar enganalo e ha continuar séndolle fiel.

Hai un método infalible para que un príncipe poida coñecelo seu ministro: cando vexas que o ministro pensa máis en si mesmo que en ti e que en tódalas súas accións persegue o seu propio interese, podes estar seguro de que non será endexamais un bo ministro e que nunca te poderás confiar nel, porque o que ten nas súas mans o goberno doutro non debe nunca pensar en si mesmo, senón no príncipe, nin recordarlle cousa ningunha que non sexa do seu interese. E, por outro lado, o príncipe debe procurar manter fiel o seu ministro honrándoo, enriquecéndoo, vinculándoo a súa persoa, conferíndolle honores e cargos para que vexa que non pode prescindir del e para que, ó mesmo tempo, os moitos honores non lle fagan desexar aínda máis honores, nin as moitas riquezas ambicionar máis riquezas, nin os moitos cargos lle fagan teme-los cambios. Daquela, cando os ministros e os príncipes actúan así, poden confiar uns nos outros; en caso contrario, as cousas acabarán mal para un ou para outro.

## CAPÍTULO XXIII

### **De cómo convén fuxir dos adulares**

#### **(Quomodo adultores sint fugiendi)**

Non quero descoidar un tema importante e un erro do que dificilmente se defenden os príncipes, se non son prudentísimos ou capaces de facer unha boa escolla. Refírome ós adulares dos que as cortes están cheas, porque os homes se compracen tanto no seu e de tal xeito se enganan nisto, que dificilmente se saben defender desta peste e, queréndose defender dela, corren o risco de se facer desprezables. O único modo de defenderse das adulacións é facerlles comprender ós homes que dicindo a verdade non te ofenden –aínda que cando todo o mundo pode dicirte a verdade, entón faltarache ó respecto–.

Polo tanto, un príncipe prudente debe atopar outras maneiras, elixindo no seu estado a homes sabios e outorgándolles só a eles a facultade de dici-la verdade, pero exclusivamente sobre o que el pregunte e non sobre ningunha outra cousa. Debe preguntarlles sobre calquera cuestión, escoita-las súas opinións e logo deliberar por si mesmo, ó seu xeito. Con estes consellos e con cada un dos seus conselleiros, debe comportarse de maneira que todos comprendan que canto máis libremente falen, mellor acollida terán. Fóra deles non se debe escoitar a ninguén, débese procura-lo cumprimento do decidido e manter tenazmente as propias opinións. Quen obra doutro xeito ou ben fracasa a causa dos adulares, ou ben cambia continuamente as súas decisións pola variedade de pareceres, co conseguinte menosprezo de todos.

A propósito disto quero aducir un exemplo moderno. O padre Lucas<sup>109</sup>, conselleiro do actual emperador Maximiliano, falando da súa maxestade dixo que nunca lle pedía consello a ninguén, pero que tampouco facía nada segundo o seu propio

<sup>109</sup> Maquiavelo chegou a coñecer a Lucas Rinaldi –bispo, embaixador e conselleiro do emperador Maximiliano de Austria– no ano 1508 na súa legación ante o emperador.

parecer e isto corresponde a un comportamento contrario ó aconsellable. O emperador é un home reservado, que non lle comunica os seus plans a ninguén, nin pide pareceres, pero dado que ó poñelos en práctica estes se van coñecendo e descubriendo, quen ten arredor empeza a discutirlos e el, que é influenciábel, cambia de opinión. Esta é a razón pola que o que fai un día, queda desfeito ó seguinte e non hai xeito de sabe-lo que quere ou pensa facer e ninguén pode fiarse das súas decisións.

Un príncipe, polo tanto, sempre debe pedir consello, pero cando el queira e non cando queiran os demais. É máis, debe desanimar ós que queiran darlle consellos sobre algo sen que llo teña pedido. Pero, ó mesmo tempo, debe preguntar con moita frecuencia e logo ser un paciente oínte da verdade cando se lle conteste e incluso mostrarse molesto ó saber que alguén, por un certo respecto, non lle contou a verdade. Moitos cren que o príncipe que dá de si a imaxe de ser prudente, é considerado tal non pola súa propia natureza, senón polos bos consellos dos que o rodean. Sen dúbida equivócanse, porque esta é unha regra que non falla nunca: un príncipe que non ten siso por si mesmo nunca pode estar ben aconsellado, excepto que por casualidade teña a sorte de caer nas mans dun único home prudentísimo que o governe todo. Neste caso, podería estar ben aconsellado, pero duraría pouco, porque quen gobernase por el quitaríalle en pouco tempo o estado. E cando se deixa aconsellar por máis dun, o príncipe que non sexa sabio non recibirá nunca consellos coherentes, nin saberá por si mesmo concilialos, porque cada conselleiro pensará no seu propio interese e el non saberá nin corrixilos nin reconece-la súa natureza. E non hai posibilidade de atopar outra clase de conselleiros que non sexa así, porque os homes sempre sairán malos a non ser que a necesidade lles obrigue a ser bos. Por iso hai que concluír que os bos consellos, procedan de onde procedan, deben nacer da prudencia do príncipe e non a prudencia do príncipe dos bos consellos.

## CAPÍTULO XXIV

### **Do motivo polo que os príncipes de Italia perderon os seus estados**

#### **(Cur Italiae principes regnum amiserunt)**

As cuestións expostas ata agora, observadas con prudencia, fan que un príncipe novo pareza antigo e danlle inmediatamente máis seguridade e firmeza no seu estado da que tería se tivese envellecido nel. Porque se examinan moito máis as accións dun príncipe novo cás dun príncipe hereditario e cando estas accións se consideran virtuosas, cativan máis doadamente os homes e obríganos moito máis có sangue antigo. Ós homes intéresanlles moito máis as cousas presentes cás pasadas e cando no presente atopan o ben, gózanos sen preocuparse doutras cuestións. É máis, defenderán o príncipe en todo e por todo, sempre que non falte no demais á súa palabra. Dese xeito a súa gloria será dobre: a de ter creado un principado novo e a de telo abastecido e fortalecido con boas leis, boas tropas e bos exemplos. Polo mesmo que duplicará a súa vergonza aquel que, nacido príncipe, pola pouca prudencia perda o seu estado.

E se observamos atentamente os señores que nos nosos días perderon os seus estados en Italia, como o rei de Nápoles<sup>110</sup>, o duque de Milán<sup>111</sup> e outros, atoparémolles a todos, en primeiro lugar, un defecto común polo que respecta ós exércitos, polas causas que xa examinamos detidamente máis arriba. Pero ademais, veremos tamén que algúns deles ou ben tiñan o pobo por inimigo ou, se o tiñan da súa parte, non souberon protexerse dos poderosos. Porque sen estes fallos non se perden estados cando hai forza como para manter un exército en campaña. Filipe de Macedonia, non o pai de Alexandre senón o que foi vencido por

<sup>110</sup> Refírese a Federico de Aragón, sucesor de Fernando II no ano 1496 e destronado por Fernando o Católico no 1501.

<sup>111</sup> Ludovico o Mouro (vid. capítulo III).



Tito Quincio<sup>112</sup>, en comparación coa grandeza dos gregos e os romanos, tiña un pequeno estado que foi atacado. Non obstante, como era bo militar e ademais sabía manter fiel o pobo e defenderse dos poderosos, puido soste-la guerra contra aqueles durante anos. E aínda que ó final perdeu o dominio dalgunha cidade, conservou o reino.

Polo tanto, estes príncipes nosos que durante moitos anos conservaron os seus principados, agora que os perderon que non acusen á fortuna, senón a súa desidia. Porque, non sospeitando en tempos de paz que podían sobrevivir cambios (defecto común entre os homes é non preve-la tempestade na bonanza), cando chegaron os tempos adversos, só pensaron en fuxir e non en defenderse e esperaron que o pobo, farto da insolencia dos vencedores, os volve-se chamar. Esta alternativa é boa cando non hai outras, pero é malo deixar outras solucións por esta: que non hai que deixarse caer coa esperanza de atopar quen o recolla a un. Isto non adoita suceder e, se sucede, periga a propia seguridade, por ser unha forma de defensa ben covarde que, ademais non dependía dun. Soamente son boas, seguras e duradeiras as defensas que dependen dun mesmo e da propia virtude.

## CAPÍTULO XXV

### **Do poder da fortuna nas cousas humanas e de cómo enfrontarse a ela**

#### **(Quantum fortuna in rebus humanis possit, et quomodo illi sit occurrendum)**

Non descoñezo que moitos creron e cren aínda que as cousas deste mundo son ata tal punto gobernadas pola fortuna e por Deus, que os homes coa súa intelixencia non poden

<sup>112</sup> Filipe V de Macedonia, do que fala tantas veces, vencido polo cónsul romano Tito Quincio Flaminio en Cinoscéfalos no ano 197 a.C.

modificalas, nin sequera remedialas. E por iso poderíase crer que non paga a pena esforzarse demasiado nas cousas, senón máis ben deixarse levar polo destino. Esta opinión estendeuse moito na nosa época, favorecida polos grandes cambios que se viron e se ven cada día, máis aló de calquera humana conxectura. Eu mesmo, pensando niso, ás veces case me inclinei cara a esta opinión xeral.

Ó meu parecer, é certo que a fortuna é árbitro da metade das nosas accións, aínda que tamén é verdade que nos permite goberna-la outra metade, ou case, para que o noso libre albedrío non se extinga. Comparo a fortuna cun destes ríos torrenciais que, cando se enfurecen, inundan as chairas, derriban árbores e edificios, trasfegan o terreo: todo o mundo foxe das súas augas, todos ceden ó seu ímpeto sen poder opoñerlles resistencia ningunha. E aínda que así sexa, isto non impide que os homes, en tempo de bonanza, poidan tomar precaucións con diques ou con marxes, de xeito que en enchentes sucesivas ou ben circularán por unha canle, ou ben o seu ímpeto xa non será tan desenfreado, nin tan perigoso.

O mesmo ocorre coa fortuna, que demostra o seu poder cando non hai unha habilidade preparada para facerlle fronte e así dirixe o seu ímpeto cara a onde sabe que non se fixeron nin marxes nin diques que a poidan conter. Examinando atentamente a situación de Italia, escenario destes cambios impulsados por ela mesma, verase que é unha terra sen diques e sen defensa algunha. Se estivese protexida por unha virtude axeitada –como Alemaña, España ou Francia–, esta riada non tería causado tan grandes trastornos ou tal vez nin se tería producido. E abonde o dito para opoñerse, como regra xeral, ó total arbitrio da fortuna.

Pero, cinguíndome ós casos particulares, digo que é doado ver un príncipe pasar da prosperidade á desgracia de hoxe para mañá, sen que se aprecie ningún cambio na súa natureza ou nas súas calidades. Segundo o meu parecer, depende ante todo das

causas antes mencionadas detalladamente, é dicir, que o príncipe que confía unicamente na súa fortuna, arruínase tan pronto como esta cambia. Creo tamén que prospera quen procede ó compás dos tempos e que fracasa quen non está de acordo con eles.

Vese cómo nas cousas que axudan a acadalo fin que cada un se propuxo, é dicir, gloria e riquezas, os homes proceden de moi distinta maneira: un con miramento e outro con ímpeto, un con violencia e outro con retranca, un con paciencia e outro con impaciencia e todos, mediante tan distintos métodos, poden acadalo seu obxectivo. Vese tamén que de dous prudentes, un obtén o seu propósito e o outro non e que, igualmente, outros dous logran o mesmo éxito con dúas maneiras distintas de proceder, sendo un precavido e o outro impulsivo. Isto depende só da condición dos tempos, se se acomodan ou non ó seu xeito de proceder. De aí nace, como dixer, que dous homes que obran de distinta maneira acaden o mesmo resultado e, en cambio, que doutros dous –facendo o mesmo– un acade o seu propósito e o outro non.

Disto depende tamén a variedade dos resultados, porque se un actúa con precaución e paciencia e estas son acordes co cambio dos tempos e das situacións, o goberno é axeitado e ten éxito. Pero se os tempos cambian e el non cambia de conducta, fracasa. Non existe home tan prudente que saiba adecuarse a esta norma, sexa porque non pode desviarse das súas naturais inclinacións, sexa porque se prosperou avanzando sempre por un mesmo camiño non pode agora convencerse a si mesmo de que lle convén apartarse del. O home cauto, cando chega o momento de obrar con ímpeto, non sabe facelo e fracasa, mentres que se cambiase de natureza de acordo cos tempos e as situacións, non alteraría a súa fortuna.

O papa Xulio II obrou impetuosamente en tódalas súas empresas e atopou os tempos e as cousas tan acordes co seu peculiar xeito de proceder que todo lle saíu ben. Pensemos na

súa primeira empresa de Boloña, cando aínda vivía micer Xoán Bentivoglio. Os venecianos non estaban de acordo con el, o rei de España tampouco, con Francia estaba negociando e, a pesar de todo isto, coa súa peculiar ferocidade e impetuosidade, decidiu levar en persoa a expedición. A súa decisión deixou inmóviles e estupefactos a España e a Venecia: esta última por medo, a primeira polo desexo de recupera-la totalidade do reino de Nápoles<sup>113</sup>. Por outro lado, arrastrou tras de si ó rei de Francia, porque tendo visto o rei que o Papa se puxera en movemento, desexando telo como aliado para somete-los venecianos, considerou que non lle podía nega-lo apoio militar sen ofendelo abertamente. Entón, Xulio II conseguiu coa súa acción impetuosa o que nunca ningún outro pontífice, con toda a humana prudencia, tería conseguido. De ter esperado a saír de Roma cos acordos xa pactados e con tódalas cuestións en orde, como faría calquera outro papa, endexamais o tería logrado, porque o rei de Francia lle alegraría mil desculpas e os demais lle infundirían mil temores. Non quero falar das demais empresas súas, que todas foron parecidas e todas lle saíron ben. A brevidade da súa vida<sup>114</sup> non deu lugar a que experimentase o contrario, que se chegasen tempos nos que fose necesario proceder con precaución, o seu fracaso sería seguro, dado que nunca se desviaría dos procedementos ós que a súa natureza o inclinaba.

Conclúo, pois, que variando a fortuna e empeñándose os homes en non cambiar de conducta, teñen éxito mentres fortuna e conducta están de acordo e, cando non é así, fracasan. Creo firmemente o seguinte: que é mellor ser atrevido que cauteloso, porque a fortuna é muller e, para dominala, é preciso arremeter e bater contra ela. A experiencia demostra que se deixa vencer máis doadamente po-los ousados que por quen actúa con

<sup>113</sup> Alude a Fernando o Católico, que quería recuperar algunhas prazas importantes nas costas da Pulla, concedidas por el mesmo ós venecianos, en pago da axuda destes contra Carlos VIII.

<sup>114</sup> Non foi curta a súa vida senón o pontificado, que durou dez anos (1503-1513).

frialdade. E como muller que é, sempre prefire a xuventude, porque os mozos son menos cautelosos, máis feros e domínana con máis audacia.

## CAPÍTULO XXVI

### **Exhortación a que alguén se poña á fronte de Italia, a libere e a vingue dos bárbaros**

#### **(Exhortatio ad capessendam Italiam in libertatemque a barbaris vindicandam)**

Logo de reflexionar sobre todo o dito e preguntándome se actualmente en Italia corren tempos que permitan a un príncipe novo acadar-la gloria e se hai materia que dea a un home prudente e virtuoso a oportunidade de introducir unha orde que o honre a el e beneficie a tódolos homes que viven nela, chego á conclusión de que son tantos os factores que concorren en favor dun príncipe novo, que non penso que haxa endexamais un tempo máis axeitado ca este. E se, como xa dixen, era necesario para aprecia-la virtude de Moisés que o pobo de Israel fose escravizado por Exipto e para coñece-la grandeza de ánimo de Ciro que os persas fosen oprimidos polos medas e para a excelencia de Teseo que os atenienses estivesen dispersos, do mesmo xeito agora, para poder coñece-la virtude dun espírito italiano, era necesario que Italia se vise reducida á súa actual situación –máis escrava cós hebreos, máis sometida cós persas, máis dispersa cós atenienses sen guía, sen orde, vencida, despoxada, lacerada, invadida–, padecendo toda clase de calamidades.

E a pesar de que ata agora se albiscou en alguén certo indicio que permitía pensar que fora enviado por Deus para a súa redención, viuse tamén cómo no momento culminante das súas accións, foi reprobado pola fortuna<sup>115</sup>. De xeito que,

<sup>115</sup> Parece claro que se trata de César Borgia, que Maquiavelo eleva a exemplo idóneo.

desfalecida, Italia espera ver quen poderá cura-las súas feridas, quen poñerá fin ós saqueos da Lombardía, ás extorsións do Reino e da Toscana e sandará as súas chagas gangrenadas polo tempo. Véxase cómo roga a Deus que lle envíe alguén que a redima destas crueldades e aldraxes bárbaras. Tamén se ve resolta e disposta a seguir unha bandeira, con tal de que haxa quen a enarbore.

No momento presente non hai ninguén mellor no que ela poida deposita-las súas esperanzas cá vosa ilustre casa<sup>116</sup>, que coa súa fortuna e virtude, favorecida por Deus e pola Igrexa –da que agora é príncipe– poida poñerse á cabeza desta redención. Isto non será moi difícil se tedes presentes as accións e a vida dos personaxes antes mencionados. E aínda que estes homes fosen excepcionais e extraordinarios, ó fin e ó cabo, eran homes e ningún deles tivo oportunidades tan favorables como a presente: a súa empresa non foi máis xusta ca esta, nin máis doada, nin Deus lle foi máis propicio que a vós. Isto é ben certo: “*ius-tum enim est bellum quibus necessarium, et pia arma ubi nulla nisi armis spes est*”<sup>117</sup>. As circunstancias son agora moi favorables e onde hai tan boa disposición non pode haber demasiadas dificultades, sempre que a vosa casa siga o exemplo dos que vos propuxen como modelo. Ademais de todo isto hai sinais extraordinarios sen precedentes, dispostos por Deus: abriuse o mar, unha nube mostróuvo-lo camiño, da roca manou auga, choveu maná. Todo concorre para a vosa grandeza. O resto debe ser obra vosa, pois Deus non quere facelo todo para non arrebatárvolo libre albedrío e parte daquela gloria que vos corresponde.

Non é de estrañar se algún dos italianos xa mencionados non puido facer aquilo que esperamos leve a cabo a vosa ilustre casa. E se en tantas revolucións e en tantas guerras como leva

<sup>116</sup> A familia Medici parecía ter consolidado definitivamente o seu poder coa recente chegada ó papado dun dos seus membros, León X (1513).

<sup>117</sup> A cita, transcrita de memoria, corresponde a Tito Livio (*Ab urbe condita*, IX,1): “Xusta é a guerra para quen a necesita e piadosas as armas cando son a única esperanza”.

sufrido Italia, sempre pareceu que o valor militar se extinguía, a causa é que a súa antiga organización militar non era boa e non houbo ninguén capaz de atopar outra nova. E nada comporta tanta fama a un príncipe novo coma as novas leis e as novas formas de organización por el promulgadas; cando estas están ben fundadas e posúen grandeza, fano digno de consideración e admiración. En Italia non falta materia á que dar forma: hai aquí moita virtude nos membros, aínda que falta na cabeza. Mirade nos duelos e nos torneos entre poucos cómo son superiores os italianos en forza, en destreza e en enxeño. En cambio, cando se trata de exércitos enteiros, fracasan. Todo se debe á debilidade dos xefes, porque os que saben non son obedecidos e todos cren saber sen que, polo de agora, houbese un que destacase por riba dos demais en virtude ou en fortuna, obrigando o resto a ceder. De aí que, durante tanto tempo, en tantas guerras emprendidas nos últimos vinte anos, cada vez que houbo un exército enteiramente italiano, sempre se fixo mal papel. Temos testemuño diso primeiro en Taro<sup>118</sup>, despois en Alexandría<sup>119</sup>, Capua<sup>120</sup>, Xénova<sup>121</sup>, Vailate<sup>122</sup>, Boloña<sup>123</sup> e Mestre<sup>124</sup>.

Polo tanto, se a vosa ilustre casa quere emular aqueles homes insignes que redimiron as súas terras, é necesario ante todo, como verdadeiro fundamento de calquera empresa,

<sup>118</sup> Alude a Fornovo al Taro (1495), onde Carlos VIII conseguiu derrota-lo exército da Liga italiana, con moitas dificultades.

<sup>119</sup> A caída de Alexandría durante o paso de Luís XII de Francia no ano 1499.

<sup>120</sup> Capua foi conquistada e saqueada polos franceses o 24 de xullo de 1501.

<sup>121</sup> Xénova constituíra un goberno popular antifrancés en 1506, pero ó ano seguinte volveu estar baixo o dominio destes.

<sup>122</sup> Na batalla de Vailate (tamén denominada de Ghiradadda ou de Añadelo, tantas veces mencionada por Maquiavelo na obra) os venecianos foron vencidos polos franceses (1509).

<sup>123</sup> Boloña rendeuse ós franceses no mes de maio de 1511.

<sup>124</sup> Mestre foi ocupada moi doadamente polo capitán español Raimundo de Córdoba no ano 1513.

proverse de exércitos propios, que non pode haber soldados máis fieis, nin máis auténticos nin mellores cós propios. E se cada un deles é bo, todos xuntos serano máis cando se vexan mandados polo seu príncipe, honrados e estimados por el. É, xa que logo, indispensable organizar un exército así para poder, coa virtude itálica, defenderse dos estranxeiros.

E aínda que as infanterías suíza e española se consideren temibles, ámbalas dúas teñen un punto débil, polo que unha terceira forma de organización militar podería non só facerlles fronte, senón confiar en derrotalas. Os españois non poderán resisti-lo embate da cabalería e os suízos temerán a infantería cando loiten con soldados tan obstinados coma eles. Así se ten comprobado e comprobarase por experiencia, que os españois non poden resisti-lo asalto da cabalería francesa e os suízos sucumben ante a infantería española. E aínda que disto último non se teña unha experiencia completa, tivemos unha mostra na batalla de Ravena<sup>125</sup>, cando a infantería española se enfrontou ós batallóns alemáns, que gardan a mesma orde de combate cós suízos. Os españois, coa axilidade do seu corpo e coa axuda dos seus escudos, introducíanse por debaixo das longas picas dos alemáns e estaban seguros de podelos atacar sen que eles fosen quen de defenderse; e de non ter sido atacados pola cabalería, teríanos aniquilados a todos. Coñecido, pois, o fallo de ámbalas dúas infanterías, é posible organizar unha nova que resista a cabalería e que non teña medo da infantería; cousa que se consegue coa calidade dos soldados e cambiando a disposición das tropas. Estas innovacións forman parte das cuestións que dan sona e grandeza a un príncipe novo.

Cómpre non deixar pasar esta oportunidade para que Italia, despois de tanto tempo, atope o seu redentor. Non podó expresar con qué amor o recibirían tódalas provincias que padeceron estes aluviós estranxeiros, con qué sede de vinganza, con qué

<sup>125</sup> En abril de 1512.



firme lealdade, con qué devoción, con cuántas bágoas. ¿Que portas se lle pecharían? ¿Que pobos lle negarían a obediencia? ¿Que envexa se lle oporía? ¿Que italiano lle negaría a súa homenaxe? A todos lles fede esta bárbara dominación. Tome, xa que logo, a vosa ilustre casa esta tarefa co ímpeto e coa esperanza coa que se acometen as empresas xustas, para que baixo o seu estandarte esta patria se ennobreza, e baixo os seus auspicios se fagan realidade as verbas de Petrarca:

Virtú contro a furore  
prenderà l'arme; e fia el combatter corto,  
ché l'antico valore  
nell'italici cor non è ancor morto.<sup>126</sup>

<sup>126</sup> Son os versos finais da canción de Petrarca *Ai Signori d'Italia*. O gran poeta, dirixíndose ós señores de Italia, dilles: "Virtude contra o furor tomarán as armas; e será curto o combate, porque o antigo valor dos corazóns italianos aínda non morreu".



ta opia  
cia. **v** De  
iquitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

